

## sociedade

O Día do Veciño cumprirá a súa XX edición e contará co seu tradicional partido de fútbol. **Pax. 5**

## entrevista

A voceira de Ciudadanos, Olga Louzao, fala da súa visión política de Lugo. **Pax. 8-9**

## cultura

Presentada a terceira edición do festival de arte urbano Culturban. **Pax. 13**

## infraestruturas

O Miño contará na Tolda cunha zona de baño pública este verán. **Pax. 15**

## deportes

Falamos con Ana Valín López, secretaria do Tríatlon Cidade de Lugo Fluvial. **Pax. 29**

# As conexións de Lugo

As comunicacións da cidade co resto de Galicia e do Estado a través dos distintos medios de transporte seguen a ser insuficientes



## Novas peonalizacións en Lugo

Comezan os traballos na rúa Rafael de Vega e rematan os da praza da Mosqueira.


**Pax. 17**

## Aprobación do Plan Único en abril

A Deputación acorda urxirle á Xunta que asuma o custo da acometida ás torres de telefonía.

**Pax. 22**

## Festival FaCela Fest




A cita coa música independente xa está consolidada no calendario. **Pax. 12**

## Arde Lvcvs Cultural



Cine, rutas, xogos, degustacións e obradoiros conforman o programa **Pax. 14**

## 1.700 anos de antigüidade



Lugo recuperará e porá en valor a cloaca romana do Carme. **Pax. 16**

## Volve a Copa Deputación de fútbol

Dará comezo o 17 de maio e participarán 76 equipos das diferentes categorías.

**Pax. 28**

**VA VEIGUELA ABOGADOS**

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

1ª CONSULTA GRATUITA  
Llámanos: 982 228 606

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados veiguela abogados

## A FONDO

# Como chegar e saír de Lugo

Son moitas as valoracións negativas da conexión da cidade co resto de Galicia e do Estado por falta de transportes e infraestruturas

A cidade de Lugo, gran destino turístico, cun valor patrimonial moi importante e de gran relevancia a nivel internacional, é un dos núcleos urbanos máis abandonados da comunidade galega en canto a conexións e accesos se refire. Na actualidade, o máis sinxelo é chegar á cidade a través dun vehículo propio e, aínda así, poucas son as autovías directas que conectan con ela.

Fai pouco tempo limitáronse as conexións ferroviarias e reducíronse o número de frecuencias en autobús. Ademais, o aeroporto máis próximo é o da Coruña, a 102 quilómetros, unha hora e cinco minutos pola ruta máis corta. Isto dificulta que as persoas interesadas na cidade poidan achegarse á mesma sen un vehículo propio.

Durante o ano 2021 houbo un descenso xeral de usuarios turísticos que acudiron á Oficina de Turismo nun 38% no ano 2021 con respecto ao ano 2019 (último ano pre-pandemia). O descenso é moi acusado no caso dos turistas que viaxan organizados en grupos (no 2019 representaban o 30% sobre o total de turistas, mentres que no 2021 caeron ao 7%). Atendendo aos lugares de procedencia, no último ano do que se teñen datos completos (2021), obsérvase como o turismo nacional foise recuperando e aumentando paulatinamente, non ocorrendo o mesmo cos estranxeiros.

O turismo que se produce en Lugo é sobre todo de proximidade (estatais e países estranxeiros próximos). No 2021 acolléronse a 25.500 turistas aproximadamente. Ampla maioría de turistas estatais, que representan aproximadamente o 90% sobre o total. Durante este período destaca a presenza de turistas galegos (15% sobre 4000 persoas), sobre todo das provincias de A Coruña e Pontevedra. 75% do resto de Comunidades (preto de 21.000 persoas).

Por comunidades autónomas, as que máis visitan Lugo son por esta orde: Galicia, Madrid (gran diferenza sobre o resto), Cataluña, País Vasco, Castela e León, Andalucía e Asturias (comunidades máis poboadas e tamén as próximas a Galicia).

Por países destacan Francia e Portugal. Outras nacionalidades europeas que tradicionalmente nos visitaban como Alemaña, Reino Unido ou Italia aínda non se recuperaron. Turistas procedentes de países de América foron moi escasos en 2021.

A maioría dos viaxeiros estaban en Lugo de paso, durante unhas horas, como parte dunha ruta para coñecer



A esquerda, unha vista da estación de tren e, á dereita, o tramo actual da autovía de Lugo a Santiago e o proxecto da intermodal, que está sen empezar



outros lugares de Galicia, sen ser o punto turístico principal da visita. Estes datos reflicten que Lugo é un destino turístico elixido por aquelas persoas que están a viaxar en coche xa que o seu acceso mediante outros medios de transporte é algo complicado.

As conexións non só afectan aos viaxeiros de fóra de Galicia, senón que os veciños galegos tamén se ven prexudicados por esta falta de infraestruturas e servizos. Habitualmente, a mellor opción para moverse entre as cidades galegas é o autobús, aínda que o percorrido en autocar pode chegar a incrementar en dúas horas o mesmo traxecto en coche.

### CONEXIÓNS CON GALICIA

O traxecto Santiago de Compostela-Lugo é o que máis variedade horaria ten, habendo servizo directo e con paradas. A viaxe no autobús que non realiza paradas ten unha duración de 1 hora e media mentres que o que fai as paradas (ata en 55 puntos) tarda 2 horas. O prezo de ambas liñas é de 9,10 euros.

Tamén é posible realizar este mesmo traxecto en tren, o prezo do billete pode variar dende os 10 euros ata os case 18. Ademais, non existe unha liña directa dende a capital galega ata Lugo, por iso, entre transbordos e rutas, o tempo medio deste perco-

rrido é de máis de 3 horas.

Pola contra, a viaxe Santiago-Lugo en coche viuse reducido en tempo grazas a apertura doutro tramo na autovía A-54. Na actualidade, o traxecto por estrada ten unha distancia de 103 km que se percorren en 1 hora 19 minutos.

Para viaxar de Coruña a Lugo tamén se recomenda a utilización de autobús. Existe variedade nos horarios aínda que, a maior parte das rutas son por estrada convencional polo que, a duración do traxecto sole ser de dúas horas. Nas liñas directas este redúcese a 1 hora e 25 minutos. O prezo para todas as frecuencias é de 8,60 euros. Este mesmo traxecto nun vehículo propio redúcese a 1 hora e 7 minutos pagando peaxe ou 1 hora e 12 minutos sen eles.

Por outra banda, o traxecto en tren tamén supón case o dobre de tempo que en coche. Sendo a ruta máis curta de 1 hora 51 minutos. Ademais, as frecuencias horarias redúcense a dúas no día.

Esta conexión ferroviaria xa foi posta a proba polo BNG de Lugo cando o portavoz do partido Rubén Arroxó, acompañado por cargos do grupo político da comarca, realizaron unha viaxe en ferrocarril desde Lugo á Coruña para amosar o tempo que require este traxecto. Os integrantes do BNG subiron ao primeiro tren que une as cidades de Lugo e a Coruña, que ás 8:25 e cuxa duración prevista era dunha hora e 47 minutos. O

ferrocarril estivo parado máis de 30 minutos na estación de Curtis, debido a unha incidencia producida por un tren de mercadorías que realizaba o traxecto contrario, o que fixo que o percorrido dende Curtis ata a Coruña se tivese que realizar en autobús. O bus chegou á estación da Coruña ás 11:02, con 50 minutos de atraso sobre a hora prevista, e elevando o tempo total da viaxe a 2:35 horas.

A comunicación entre Ourense e Lugo é a única que é mellor por vía férrea, o traxecto dura pouco máis de hora e media e pódese facer por 9,40 euros. En autobús, tárdase un pouco máis e o prezo é un pouco inferior chegando aos 8,60 euros. Probablemente, esta é a cidade máis competente en canto á duración do traxecto dos medios de transporte en comparación ao mesmo en vehículo propio, xa que en coche o traxecto faise nunha hora e 27 minutos, obtendo un resultado similar á utilización dos medios de transporte. O problema segue a ser a frecuencia e a variedade de horarios.

Os viaxeiros que queiran chegar á cidade amurallada dende Pontevedra poderán facelo en autobús nun traxecto que dura 2 horas e media e ten un prezo de 14,65 euros, media hora máis que en vehículo propio. Dende Vigo o traxecto en coche a Lugo é de 187 quilómetros podendo chegar en 2 horas e 13 minutos con peaxe. A viaxe en autobús aumenta

a duración nunha hora sendo o tempo mínimo de 3 horas 15 minutos. O prezo é de 16,65 euros.

Dende esta zona de Galicia non existe unha relación directa coa cidade de Lugo, para poder facer Vigo/Pontevedra – Lugo en tren, os interesados deberían chegar primeiro a Coruña ou Ourense e facer transbordo ata Lugo chegando a ter un custe de case 30 euros e unha duración de 4 horas.

A escaseza de conexións en medios de transporte públicos, supón que os interesados en chegar a Lugo teñan que optar polas estradas habendo grandes deficiencias nas mesmas debido á falta de accesos desde diferentes puntos de Galicia.

### CONEXIÓNS COA MESETA

Coa chegada do AVE a Ourense, abríase un camiño de luz nos lucenses, podendo acortar o traxecto dende a cidade amurallada ata a capital de España. Unha ilusión truncada polas recentes obras que Adif está levando a cabo na liña de ferrocarril que interrompe os trens entre Lugo e Monforte. Isto supón que os viaxeiros en vez de coller o tren en Lugo collan un autobús fletado por Renfe que os deixa na Intermodal de Ourense despois dunha hora e corenta minutos de viaxe por estrada. Alí, pasan outra hora e media ata a conexión en tren con Madrid, que dependendo a hora será un AVE

ou un Alvia. Moitos son os viaxeiros que afirman que o traxecto dende Madrid ata Galicia é un suspiro que se fai pesado ao cruzar as fronteiras galegas, onde as conexións e infraestruturas impiden que os tempos nos traxectos sexan competitivos e desta época.

En coche o traxecto Lugo-Madrid é de 4 horas 51 minutos sen parar. Tan só 10 minutos máis que o traxecto máis curto en tren facendo os transbordos de medio de transporte necesarios. Mentres que en autobús o traxecto ten unha duración de 6 horas.

O traxecto dende Lugo ata outras cidades máis importantes de España, Barcelona, pode facerse en coche nun período de tempo de 9 horas e 35 minutos, mentres que no autobús aumenta a 13 horas ou 14, dependendo da liña. En tren, a viaxe complica e pode ser de 9 horas e media tendo en conta que a primeira parte da viaxe sería Lugo-Madrid coa alteración actual polas obras xa mencionadas.

Isto suscitou a creación da Plataforma Lugo non perdas o tren que está formada por diferentes colectivos sociais, veciñais, institucionais e organizacións sectoriais que reclaman que a provincia quede conectada cunha rede de alta velocidade. Solicitan redes adecuadas que comuniquen a cidade con Madrid, Barcelona, Irún e Tui en horarios e prezos adecuados. Ademais, tamén loitan para que Lugo non quede sen a Intermodal, unha estación moderna, interactiva e que favoreza e facilite os transbordos suplindo as deficiencias existentes na actualidade en Lugo. Afirmando que a cidade debería ter unha comunicación ferroviaria con todas as capitais galegas, modernas e adecuadas.

Ademais dunhas autovías que conecten Lugo co resto do territorio galego e español, demándase na zona unha estación que facilite facer transbordos cómodos e accesibles, coma noutras cidades de Galicia como Santiago, Ourense ou



Concentración en demanda dun servizo de tren en condicións para Lugo e, á dereita, unha imaxe da actual estación de autobuses de Lugo



Vigo.

Na actualidade a Intermodal de Lugo é unha estación en proxecto á que ADIF destinará 5 millóns de euros.

### AUTOVÍAS

As autovías, son unha materia pendente en Lugo. Na actualidade, parece impensable que aínda queden provincias lindeiras sen conectar mediante unha vía de altas capacidades como pode ser a autovía. Este é o caso de Lugo e Ourense, dúas provincias limítrofes que evidencia o atraso en infraestruturas que ten a provincia de Lugo. Ademais, Lugo tampouco ten unha autovía que a conecte con Pontevedra.

A falta de infraestruturas deste tipo fai que os condutores teñan que empregar as estradas nacionais, que a veces presentan un estado lamentable de conservación, como a N-540 que suscitou unha recollida de firmas entre os veciños de Guntín, Taboada e Chantada para o arranxo desta calzada, chegando a queixa ao Valedor do Pobo e a mesma ao Defensor do Pobo de España. Isto se ve reflectido nun maior emprego de rutas alternativas que facilitan unha viaxe máis cómoda como o corredor

de Monforte para ir de Ourense a Lugo e viceversa.

A construción da A-56 suporía a conexión por autovía entre Lugo e Ourense e permitiría crear un corredor europeo rápido e sen peaxes. O trazado desta autovía iniciárase nun enlace coa A-54 nun punto próximo a Guntín, continuaría polos núcleos de Taboada, Chantada, A Barrela, Cambeo e Ourense, sendo o seu percorrido de 62 quilómetros e reducindo a distancia entre Ourense e Lugo a 86 quilómetros, en comparación aos 94 en mal estado da N-540. Este proxecto debería ser considerado como unha actuación que impulsa e incentiva o desenvolvemento económico. Supoñendo un maior potencial a través dun corredor de transporte polo interior de Galicia, que suporía un beneficio local, intercomunitario e transeuropeo.

Outro gran tema a debater é a autovía entre Santiago e Lugo xa que a cidade amurallada é a única cidade de Galicia que non ten unha conexión directa por estrada coa capital da comunidade autónoma. A A-54 inaugurou o seu primeiro tramo Santiago de Compostela-Lavacolla no ano 1999 e, na actualidade, máis de 20 anos despois, aínda ten

dous tramos sen rematar. A finalización desta vía de altas capacidades permitiría realizar o traxecto dende a cidade de Lugo ata a de Santiago en tan só 50 minutos, en contra posición da case hora e media actual. A paralización das obras durante os últimos anos atrasou, de momento, a súa finalización ata o ano 2024 aínda que se prevé que o tramo Palas de Rei-Melide se inaugure no ano 2023.

Cando se adjudicaron as obras dos tramos que quedan sen rematar Palas-Melide e Melide-Arzúa contemplábase que estivera lista en 2022. Sen embargo, unha modificación do trazado para poder cumprir os requisitos ambientais e diversos problemas, dificultaron a execución das obras.

Isto non so prexudica ao turismo, recentemente citado, senón tamén ao transporte de mercadorías e aos veciños galegos que viaxan por traballo ou ocio.

A falta de autovías e o mal estado das estradas tamén supón unha dificultade para aquelas persoas de fóra que mostran interese en visitar Lugo xa que non existe unha conexión sinxela e cómoda dende os aeroportos ata a cidade amurallada.

### AEROPORTOS GALEGOS

O aeroporto máis próximo á cidade de Lugo é o de Alvedro, na Coruña, grazas á autovía que conecta Lugo coa cidade herculina este traxecto pode realizarse en tan só 1 hora e 5 minutos sendo o máis accesible, 2 minutos máis tárdase en chegar ao Rosalía de Castro en Santiago de Compostela, o problema está na comodidade da ruta, xa que ata o aeroporto da Coruña é case todo o viaxe por autovía mentres que ata o de Santiago é por estrada nacional. Sen dúbida, o peor conectado é o aeroporto de Vigo ao que se tarda 2 horas e 6 minutos pagando peaxe.

### INTERMODAL DE LUGO

A Intermodal de Lugo é a nova estación coa que contará a cidade á que ADIF destinou 5 millóns dos seus orzamentos para a construción deste novo emprazamento. Esta planifica manter nun mesmo espazo a estación de tren e a de autobuses facilitando os transbordos, aportando maior comodidade aos viaxeiros e modernizando os servizos.



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874  
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito



**LOCALMENTE LUCENSE, ORGULLO DE BARRIO.** A tenente de alcaldesa e edil de Desenvolvemento Local, Ana Abelleira, entregou algúns dos 200 primeiros premios da estratexia municipal Localmente Lucense, orgullo de barrio, aos veciños e veciñas que realizaron as súas compras ou consumiron nos establecementos de proximidade da cidade durante a campaña lanzada para impulsar as rebaixas de inverno e que se inscribiron na web da estratexia.

## 30 veciños serán parte do programa de intervención familiar 'Achegándonos'

Unha nova iniciativa da área de Xuventude pretende avanzar na integración e na inclusión social dende o eido da prevención das adiccións na mocidade.

Deste xeito nace o programa de intervención familiar Achegándonos, organizado polo Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias do Concello de Lugo, ao abeiro do programa +Xti e cofinanciado ao 70% polo Ministerio de Sanidade a través do Plan Nacional de Drogas.

O día escollido para levalo a cabo son os domingos, buscando unha xornada na que, en principio, todos os membros poderían dispoñer de máis tempo libre e en todas

as sesións, as familias contarán coa axuda de expertos a nivel de asesoría na prevención e na educación das e dos seus fillos, para o que se aproveitarán os coñecementos do resto de integrantes do grupo sempre dende o respecto ante a diversidade e as diferenzas.

Sobre esta base, os encontros permitirán afondar noutros valores básicos para a prevención de condutas aditivas como o respecto e a responsabilidade, buscando outras maneiras alternativas de ocio.

O calendario de actividades previstas será un domingo de cada mes. Iniciouse no mes de marzo e prolongarase ata xullo en diferentes localizacións da cidade.

## O Concello intégrase en Raogal, que atende o alumnado vulnerable

Lugo vén de integrarse na rede Raogal de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia para poder actuar, ao abeiro do Plan Recupera, na atención ao alumnado máis vulnerable.

A rede – configurada por 32 centros experimentais como Unidade de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (UACO), dos que forman parte en Lugo o Instituto Leiras Pulpeiro, e os CEIP Luis Pimentel e Paradai – convidou á Administración local a traballar

man a man con eles co obxectivo de prestar unha asistencia máis completa ao estudiantado menos favorecido.

“Son casos que exceden a perspectiva estritamente e educativa e cómpre abordar dende outros ámbitos como a seguridade cidadá ou a sanitaria e mesmo nos que, dende o Concello podemos facilitar apoio e medios para garantir que todos os nenos e nenas teñan as mesmas oportunidades”, explicou a concelleira de Benestar,

Olga López Racamonde.

A edil participou nunha xuntanza na que estiveron presentes todos os axentes implicados que coordinarán esforzos na mellora da atención aos menores e ás súas familias.

Convidouse á Policía Local, Policía Nacional, Xerencia do HULA e Traballadoras Sociais do Hospital, así como ás xefaturas territoriais de Educación e Política Social para tomar contacto con esta unidade e ir dando pasos no seu cometido.

## José Romay, nomeado socio de honra a título póstumo de Lugo Monumental

Lugo Monumental perdeu a un dos seus máis activos e constantes colaboradores. José Romay, Pepe do Tosar, faleceu o sábado 12 de marzo e desde a Asociación queren renderlle unha sincera e sentida homenaxe nomeándoo socio de honra a título póstumo.

Tamén se premiará a Amparo do Río, que rexenta a Confeitearía Conde por toda unha vida dedicada á hostería e á Sucursal como comercio singular, un recoñecemento creado o pasado ano 2021.

Trátase de profesionais cunha traxectoria indiscutiblemente consolidada e que colaboraron

notablemente no mundo da hostalería e do comercio do centro histórico, con establecementos, tanto no caso da Conde como da Sucursal, que dan personalidade ao barrio de todos os lucenses.

### O MILAGRE DE SAN VICENTE.

A entrega dos premios farase, como é habitual, o día 29 de xullo, en que este ano se pretende recuperar o Milagre de San Vicente tras confirmar VILIGA (Viños e Licores Galegos) a súa colaboración un ano máis. Loxicamente estarase a expensas dos correspondentes permisos e, por suposto, da situación sanitaria.

## Lugo dedicará un espazo público ao profesorado

Lugo brindará unha homenaxe ao profesorado e ao seu labor docente. Este recoñecemento se plasmará nun espazo público da cidade dedicado a este colectivo e ao ensino, para evitar que a sociedade se esqueza a importante aportación da docencia ao desenvolvemento integral das persoas e ao progreso social.

A rexedora adquiriu este compromiso co sindicato de docentes do ensino público ANPE Lugo, con cuxa presidenta Mercedes Martínez mantivo unha reunión e que lle trasladou esta petición.

Con este recoñecemento porase en valor o traballo desenvolvido polos profesores nunha tarefa tan fundamental como a educación. Xa que forman, ensinan e transmiten coñecementos e valores desde a infancia.

**Medinformática**  
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO  
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

[www.medinformatica.es](http://www.medinformatica.es)

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

**SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES**

# “Promedisa é un negocio familiar que leva 35 anos funcionando”

**Pablo Díaz Feiras é o técnico ortopédico á fronte de Promedisa**

## A que se dedica a súa empresa?

Á venda de material médico e ortopédico tanto a nivel particular, ao público xeral como a centros hospitalarios e sanitarios, privados e públicos. Lugo é unha cidade pequena polo que hai que abarcar distintos puntos para que sexa rendible.

## Canto tempo levan funcionando?

Levamos 35 anos.

## Como xurdiu a idea?

É un negocio familiar, montouno meu pai que era sanitario co fin de deixar un legado laboral aos seus fillos que non queríamos estudar.

## Que tipo de servizos ou produtos prestan?

Un pouco de todo temos dende andadores, camas, cadeiras de rodas, grúas, etc. Cando un cliente quere un produto que non temos dispoñible intentamos buscalo ou ofrecerlle algunha solución similar. En canto a material médico un pouco o mesmo, intentamos dar un servizo e opción ao cliente. Non nos ceñimos a uns produtos concretos, intentamos abarcar o máximo posible para poder ofrecer o mellor servizo.

## Cales son os produtos e servizos máis demandados?

Agora coa chegada da primavera e o bo tempo estamos a vender máis andadores e cadeiras de rodas xa que a xente está a saír máis a rúa a pasear, tomar o aire, etc. Non hai un produto estrela, vai por épocas.

## Cambiou o traballo nestes últimos tempos por mor da pandemia?

A verdade é que nas máscaras e os xeles hidroalcolicos foi no que máis se notou o cambio, antes vendíamos as máscaras aos profesionais e agora hai máis tipos, e máis demanda, incrementouse notablemente o volume.



Pablo Feiras no interior da clínica e, abaixo, a entrada ao centro

## Que zona cobren?

A venta física límitase á provincia de Lugo. En canto á web, enviamos a toda a península e recentemente teremos envíos ás Illas Baleares.

## Cales son as últimas novidades do sector?

A verdade é que o sector mantívose estancado por mor da pandemia. Non houbo convencións, feiras nin visitas de comerciais. Máis que novidades houbo modificacións técnicas dalgúns produtos.

## Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?

Tal e como está todo o obxectivo é

manter o volume de negocio que temos. Se puideramos aumentar algo sería perfecto pero vendo a situación con manernos como ata de agora chéganos. Primeiro a pandemia, logo a guerra, a subida dos prezos, todo inflúe.

## Existe moita competencia no sector?

Tendas de ortopedia hai bastantes en Lugo para a poboación que hai na cidade. No ámbito online tamén existe moita competencia.

## A que hospitais prestades servizo?

Principalmente cubrimos hospitais de Galicia.

# Fin dos procesos xudiciais para o ex-alcalde Orozco

O ex Alcalde de Lugo, José López Orozco, sostivo que “despois de case 11 anos xa rematou a longa noite de pedra”, tralo arquivo de todas e cada unha das causas xudiciais ás que se tivo que enfrontar. “Neste momento podo sentarme diante de vostedes e dicir o que tantas veces proclamei no salón de plenos do Concello de Lugo, son inocente. E esa inocencia é a que me dá a forza e folgos para presentarme diante dos medios de comunicación é dicir que mereceu a pena chegar ata aquí, confiar nesa forza que sempre sentín, e que esa longa noite de pedra está finalizada. A xuíza está en Ponferrada e eu estou libre de toda culpa, aquí nesta cidade de Lugo, á que tanto quero e a que tanto respecto”, asegurou. López Orozco lembrou na súa intervención que todo partiu “dunha denuncia falsa, de alguén que afirmaba que non tiña probas, e a partir de aí se me imputa e se me impide acceder ao sumario para saber de que se me acusaba”. O socialista remarcou que a pesar dos diferentes informes policiais e xudiciais sobre o seu patri-

monio desmentían os argumentos da xuíza, ou dos distintos escritos da Fiscalía, “ela non facía caso, nada lle importaba, non lle valían incluso as sentenzas, como a da Fábrica da Luz, que deixaba claro que todo estaba dentro da lei. Ela tiña claro que había que seguir investigando a ver se aparecía algo”.

“Poderán comprobar e comprender cal foi o meu calvario e o da miña familia, e hoxe todo iso está acabado e terminado. Tiven que marchar da política por algo que me gustaría que nunca máis volviera a suceder. Non sei canto daría da miña vida para que fora o último caso da política polo que alguén ten que abandonala porque foi vulgado polos seus adversarios políticos”. E proseguíu coa súa argumentación asegurando que “temos que aprender, e temos que respectar o artigo 24 da Constitución e o artigo 11 da Declaración dos Dereitos Humanos: todos somos inocentes ata que se demostre o contrario. Porque o contrario só o poden demostrar os xuíces, nun xuízo xusto”.



**30 ANIVERSARIO.** O 1 de abril tivo lugar a cea do 30 aniversario da Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do barrio da Milagrosa de Lugo ao que acudiron a deputada de réxime interior, promoción do territorio e turismo, Pilar García Porto, o deputado de promoción económica e social, Pablo Rivera Capón e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez.

## CURSOS

**PRÓXIMOS COMEZOS EN MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN:**

**Cursos**

- 🇪🇺 NUTRICIÓN E DIETÉTICA
- 🇪🇺 ECOTURISMO
- 🇪🇺 BIG DATA
- 🇪🇺 MANIPULADOR DE ALIMENTOS
- 🇪🇺 XESTIÓN LOXÍSTICA

¡E MOITOS MÁIS!

Sollicita información en:  
[formacion@estudiosrafer.es](mailto:formacion@estudiosrafer.es)  
 982 22 26 49

## ¡ACOLLE AOS NÓSOS ALUMNOS EN PRÁCTICAS CON 700 EUROS AO MES!

SE TES UNHA EMPRESA E QUERES CONTAR CON ALUMNOS EN PRÁCTICAS NON LABORAIS... OS NÓSOS ALUMNOS E ALUMNAS CONTAN CUNHA AXUDA DE 700€ AO MES.

INSCRÍBETE EN

<https://empleojuvenlugo.es/>  
 OU CHAMANDO AO 627 281 418

O programa “Reiniciate Enfoca o teu futuro” ofrece a todas as empresas a oportunidade de acoller a alumnos en prácticas non laborais altamente preparados e con ganas de traballar.

Contan con formación técnica tutorizados por docentes calificados.

Ademais de contar coa axuda dun alumno en prácticas, as empresas recibirán unha axuda económica de 700 euros ao mes.

Se tes un negocio e estás interesado neste proxecto, inscíbete en [www.empleojuvenlugo.es](http://www.empleojuvenlugo.es) como empresa e poñerémonos en contacto contigo.

emploejuvenlugo.es  
 T982 260 204 / M627281418  
[empleojuvenlugo@eol.es](mailto:empleojuvenlugo@eol.es)

emploejuvenlugo.es

emploejuvenlugo.es

## Os centros sociais recuperan os bailes da terceira idade

O Concello anunciou a recuperación dos bailes nos centros sociais logo do paréntese que a chegada da covid-19 supuxo para este tipo de actividades.

O anuncio fíxoo, a alcaldesa lucense, Lara Méndez durante a visita que, acompañada da edil responsable de área, Olga López Racamonde, fixeron ao centro de convivencia Díaz Castro para compartir cos seus usuarios e usuarias as distintas actividades de animación sociocultural que se levan a cabo no mesmo. Concretamente mantiveron un encontro cos e coas participantes no curso sobre o uso de teléfonos móbiles.

Isto supón unha superación á crise sanitaria, que xa se ve máis próxima a tan ansiada normalidade, permitindo recuperar as xuntanzas e volver as rutinas que resultan tan importantes na

terceira idade para evitar o illamento social do colectivo, logo de dous anos nos que os confinamentos e a obrigada prudencia incidiron directamente sobre a súa vulnerabilidade.

Os bailes – nos que se manterán medidas de seguridade, entre elas, o uso obrigatorio da máscara – se celebrarán, precisamente no centro Díaz Castro e no Maruja Mallo, en horario de 16.30 a 20.00 horas, todos os sábados e domingos. E se retomarán no da Milagrosa unha vez finalicen as obras de mellora que se están acometendo nas dependencias e que actualmente, debido a eses traballos, manteñen restrinxido o seu horario de apertura ás tardes de luns a venres (de 16.30 a 20.00 horas).

Este encontro aproveitouse tamén para anunciar que a maioría dos centros volverán abrir as fines de semana polas tardes.

## Comeza a actividade dos hortos escolares no CEIP das Gándaras

O tenente alcalde, Rubén Arroxó e o concelleiro de educación, Felipe Rivas, visitaron o colexio das Gándaras onde tiveron lugar as primeiras actividades dentro do programa de hortos escolares nos centros de ensino públicos para as e os estudantes de sexto de infantil. Visitaron as instalacións do centro xunto con representantes da Tradescola, que colabora co Goberno de Lugo na elaboración das actividades.

Os centros contarán con 7 sesións de 50 minutos, que se realizarán entre os meses de febreiro e maio. As sesións combinarán actividades no horto e nas aulas, combinando distintas metodoloxías pedagóxicas para acadar os distintos obxectivos do proxecto, como poden ser ampliar o coñecemento das nenas e nenos sobre os diferentes cultivos, así como o aproveitamento dos mesmos, fomentar compor-



Pequenos no colexio das Gándaras

tamentos responsables e comprometidos no coidado da natureza ou comprender e interiorizar os procesos de sementar e plantar, así como o desenvolvemento posterior das plantas e os coidados

necesarios para o seu desenvolvemento óptimo. As actividades rematarán coa colleita dos cultivos, compartindo o recollido polo grupo, para logo poder consumilo cada un, na súa casa.

## O PP reclama a axilización do trámite das tarxetas cidadás

A concelleira do Grupo Popular SAGRARIO SÁNCHEZ reclama que se axilice a tramitación das tarxetas cidadás que levan sen expedirse por falta de stock e que segundo afirmaron poderían volverse a expedirse no vindeiro mes. Mentres non se solucione este problema dende o PP recomendarán a todos os lucenses que se fagan a tarxeta do transporte público de Galicia, coa que tamén se pode viaxar no transporte urbano lucense.

Esta tarxeta, que expide a Xunta, presenta unhas vantaxes semellantes á tarxeta cidadá do Concello de Lugo. É unha tarxeta- moedeiro que non ten carácter persoal, polo que

poderá ser utilizada indistintamente por calquera persoa e con ela tamén é posible pagar a viaxe de varias persoas que viaxen xuntas.

Dende o PP lamentan que “dende mediados de decembro ningún cidadán pode ter unha nova tarxeta, xa que nin se emiten novas tarxetas, nin se substitúen as que se rouban ou extravían nin tampouco se poden cambiar as que funcionan incorrectamente. A realidade é que o único que se pode facer é renovar as tarxetas bonificadas xa existentes e que os cidadáns entreguen a documentación coa que solicitan a tarxeta para cando haxa existencias”.

## A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas convoca as primeiras bolsas

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas, formada en outubro de 2021, fixo pública a primeira convocatoria de dúas bolsas para estudos de posgrao que poderán ser cursados entre 2022 e 2023 en territorio nacional ou no estranxeiro, en escolas de recoñecido prestixio e no ámbito agroalimentario ou forestal. Cada bolsa terá unha dotación máxima de 40.000 euros que poderán destinarse a matrícula e

estancia e cuxo importe definitivo dependerá do lugar e centro no que se realicen os estudos. Para poder optar a algunha das bolsas, os solicitantes deberán ter un título universitario, ter vinculación con Galicia e poderán ser estudantes recentemente licenciados ou profesionais que xa estean a traballar na actualidade. O prazo de presentación de solicitudes xa está aberto e finalizará o 6 de maio.

## Ciudadanos quiere impulsar a convivencia interxeracional

A voceira municipal de Ciudadanos, Olga Louzao, propón a posta en marcha un programa municipal de convivencia interxeracional en colaboración coa USC. “Persoas maiores poñen a disposición os seus cuartos libres para estudantes universitarios. O obxectivo é crear lazos entre dúas xeracións. Deste modo, os maiores están acompañados certas horas do día, polo que se evita o seu illamento social e tamén é unha excelente solución para os estudantes que buscan atopar un aloxamento dentro das súas posibilidades”, dixo Louzao.

**PROMEDISA** SUMINISTROS MÉDICOS

COMPRAS ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE  
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD







tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

COMPRAS ON LINE [www.promedisa.com](http://www.promedisa.com)

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715  
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374



Por Lugo:

**VAI  
EN  
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)



**#activandolugo**



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e  
Infraestruturas

# “Lugo necesita que a administración local sexa consciente da valía que ten”

María Olga Louzao Aldariz, nada en Lugo, é unha política galega voceira de Ciudadanos en Lugo

## Como describiría Lugo?

É unha cidade marabillosa cunha calidade de vida fantástica pero que precisa que a administración local sexa consciente da valía que ten como cidade. Isto é o que botamos de menos dende Ciudadanos. Creemos que hai moito que facer, que se precisan proxectos que axuden a mellorar a cidade e dean resposta ás necesidades e non a fines propagandísticos que supoñen un custe importante para as arcas municipais e non dan solución aos problemas que nos atopamos tódolos días. Dende Ciudadanos sempre defendemos que é necesario ter un plan de rehabilitación urbana, que as vivendas e barrios da cidade estean en boas condicións, etc. Podemos ver como ano tras ano eses intereses quedan agochados e non se dedica nin un só euro a este tipo de propostas.

## E o seu goberno? Como cualificaría o bipartito?

O bipartito municipal é unha absoluta decepción. En primeiro lugar porque simplemente están preocupados por ver quen anuncia ou fai a proposta máis vistosa baseada en anuncios e non en dar solucións aos problemas reais. Por parte do Partido Socialista, algo que xa coñecíamos, porque ao final levábase catro anos dende a oposición, nun mandato no que non se fixo absolutamente nada e cre que agora pode suplir ese non facer nada con anuncios que non se levan a cabo. Un exemplo disto vivímoloo o outro día cando se anunciou o leira parking can-



do aínda non se ten aprobado o PXOM é dicir, vender fume.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego unha absoluta decepción, eles estiveron catro anos na oposición sendo moi reivindicativos con moitos temas e agora cando teñen a oportunidade de levar eses cambios adiante non os queren facer. Un exemplo sería o tema de remunicipación da grúa, eles mesmos foron os que levaron esa proposta enriba da mesa, foi apoiada por tódolos grupos, pedíamos que se emitira ese expediente co estudo administrativo necesario e, ao final, eles levan dous anos e medio no concello e non foron capaces de iniciar o expediente e renovar o contrato.

## Cales considera que son as debilidades do goberno actual?

Que eles non se levan ben. Creo que ser un goberno de coalición conleva un diálogo constante, é dicir, aínda que sexan dous partidos teñen que ter un proxecto de cidade común e deben dialogar sobre o mesmo. O que non pode ser é que cada un tire para o seu lado e que a súa maior preocupación sexa o rédito electoral propio, desta forma os que sofren este bigoberno son os cidadáns que quedan ancorados e sen solucións porque non son prioritarios para eles e non lle dan rédito político.

## Cales son as potencialidades da cidade?

Dende Ciudadanos sempre defendemos que a maior potencia que ten Lugo agora mesmo é o turismo e que esta, non é unha prioridade para o goberno. Xa non o foi para Lara Méndez no anterior mandato e non o está a ser para Maite Ferreiro como concelleira de turismo neste. O ano pasado crían que defender e promover o turismo era levar anuncios de teitopan a Fitur e neste ano creen que cunha estatua de Km 100 tamén se potencia o turismo. Non existe unha estratexia clara e continuada. Sobre todo porque Lugo ten moitas posibilidades a nivel industrial que tampouco están sendo explotadas. Nós levamos desde o mandato anterior moitas propostas como os créditos reembolsables e cremos que iso ten que ser unha punta de lanza para a cidade porque ao final estamos perdendo poboación. Lugo ten que medrar como cidade con

oportunidades laborais, permitindo que os nosos mozos e mozas podan desenvolver o seu proxecto vital aquí.

Sen esquecerse da necesidade que ten a parte rural da cidade. Somos un concello con 54 parroquias cun potencial do campo moi elevado e non podemos esquecer nas propostas de goberno. Esta é unha forma de desenvolvemento económico polo que non nos podemos permitir que sigan pechando explotacións agrarias, que non se poda obter desenvolvemento das propias porque non se dan licencias en tempo e forma. As licencias do rural levan atascadas moitísimos meses e agora comprobamos de primeira man canto de necesario é.

**“Unha das maiores carencias de Lugo é a falta de oportunidades. Somos unha cidade que non medra, onde os mozos e mozas teñen que marchar”**

## Cal sería a folla de ruta de Ciudadanos en Lugo se estivera no poder?

Absolutamente contraria ao que se está a facer agora. Nós sempre o dixemos como era a nosa forma de entender e facer política. Nós non entendemos que unha cor-

poración con catro grupos non teña un diálogo e consenso sobre os temas importantes da cidade. Non se sentaron cos grupos para falar dos orzamentos, da fiscalidade municipal, etc. Isto fai que se tomen decisións erradas.

Un exemplo disto foi o autobús urbano no que non escoitaron as propostas da oposición nin as dos cidadáns. Creemos que hai que ter claro cales son as prioridades nas que hai que traballar e dedicar recursos. O que non se pode facer é basear a política municipal en anuncios ou mega proxectos que non resolven as necesidades. Como as caldas do río ou o edificio verde, son proxectos que non se sabe canto van custar. Ademais, non hai un control de gasto público, isto vai unido á falta absoluta de transparencia. Somos un Concello que gasta moito máis do que ingresa porque non hai un exame claro sobre o que se quere primar polo que se levan a cabo proxectos que custan moitos cartos e non dan rendibilidade nin social, nin económica. É unha administración que priva aos cidadáns da información. Nós estamos reivindicando esta situación incluso acudindo á Valedora do Pobo para que, non só nos permitan acceder a nós á información como grupo da oposición, senón tamén aos cidadáns.

## Cales son as maiores carencias da cidade?

Unha das maiores carencias é a falta de oportunidades. Somos unha cidade que non medra, onde os mozos e mozas teñen que marchar porque non existen oportunidades. Temos que falar dunha cidade sostible que de resposta á realidade, non serve facer un carril bici se non se potencia o uso da bicicleta, se non hai aparcadoiros ou bicicletas públicas para alugar. Hai que poñer recursos en todos os barrios da cidade co fin de que sexan atractivos para fixar a residencia. O barrio Feijoo, Milagrosa, Residencia están abandonados e non están no punto de mira.

## Como está a traballar Ciudadanos para solventalas?

Nós o que nos permite facer este goberno é propoñer, propoñer e propoñer. Estamos moi contentos porque neste mandato están desempoando propostas que Ciudadanos presentou no goberno anterior, como si foran súas. Algúns exemplos de isto son o plan de reinserción económica, a estratexia Lugo Transforma que nós presentamos no 2016... Creemos que ese é o traballo que temos que facer. Ser esa oposición útil pero ao mesmo tempo crítica. Polo tanto, pleno tras pleno seguimos facendo propostas en positivo que recoñecen e aproban. Unha oposición a pé de rúa, que coñece as necesidades da cidade e quere moitísimo a súa cidade.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO  
**MÁSMÓV!L**  
NEGOCIOS

**VALIREY LUGO S.L.**  
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**





Olga Louzao, nunha acción dos colectivos con discapacidade e, á dereita, nunha sesión plenaria e portando o lazo violeta en favor dos dereitos da muller

**Fai pouco recorreu á Valedora do Pobo debido á dificultade que teñen para ver os expedientes dos contratos de lixo e dos aparcadoiros subterráneos. Como está a avanzar este tema?**

Nós presentamos o requirimento á Valedora do Pobo, ela fixo un primeiro requirimento ao Goberno Municipal para esixir as explicacións pertinentes de por que non nos permiten acceder a esa información e, por que non está colgada toda a información que lles obriga a lei no portal de transparencia. A Valedora do Pobo cada vez que fai un requirimento ou cada vez que ten resposta comunicao ás partes interesadas, a día de hoxe aínda non nos comunicou nada, polo tanto, entendemos que o Goberno municipal non contestou. Creo recordar que na anterior ocasión cando pedi-

mos a publicación dos contratos menores, a Valedora do Pobo tivo que facer tres requirimentos para que o Goberno municipal os fixera públicos.

**En que están a traballar na actualidade?**

Agora temos pleno municipal a semana que ven e presentaremos dúas propostas, unha relacionada con servizos sociais e outra relacionada co deseño da cidade. Tamén estamos a traballar en propostas de infraestruturas que presentaremos en breves porque cremos que hai que darlle outra visión a ese bigoberno municipal de como se pode traballar para mellorar a cidade.

**Último logro acadado na cidade de Lugo nos últimos tempos?**

O maior logro que ten a cidade

son os cidadáns, son os que marcan o ritmo ao goberno. Podémoslo xustificar coas modificacións do autobús urbano xa que foron as queixas dos veciños os que fixeron recuar ao goberno. Tamén o fixeron co tema da ocupación cando fai uns meses o goberno negaba a existencia desta problemática e, agora, participa en manifestacións. O maior logro é a labor que fan os cidadáns para marcar a folla de ruta ao goberno.

**Cal foi a súa maior decepción política?**

A maior decepción política é a falta de comunicación. Creo que isto é fundamental para tomar as mellores decisións, porque creo que 50 ollos ven mellor que 10 e, para min, é unha continua decepción atoparse cun muro de contención. Isto leva a que non se leven boas

decisións. Eu como lucense quero que se chegue a consensos que melloren a vida dos veciños e da cidade. Que non se tiren os cartos e que se den solucións aos problemas reais.

**“Lugo é unha cidade que che permite vivir ben, a calidade de vida é moi boa”**

**Que é o que máis disfruta da cidade?**

O que máis disfruto é o tempo libre que teño. Eu estiven vivindo fóra e decidín que a miña vida quería fixala en Lugo porque é a cidade na que me criei e crecín. Lugo foi a cidade que me levou

a meterme na política co único obxectivo de que sexa unha cidade de oportunidades. Teño os meus espazos favoritos que agora disfruto máis co meu neno. Ademais, poder ir a traballar andando é un luxo, ao igual que as zonas verdes que hai que coidar entre todos para poder desfrutalas e poñelas en valor.

**Como convencería a alguén de que viñera a vivir a Lugo?**

Lugo é unha cidade que che permite vivir ben, a calidade de vida é moi boa. Ao final cando fixamos a nosa residencia buscamos compatibilizar a labor profesional e persoal e Lugo permite esta premisa dunha forma doada. Diríalle que aquí vai ter calidade de vida e que vai ter persoas no Concello preocupadas por mellorar a cidade cada día.

**Ousá**  
Panadería | Pastelería | Cafetería

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126

**FLORISTERÍA ROSE FLOR**

Te lo diría con un beso,  
te lo diría con una canción...  
pero mejor te lo digo con una flor,  
porque así te lo digo de corazón.  
**¡FELIZ DÍA MAMÁ!**

San Pedro, 173. Bajo - Lugo  
982 223 504  
680 453 401  
ros3-flor@hotmail.com

# “Queremos mellorar a calidade de vida das persoas con TEA ou TCS”

Ana García é psicóloga de Raiolas, unha asociación de pais e nais de persoas con Trastorno do Espectro Autista ou Trastornos da Comunicación Social

## En que ano xorde a Asociación?

A Asociación constitúese na cidade de Lugo o 29 de abril do ano 2000. Ata o ano 2002, ante a falta de servizos na provincia de Lugo, as familias víanse obrigadas a desprazarse fóra dela. Desde o momento no que se crea a Asociación, o obxectivo principal foi poñer en marcha o servizo de apoio especializado na provincia, para persoas con TEA, hoxe convertido nun servizo psicopedagóxico e de logopedia.

## Que actividades realiza?

A Asociación Raiolas leva a cabo unha intervención integral, non só se centra na persoa con TEA senón tamén en toda a súa contorna. En base a isto, realizamos actividades dirixidas mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e as súas familias.

## Que finalidade ten? Cales son os seus obxectivos principais?

A finalidade da Asociación é mellorar a calidade de vida e a rede de servizos para as persoas con TEA ou TCS e as súas familias, procurando a plena integración familiar e social.

## Que mitos e crenzas falsas ten a xente sobre o autismo?

Os mitos máis frecuentes que existen sobre o TEA e que contra os que traballamos no día a día para acabar con eles, incidindo que é preciso coñecer ás persoas para poder entendelas son que o autismo é unha enfermidade, que as persoas con TEA non se comunican, que son agresivas. As persoas con TEA non son agresivas, que os TEA levan asociada unha discapacidade intelectual, que prefiren permanecer illadas e evitar o contacto cos demais.

## Que ten que facer unha persoa con autismo para beneficiarse dos servizos?

Somos unha entidade especializada na intervención no TEA /ou TCS. Polo que para formar parte da entidade, a persoa ten que ter diagnóstico de Trastorno do Espectro do Autismo e facerse socio/a se é maior de idade. No caso dos menores de idade, os seus pais ou titores legais son os que se farán socios/as.

## Como afecta este trastorno á vida cotiá dos lucenses? Cales son as maiores dificultades que atopan no seu día a día?

As persoas con TEA atopan diferentes barreiras na contorna que dificultan a súa inclusión no seu día a día. Como por exemplo o descoñecemento das características propias do trastorno, non contan

con oportunidades de ocio real inclusivo e adaptado as súas características; dende o punto de vista da accesibilidade cognitiva sería preciso que existiran máis contornas comprensibles e utilizables para as persoas con TEA mediante a sinalización con pictogramas, espazos amigables nos que se reduza a intensidade do ruído, etc.

## Cantos socios sodes na actualidade (enfermos e voluntarios)?

62 familias e 65 persoas con TEA.

## Que motiva aos voluntarios a colaborar?

Participar nunha experiencia altruísta e solidaria, na que acontece un enriquecemento mutuo entre o

Somos unha entidade referente no TEA na provincia de Lugo. Moita xente ponse en contacto a través doutros profesionais, outras entidades, centros educativos, ou persoas que nos coñocen, ben porque son parte da entidade ou coñecen a alguén que o é. A vía de contacto coa entidade e moi variada. Moita xente acude a nos remitida por outros profesionais e outras persoas que están na entidade.

## Cal é o maior logro ou recordo da asociación?

O maior logro da Asociación é a evolución e crecemento continuo para dar resposta as necesidades das persoas con TEA e as súas familias. Conseguímos unificar os nosos servizos nun local único, implanta-



voluntariado e as persoas con TEA ou TCS.

## Como afectou a COVID-19 aos pacientes?

Durante o confinamento, algunha persoas con TEA ao non ter unha rutina e unha estrutura, máis a incerteza e a menor actividade física, fixo que a irritabilidade e ansiedade incrementábase notablemente. Nalgúns casos, nos que existen hipersensibilidades a volta ao exterior xerou a exposición a estímulos que perderan o costume e que lles xerou máis ansiedade: o ruído dos coches, o ruído das persoas, os cheiros, as cores...

O illamento social durante a pandemia ocasionou nalgúns casos que habilidades sociais previamete adquiridas se viran afectadas.

## Que beneficios ten formar parte desta Asociación?

Formar parte dunha entidade que presta un apoio e unha atención integral de calidade, adaptada e flexible ás necesidades que presentan as persoas con TEA e ás súas familias ao longo da súa vida.

## De que forma chegan a máis xente, como se dan a coñecer ou como chega a vós as persoas interesadas?

mos o Servizo de avaliación e diagnóstico e proximamente abrirase o primeiro centro de día terapéutico para persoas con TEA da provincia de Lugo. Sen dúbida, estes son uns

## FINALIDADE DE RAIOLAS

- A sensibilización da sociedade e dos profesionais do campo educativo, sanitario e social, sobre a dimensión e impacto socio-familiar das persoas con TEA e/ou TCS.
- Facilitar o acceso das familias á rede social, á información, a orientación e o asesoramento de todos os aspectos relacionados co trastorno.
- Promover recursos que favorezan a autonomía persoal e funcional da persoa con TEA e a súa familia.
- Apoiar e axudar ás familias.
- Facilitar o encontro e intercambio de experiencias entre as familias.
- Difundir a necesidade dun diagnóstico preciso para unha mellor intervención.
- Que as familias se sintan parte da Asociación, que a fagan súa.



dos maiores logros.

## Cales son as maiores necesidades da Asociación?

Ser unha entidade capaz de responder con eficacia ás necesidades cambiantes das persoas con TEA e/ou TCS e das súas familias. As necesidades de Raiolas son as das persoas con TEA e as súas familias.

## Que maneiras existen de colaborar coa Asociación?

Calquera persoa que queira colaborar pode facerse socia da Asociación. Se se trata de persoas con TEA ou TCS maiores de idade, pais/nais ou titores legais de persoas con TEA ou TCS serían socios numerarios e calquera outra persoa, socios colaboradores.

## Últimas actividades realizadas?

O 26 de marzo tivemos una charla sobre A sexualidade no TEA, dentro do Programa Escola de Familias. Tamén secundamos a campaña de Autismo Europa e Autismo España para a celebración do Día Mundial de Concienciación do Autismo que se celebrou o pasado sábado, 2 de abril, baixo o lema Este ano, Autismo España y Autismo Europa propoñen o lema Un feliz viaxe por la vida. Con dita mensaxe tratamos de trasladar á cidadanía o dereito das persoas con TEA e ás súas familias a vivir unha vida feliz.

Durante as semanas previas a este día realizamos diferentes activida-

des coas persoas usuarias da Asociación : representacións gráficas, testemuñas etc.do que supón para cada persoa “ Un feliz viaxe por la vida”. O resultado expoñeráse no local da entidade e compartiráse en redes sociais. Tamén o venres, día 1 de abril, realizamos unha actividade no Museo Provincial de Lugo participando no proxecto “Ti en min , eu en ti”.

O sábado, 2 de abril, Día Mundial de Concienciación do Autismo pola mañá realizamos unha andaina solidaria pola muralla de Lugo. Posteriormente, no salón de actos da Deputación Provincial de Lugo contamos coa actuación do Mago Rafa e rematouse o acto coa lectura do manifesto. O obxectivo e dar visibilidade ás persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, as súas familias e promovela empatía cara o colectivo.

Asemade, tamén nos sumamos a iniciativa internacional: Light it up blue (iniciativa promovida por Autism Speaks y Autismo España).

Esta iniciativa consiste en iluminar de azul edificios e monumentos das cidades de todo o mundo en sinal de solidariedade coas persoas con TEA) as súas familias. Dende o día 1 de abril ata o día 2 de abril, ilumináronse de azul edificios da cidade de Lugo.

## ACTIVIDADES

- Actividades de sensibilización: Charlas, accións formativas
- Avaliación e diagnóstico de persoas con sospeitas de TEA.
- Intervención individual e grupal para o que contan cun equipo multidisciplinar que traballa en diferentes áreas: psicología, logopedia, psicopedagogía, terapia ocupacional e seguen as guías de boas prácticas na detección, avaliación, diagnóstico, e tratamento.
- Actividades grupais como obradoiros de habilidades sociais, de sexualidade, habilidades pragmáticas, habilidades domésticas, de cociña, ocio inclusivo, grupos de apoio social de adolescentes e adultos, entre outros.
- Intervención coa familia: actividades e facilitación de pautas e asesoramento para levar a cabo na casa, formacións, intervencións, etc.
- Colaboración cos centros educativos: asesoramento tanto do profesorado como das familias, na orientación sobre as metodoloxías máis idóneas, e na posta a disposición de información complementaria.
- Colaboración con outros profesionais de outros eidos que traballan coas persoas con TEA que están na nosa entidade.
- Promoven a accesibilidade na contorna mediante a sinalización con pictogramas dos diferentes locais e establecementos da cidade.
- Celebran diferentes actos solidarios como o do día 2 de abril, Día Mundial de Concienciación do Autismo, o 18 de febreiro; Día Internacional do Síndrome de Asperger; o torneo benéfico de golf, venta de lotaría de Nadal, mercadillo solidario Diversiarte no mes de decembro.
- Programa de voluntariado: os voluntarios ocupan un lugar moi importante na realización das actividades programadas da asociación.

## Lugo acollerá o Forum 2022 despois de gañar a Copa España Creativa 2020

A Deputación será a entidade coorganizadora do evento nacional Fórum Lugo 2022 que ten un investimento de 57.000 euros. "Un evento que é un privilexio acoller no noso territorio e que de seguro será moi enriquecedor, á vez que suporá tamén un importante revulsivo económico para a provincia", subliñou García Porto. Este evento celebrarase este ano na provincia de Lugo, logo de que a Deputación gañase a pasada edición da Copa España Creativa grazas a un proxecto de recuperación de soutos que desenvolvemos nos Ancares.

A Deputación de Lugo alzouse coa Copa España Creativa 2020 nun evento celebrado en Orihuela, o VII Foro de Ciudades y Territorios Creativos de España. O xurado seleccionou o proxecto da institución provincial para recuperar, conservar e poñer en valor os

soutos da Reserva dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá de entre a vintena de candidaturas que concorreron como finalistas a este certame de ámbito nacional, no que participan autonomías, concellos, deputacións, colectivos profesionais, universidades ou asociacións sen ánimo de lucro de todo o país con proxectos innovadores para o desenvolvemento sostible do territorio.

Como gañadora da Copa España Creativa, a Deputación de Lugo, será a encargada de organizar este evento, que reunirá a colectivos e institucións de toda España.

A provincia de Lugo será a anfitroia dun evento que reunirá aos proxectos finalistas dun novo certame que convocará España Creativa para o vindeiro ano para seleccionar o mellor proxecto en innovación e creatividade do país.

## Presentan unha Guía Práctica do Emprego no Fogar



Presentación da guía

Coincidindo co Día Internacional das Traballadoras do Fogar o Concello acolleu a presentación da *Guía Práctica do Emprego no Fogar*, que foi elaborada co fin de visibilizar os dereitos dun colectivo moi feminizado e un dos máis vulnerables, desprotexido e con peores condicións laborais do mercado laboral español.

Esta guía ten como obxectivo difundir información dun xeito moi

práctico, sobre os dereitos laborais das persoas empregadas do fogar, así como os pasos a seguir pola persoa empregadora para unha contratación responsable.

Esta acción enmárcase dentro do Plan de Igualdade do Concello e das accións feministas. O documento pode descargar na web do Concello de Lugo, e recollerse en papel de forma gratuíta na Casa da Muller.

## Maiores das Gándaras interactuaron con cans adestrados

A Residencia de Maiores das Gándaras está a levar a cabo unha actividade de ocio na que os usuarios poden interactuar con cans adestrados.

Da man da adestradora, o animal responde ao grao de proximidade que se lle reclama en cada caso; a asistencia é voluntaria e trabállase con grupos reducidos, de entre 15 e 20 residentes, para que todos poidan desfrutar do seu achegamento, xogar co can e mesmo peitealo ou darlle de comer. O 13 de abril celebrarase a cuarta e última xornada, neste caso para usuarios con autonomía funcional, na zona axardinada do exterior da residencia.

O obxectivo é ofrecer un contacto que moitos residentes botan en falta, porque tiñan can na casa ou ben preto dela, e procurar unha xornada diferente, un estímulo distinto para interactuar e socializar dentro da residencia.

## Novo curso de manexo de carretillas elevadoras

A concellería de Xuventude convoca á mocidade lucense, entre 18 e 35 anos, a un curso de manexo de carretillas elevadoras. A duración da formación, de carácter gratuíto, será de 8 horas (3 horas teóricas e 5 prácticas), e desenvolverase do 23 ao 28 de abril. Impartirase de xeito presencial no Polígono do Ceao.

O programa abre a posibilidade de formación para medio centenar de mozos e mozas da cidade. É unha acción cun enfoque formativo que se adecúa ás necesidades reais nalgúns sectores, como o agroalimentario e de servizos, onde se detecta unha forte demanda de profesionais.



**50 ANOS DE AUXILIA.** Auxilia cumple 50 anos de vida da asociación. Medio século de traballo por mellorar a calidade de vida das persoas con diversidade funcional e reivindicando a transformación social. A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, acompañada da concelleira de benestar social, inclusión e persoas maiores, Olga López, mantivo un encontro con Nuria Neira, delegada de auxilia, e Aquilino González, vogal de accesibilidade de Auxilia.

## O Día do Veciño cumprirá o 23 de outubro a súa XX edición

A Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti celebrará, o Día do Veciño, que este ano cumpre a XX edición. Será o vindeiro 23 de outubro no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.


O pasado ano 2021, esta celebración viviu unha versión moito máis reducida, motivada pola pandemia, que obrigou a reducir o aforo con respecto a anos anteriores, nos que se chegou a superar as 4.000 persoas, e a non celebrar a tradicional comida.

Este ano, a Federación prevé re-

cuperar o formato habitual desta festa, a condición de que a evolución da pandemia así o permita, e que en ningún caso supoña un risco para a saúde.

Así mesmo, celebrarase o tradicional partido de fútbol entre xornalistas, políticos e membros da Federación Veciñal "Lucus Augusti".

Ademais, volverán as actuacións folclóricas para amenizar a xornada; así como co momento principal da devandita celebración: a entrega das "V" de Veciño aos galardoados desta XX edición.



Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental  
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

## Volve en abril a Feira Medieval de Fontiñas

Unha nova edición da Feira Medieval de Fontiñas terá lugar os días 8, 9 e 10 de abril. O tenente alcalde Rubén Arroxo visitou a praza do Camiño Primitivo, un dos puntos principais desta feira, xunto co concelleiro de infraestruturas, Alexandre Penas e o presidente da Asociación de Hosteleiros de Fontiñas. Rubén Arroxo anunciou que as distintas áreas da Tenencia de Alcaldía colaborarán "achegando a infraestrutura técnica precisa para o desenvolvemento da Feira, ademais de colaborar coa animación musical do evento", e destacou a

importancia desta actividade "xa consolidada no calendario cultural de Lugo, que volve despois do parón producido pola crise sanitaria".

A avenida das Fontiñas e a praza do Camiño Primitivo volverán á idade media entre o 8 e o 10 de abril. Distintas actividades de animación e unha nova edición do Mercado Medieval volverán congregarse no barrio á veciñanza e ás persoas que se acheguen a Lugo na busca da mellor artesanía, produtos de alimentación e mostras de recreación histórica

## A obra 'Bulling' de Álex Alonso gañou o XXIII Certame de Narración Curta Ánxel Fole

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presidiu a xuntanza do xurado do XXIII Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que anualmente organiza o Concello de Lugo xunto coa colaboración de Edicións Xerais de Galiza. Maite Ferreiro destacou este certame como "unha cita consolidada xa no calendario cultural galego, co que anualmente descubrimos novas historias de gran calidade". A obra *Bulling*, de Alex Alonso, foi a escollida polo xurado nesta edición, que recibirá un premio de 4.000€ e a obra será publicada por Edicións Xerais de Galicia.

A xuntanza celebrouse, de xeito telemático, o xurado estivo composto

por María Marco Covelo, Ánxela Gracían e María Dolores Araújo Fernández que foi a gañadora da edición do Certame de Narración do ano anterior. Actuou como segredaría a Xefa do Negociado de Cultura, Carme Fernández López. A novela premiada trata sobre diferentes aspectos de plena actualidade como as redes sociais, a homosexualidade masculina e o acoso escolar.

A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, chamou ao gañador para felicitalo e mantivo un conversa coas integrantes do xurado. O premiado, Alex Alonso, mantén un estreita relación coa cidade de Lugo xa que residiu e traballou na cidade amuralada durante anos.

## O festival FaCela Fest volve á súa localización nesta sexta edición

A sexta edición FaCela Fest chega a Lugo da man do Concello e Deputación provincial. O festival de música independente xa está consolidado no calendario cultural da cidade, que realiza unha importante aposta pola presenza das agrupacións lideradas por mulleres e polos grupos de Lugo. O FaCela Fest volverá este ano ás datas habituais de antes da pandemia, celebrándose entre o 12 e o 14 de maio. O escenario principal volverá ser o exterior do Auditorio Municipal Gustavo Freire, que acollerá o festival os días 13 e 14 de maio, e contará con máis actividades gratuítas en distintas zonas da cidade, entre as que se atopan un dobre concerto que se celebrará no Club Clavicémbalo o xoves 12 e unha sesión vermú que terá lugar na praza da Milagrosa.

O cartel deste ano volverá apostar por bandas míticas da escena independente, entre as que se atopan as británicas The Wedding Present, procedentes de Leeds, que levan dignificando



o indie-rock de guitarras desde os anos 80, e Wave Pictures, que chegarán ao FaCela Fest desde Londres cunhas letras onde o sentido do humor e as súas melodías destacaron no xénero durante os 20 anos de traxectoria do grupo. Trátanse dúas apostas de gran calidade dentro do xénero, que demostran que este festival aposta pola calidade musical das distintas agrupacións.

A escena internacional do festival complétase con The Mastersons +

the Whitemore Sisters, unha banda de Country alternativa americana procedente de Brooklyn e cos portugueses Egreen, unha banda de recente creación e de gran calidade.

No tocante ás agrupacións estatais, destacan os galegos Triángulo de Amor Bizarro, que cantan cun dos directos máis apaixonantes do panorama independente a nivel estatal, e que cantan cun gran número de premios. Completan a selección os madrileños Los Punsetes, e Hinds, unha das bandas españolas máis valoradas a nivel internacional. Estarán presentes tamén os barceloneses Stay, os vascos Lie Detectors ou o grupo madrileño Cosmen, que xunto cos ferroláns Bang 74 completarán a selección do sexto FaCela Fest.

No tocante ás agrupacións locais, contarase con catro agrupacións de calidade, como son Kike Ganso, Filophóbicas, Terror Erótico Adolescente e Nebra. A programación do FaCela Fest completárase con sesións de DJ.

## A orquestra SonDeSeu estará de aniversario

Lugo prepárase para celebrar esta primavera as dúas primeiras décadas de traxectoria dun dos proxectos musicais máis singulares do país. A Orquestra Folk de Galicia SonDeSeu festexará os seus 20 anos en activo cunha pequena xira de catro concertos en acústico, sen amplificación, por outras tantas localidades do país.

SonDeSeu é unha orquestra que agromou, hai dúas décadas, como unha actividade de conxunto instrumental coa intención de facer e compartir, colectivamente, a música tradicional galega. Co paso dos anos, a entidade medrou a base de ilusión, esforzo e xenerosidade colectiva, tanto por parte do alumnado coma do seu profesorado, creando novas vías para a comprensión da evolución das músicas de raíz desde a óptica do século XXI. Coa intención de festexar estas dúas décadas de actividade, SonDeSeu realizará unha xira, nos meses de maio e xuño, por auditorios das localida-



des de Vigo, Lugo, A Coruña e Santiago de Compostela. Será unha proposta inusual, xa que a orquestra actuará en espazos propios de concertos para formacións orquestrais de corte clásico. As entradas para poder gozar destes directos, están dispoñibles, desde hoxe mesmo, a través da plataforma dixital [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com). O segundo concerto da xira será o que teña lugar no Auditorio Municipal Gustavo Freire, será o 21 de maio.

## Novo curso de sensibilización viaria dirixido á poboación de 18 a 55 anos

O Concello de Lugo a través do Servizo de Prevención de Drogodependencias e outras adicións, adscrito á concellería de Xuventude, activa unha campaña de educación e sensibilización viaria no marco do programa +Xti.

Dirixida a toda a poboación lucense de entre 18 e 55 anos, a iniciativa desenvolverase desde abril ata xuño de 2022. A actividade se presentará aos diferentes centros educativos, centros de menores, asociacións lucenses, etc. co obxectivo de informar e sensibilizar acerca dos riscos do uso de drogas ou móbiles ao volante.

A campaña inclúe doce cursos de 3 horas e media sobre sensibilización viaria con exercicios prácticos sobre como actuar en caso de accidente (sen límite de participantes). Dous cursos de 4 horas sobre os perigos do alcol, móbil e drogas ao volante (12 participantes por curso) e catro cursos de 1 hora sobre sensibilización viaria impartido por un formador da DXT (sen límite de participantes).

Os interesados deberán enviar mail a [prevenciondrogas@lugo.gal](mailto:prevenciondrogas@lugo.gal).

**PROMOCIÓN ESPECIAL**  
Masaje de 40 minutos por 25€

Cuidamos de ti

Promoción válida hasta el 30 de abril

**Ikigai**  
Centro Holístico

696 62 96 96  
Av. de Madrid, 42 - Lugo

## Pequerrechas, un xogo na cidade

Pequerrechas é una iniciativa de xogo que mantén aos lucenses e turistas activos na cidade. O obxectivo é pasear pola cidade e descubrir unhas pequenas portañas que se agochan nos muros, seguindo as pistas que os organizadores ofrecen diariamente nas súas redes sociais. Trátase dunha actividade lúdica totalmente gratuíta que ten a finalidade de propiciar as saídas familiares e en grupo pola cidade ocupando os seus espazos e coñecendo, a través do paseo, os diferentes monumentos e barrios, animando a imaxinar, a pensar e a crear; en definitiva, facendo de Lugo un lugar máis habitable, humanizado e saudable e mostrando a diversidade das súas xentes. A proposta consiste en ir atopando



as diferentes Pequerrechas, facerlles unha fotografía o máis creativa posible co móbil e compartilas nas redes sociais de xeito que cando algún grupo xogador alcanza un gran número de Pequerrechas atopadas é recompensado coa posibilidade de elixir a localización da seguinte, dándolle así a posibilidade de formar parte activa

no xogo mesmo debuxando a súa propia Pequerrecha por medio dun pequeno concurso no que se seleccionarán os mellores deseños, que pasarán a formar parte da colección de Pequerrechas.

O proxecto é unha iniciativa de persoas particulares e dende que foi posto en marcha a principios do ano está recibindo unha boa acollida, aumentando día a día o número de participantes que pasean por Lugo á procura das pequenas aparicións. O equipo creador fai un chamamento a coidar as Pequerrechas e a non arrincalas para que a diversión poida ser compartida por toda a cidadanía, e prega a quen atope algunha despegada que a devolva, para que o xogo continúe.

## Programadas as actividades infantís de xadrez de todo o ano

Continúa o ciclo de promoción do xadrez. A praza maior será o escenario do Torneo de Xadrez escolar Festa Final o 17 de maio, mentres que o 18 de decembro acollerá o Torneo de Xadrez escolar Nadal.

Xaque nas aulas é a actividade que se desenvolve nas escolas de infantil e nos colexios públicos de Lugo ata decembro. Este programa achega o xadrez ás aulas infantil e primaria para formar, durante tres sesións, aos alumnos de 5º, 6º de infantil e 1º de Primaria na práctica do xadrez. O xadrez xigante da praza maior será o taboleiro da actividade Xadrez Xigante e baúl viaxeiro do luns ao venres dende o 2 ao 22 de xuño.

Outra das actividades que acollerá a cidade de Lugo é a Viaxe pola historia do Xadrez na praza do Castiñeiro de luns a venres do 1 ao 15 de xullo. En setembro levarase a cabo a Volta ao Cole Divertido na praza Maior. A actividade será de luns a venres.

## Nova exposición de Pena Romay na Galería Nova Rúa

A Galería Nova Rúa de Lugo abriu unha exposición do artista lucense José Manuel Pena Romay, baixo o título *Diálogos coa cidade contemporánea*. A obra do lucense Pena Romay percorreu numerosas localidades da xeografía galega con varias das súas mostras, como Pinturas e esculturas, Xeometrías, Pinturas e Gravados, Arquitecturas, Oleo, tinta, papel, etc. De feito, estivo tamén en 2013 nesta mesma galería e formou parte de varias exposicións conxuntas. Pena Romay foi galardoado con distintos premios, accésit e mencións de honra en diversos certames.

## Cántigas e Frores abre o prazo do curso de Cultura Tradicional

Aberto o prazo de matrícula para o XXXIX Curso de Cultura Tradicional que organiza a Asociación Cántigas e Frores. Este celebrase os días 14, 15 e 16 de abril. Este ano contarán con Luís Prego para a especialidade de baile tradicional, Miguel Anxo Lòpez 'Chino' para percusión tradicional, Pedro Lamas para gaita galega e Ana Edreira para canto tradicional.

O prezo da matrícula é de 50 euros para os socios da asociación e de 60 euros para aqueles interesados que non forman parte da mesma. Os datos bancarios atópanse nas redes sociais do grupo. As inscricións pódense enviar a [cantigasefrores1948@gmail.com](mailto:cantigasefrores1948@gmail.com) aportando nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono, así como unha copia do xustificante de pagamento. O prazo de inscrición



rematará no momento en que se cubran as prazas de cada especialidade.

Para calquera información adicional pódese chamar ao teléfono 649421507.



## Presentada a nova edición do Culturban



A praza do Sagrado Corazón acolle a presentación da terceira edición do festival de arte urbano Culturban, organizado pola área de Cultura en colaboración co espazo LUPA Arte.

A nova edición bota a andar cun xeneroso legado repartido por toda a cidade, diversos murais en fachadas e medianeiras forman parte xa da identidade e memoria colectiva da nosa cidade.

Como en ocasións pasadas, ademais das novas propostas murais que invadirán con arte e cor os diversos barrios, Culturban, tamén programa actividades paralelas que dinamizarán as rúas con cultura en diversos formatos.

A terceira edición do Culturban contará de novo co Combate Mural, onde 10 artistas seleccionados por convocatoria competirán nun combate mural durante unha xornada, co terán o mesmo formato pictórico, os mesmos materiais, o mesmo tempo e mesmas temáticas.

Nesta edición volverán celebrarse as xornadas Portas Abertas, nas que, ao longo de 4 xornadas as artistas e creadoras da cidade abrirán ao público os seus obradoiros,

talleres e espazos de creación tras o gran interese causado na súa primeira edición.

Como novidade desta edición, prográmanse diversas intervencións artísticas puntuais repartidas por toda a cidade e que buscan o factor sorpresa visual, con esta proposta exponse intervencións concretas realizadas por diversos artistas, para realzar e ilustrar espazos urbanos ás veces esquecidos pero útiles.

Como é habitual en anteriores edicións, Culturban seguirá convidando a artistas lucenses e galegos como mostra de apoio aos nosos creadores.

Nesta edición, contaremos coa presenza de artistas cunha dilatada traxectoria mural, Yoseba Muruzabal (Cambre) co seu popular proxecto (Superavoas) "Fenómenos do Rural", Xoana Almar (Santiago de Compostela) do colectivo Cestola na Cachola e Doa Oa (Sober) coa súa constante apoloxía á beleza da natureza, ademais, nas actividades paralelas programadas, contaremos coas intervencións de Pelucas Pilas Bubbles (Vigo), Branca Escrigas (Valdovíño) ou Xema López (Lugo).



## O Vello Cárcere celebra o seu quinto aniversario



O Centro Cultural O Vello Cárcere celebrou o quinto aniversario de reapertura. O acto estivo presidido pola concelleira Maite Ferreiro que destacou que o Vello Cárcere “é un dos centros culturais máis coñecidos de Lugo, tanto pola súa singularidade e historia como por terse convertido nos últimos anos nun dos espazos de referencia de Lugo para as mostras artísticas de calidade, tanto para artistas locais como para achegar a Lugo mostras con recoñecementos a nivel internacional”.

O Vello Cárcere desenvolve ao longo do ano distintas actividades para toda a veciñanza de Lugo, como visitas guiadas ao centro, que inclúen paradas na mostra permanente, que trata sobre a

memoria histórica, e nas distintas exposicións temporais que se poden atopar durante todo o ano. As visitas escolares son un gran atractivo, e nas últimas semanas máis de 300 nenas e nenos de distintos centros se achegaron a coñecer o Centro Cultural.

A exposición permanente O Vello Cárcere: da guerra á posguerra xira entorno a este período histórico e político, cando a instalación pasou a albergar a presas e presos políticos. A mostra comeza na cela colectiva, e continúa por todas as celas da pranta baixa, as antigas celas de homes.

Actualmente conta cunha nova exposición. A mostra *Inmersión ó Interior*, que recopila 34 obras de Concetta Montenegro e Luísa Paz.

## A Casa da Xuventude amplía as actividades do programa +xTi

Amplíanse as actividades de lecer que se levan a cabo na Casa da Xuventude no marco do programa +xTi os sábados. Estas accións, dirixidas a mozas con idades comprendidas entre os 16 e 35 anos, se ofertan desde o servizo municipal de Prevención de Drogodependencias, e nelas colabora o Plan Nacional sobre Drogas. As actividades que se ofrecen son de Defensa Persoal, Ximnasia Acrobática, Parkour e Danza Urbana, e terán lugar os sábados das 16.00 ás 21.00 horas, dende o 12 de marzo ata o 18 de xuño, mentres que na semana do 20 ao 26 de xuño a duración será das

10.00 ás 18.00 horas.

Estas alternativas súmanse á iniciación ao tenis de mesa, que se desenvolve ata maio, impartido pola asociación xuvenil milagrosa (CTM Milagrosa), e á formación en impresión e deseño en 3D, que se realiza todos os venres e sábados no CEI-Nodus.

Tamén está en marcha o curso, de 15 prazas, en comunicación dixital efectiva en redes sociais, que se desenvolverá do 7 de marzo ao 27 de abril os luns, martes e mércores, en xornada de tarde, na Casa da Xuventude.

## Actividades no Cemiterio

Cristina López, concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, deu conta das actividades que acollerá o Cemiterio Municipal nos vindeiros meses para “achegar o noso patrimonio artístico, arquitectónico e histórico”, afirmou Cristina López. As actividades, que xa comezaron coa celebración do día do pai, seguirán os días 24 de abril, 22 de maio e o 19 de xuño, a compañía Achádego

Teatro retomará a celebración das visitas teatralizadas no cemiterio, “un éxito de asistencia entre a veciñanza cada vez que se realizan”, afirmou a concelleira de Participación.

O 1 de maio, a Escola Palimoco de Teatro e Danza organizará unha celebración polo día da nai, e o 29 de maio a partir das 20.00 horas, o cemiterio acollerá a representación do Estudio Teatral de Lorca.



## Preparado o Arde Lvcvs Cultural

Cine, rutas, xogos, teatro, degustacións e obradoiros conforman o programa

Medio centenar de actividades sobre a cultura romano castrexa quentan motores ata a celebración do Arde Lvcvs, que recuperara do 9 ao 12 de xuño o seu esplendor tras dous anos de festa en mínimos a causa das restricións derivadas da pandemia. É a programación do Arde Lvcvs Cultural que se desenvolverá en abril e maio e que prepara o Concello de Lugo da man das 19 asociacións lucenses implicadas no seu desenvolvemento. Serán actividades gratuítas e pensadas para a veciñanza de todas as idades e para a xente de fóra que queira coñecer mellor o pasado da cidade. As actividades caracterízanse pola súa rigorosidade histórica.

A programación, que deu comezo o pasado 25 de marzo coa Festa da Primavera, contemplan cine, rutas, xogos, teatro, degustacións, obradoiros e conferencias, entre outras iniciativas.

Entre as novidades, a recuperación da ‘Ars Magirica’, que terá lugar a semana anterior do Arde Lvcvs. Unha actividade na que colabora a asociación de empresarios de hostalería para realizar xornadas gastronómicas para degustar tapas inspiradas nos pratos e sabores típicos do mundo romano.

Tamén se levará a cabo a recreación do Natalicio, un acto, onde participa-

ran todas as asociacións abandeiradas cos seus estandartes.

Do mesmo xeito, para esta edición está programado un ciclo de conferencias en maio sobre cultura castrexa, con charlas sobre a pesca na Galicia galaico-romana coa participación de Eduardo González, e sobre os indicios de vivendas castrexas baixo Lucus Augusti, a cargo de Francisco Herves Raigoso. No ciclo de relatos tamén se inclúen as que prepara a Cohors Iii Lucensium, onde se falará dos xardíns romanos, do Lvcvs Augusti e o turismo do futuro, as gladiadoras prohibidas ou os restos arqueolóxicos diferenciadores da cidade romana.

**OBRAIDROIS.** No mes de abril, a programación inclúe obradoiros da man de Caetra Lucensium, que realizará unha demostración de como funcionaba unha bomba hidráulica de Cetsibio – Heron coa colaboración dos Bombeiros do Concello de Lugo, e da Lucus Icenus Miliatore, asociación que ensinará a realizar escudos. Tamén a Lucus Equites guiará aos asistentes pola vía XIX; as Asemblearias ofrecerán a oportunidade de buscar as ofrendas de Lucus Augusti; Kertix realizará unha mostra dos pequenos teares romanos e un obradoiro para Cestear como un

romano, e Terra Corpora realizará obradoiros de ourivería castrexa.

En maio, Senatus Lucus Augusti impartirá charlas sobre o ‘Senado, o Arde Lucus e a historia de Lugo’; Pax Romana impartirá xornadas de debuxo con xiz no chan; Salesiani Luci Augusti amosará a construción dun mosaico con teselas de barro, así como a fabricación dunha cota de malla e a elaboración de coroas, e Vestales Lucus Augusti realizará estampacións en téxtil. Por último, A Ponte Romana acollerá a recreación histórica máis auténtica da vida cotiá dunha sociedade castrexa da Idade do Ferro tardía: O pobo dos Namari, da man de Tir Na N’Og.

Do 1 ao 15 de xuño, haberá unha exposición dos cartéis da Festa Arde Lvcvs dende o 2001 ata a actualidade e programaranse actividades da man de Ara Roma (obradoiro de reloxos) e Vestales Lucus Augusti (obradoiro de estampación).

**CINE ARQUEOLÓXICO.** A programación inclúe un ciclo de cine arqueolóxico, no auditorio do Vello Cárcere. Será ás 20:00 horas os días 5, 12 e 19 de maio. Todas as persoas interesadas poderán gozar coas proxeccións de ‘Enxeñería romana: estradas’, ‘Outeiro de Can da Isca. Un novo petroglifo en Campo Lameiro’ e ‘O reino suevo de Galicia’.

Tamén volverán os paseos con Paulo Fabio Máximo da man de Senatus de Lucus Augusti os días 23 de abril e 7, 14, 21 e 28 de maio. Ademais, poderase xogar co lanzamento de bolos co Club de Bolos Celtas Muralla, os días 2, 9, 16, 23, 30 de abril e 7 e 14 de maio.

As actividades poderanse consultar na web e redes de festa Arde Lvcvs ([www.ardelucus.com](http://www.ardelucus.com)) e a inscrición das actividades realizarase en formulario.xuventudelugo.gal.

**TANXUGUEIRAS.** As Tanxugueiras serán un dos pratos fortes musicais da festa do Arde Lvcvs deste ano. O concerto do trío galego, integrado por Aída Tarrío e as xemelgas Olaia e Sabela Maneiro, será o vindeiro 12 de xuño na Praza de Santa María. A actuación será de balde.



**CARTEL.** Lucía Lorenzo Parada foi a gañadora do concurso do cartel anunciador da festa Arde Lvcvs 2022. A obra, presentada baixo o título ‘A memoria das pedras’, pasou o primeiro filtro das redes sociais e foi elixida finalmente por unanimidade dun xurado popular. Presentáronse 47 cartéis.

## O Miño contará este verán coa zona de baño pública da Tolda

Os lucenses poderán desfrutar este verán dunha zona de baño pública no Miño. A Xunta de Goberno Local adxudicou a súa instalación á empresa Yacht Port Marinas S.L que disporá dun prazo de doce semanas. A actuación, cofinanciada pola Deputación Provincial, terá un custo de 304.920 euros.

A zona de baño se localizará en pleno cinturón verde da capital, a altura da Tolda de Castela. Trátase dunha estrutura flotante, de 64 metros de lonxitude, baseada nun sistema modular, que terá carácter temporal xa que estará operativa tres meses ao ano, e que se destinará a zona de baño tanto para adultos como tamén para crianzas.

A dotación, inspirada no deseño da exitosa enseada de La Villette de París, estará composta por varias seccións. Por unha banda, unha estrutura superior, que servirá como zona de estancia, repouso e para acceso ás piscinas.

Estará construída mediante cubos



Recreación das futuras piscinas da Tolda

flotantes debidamente ensamblados e aparafusados, o que lle conferirá unha gran flotabilidade e nulo risco para as persoas usuarias. E, pola outra, contéplase a creación de catro piscinas de distintas características, con superficies útiles de 1'20 m., 0'80 m., e dúas de 0'40 m., cumprindo así coas expectativas en canto a público infantil, xa que cada unha delas estará delimitada para un rango de idade determinado.

As piscinas disporán de fondo, con-

formado igualmente por cubos flotantes ensamblados e unidos á estrutura superior mediante un sistema de cordas de amarre así como rede de nailon marítimo específica para os laterais das mesmas, permitindo, deste xeito, unha recirculación constante no fluxo de auga e impedindo, ao mesmo tempo, as entradas e saídas polos laterais onde, por outra parte, se adecuarán dúas zonas para que os adultos poidan acceder ao río de maneira segura.

## Mellor iluminación para A Garaballa

Desde a Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti solicitan á Concellería de Infraestruturas do Concello que acometa, o máis axiña posible, a renovación da iluminación pública da Garaballa. Xa que "o seu estado supón un risco moi elevado, dada o perigo que representa, de circular practicamente ás escuras" afirman dende o colectivo.

Ademais, solicitan que dita renovación se realice con luminarias modernas, de alta potencia, pero baixo consumo, respectuosas co Medio Ambiente, e que se distribúan para que a visibilidade sexa adecuada.

## Restablecida a recollida de enseres

O servizo municipal de recollida gratuita de enseres quedou xa restablecido logo de que fora suspendido temporalmente como consecuencia da folga de transportes e que dificultou o traslado do material desbotado aos centros de xestión.

Desde o consistorio lémbrese á cidadanía que poden volver solicitar a recollida de voluminosos e pídeses que non procedan ao depósito dos mesmos na vía pública, á beira dos colectores, até que non teñan asignada unha data concreta para a súa retirada.

## Un acordo entre Deputación e Concello cuadruplicará o espazo para aparcas en Santa María

Unha reforma e mellora dos espazos comúns circundantes aos pavillóns do Fogar de Santa María cuadruplicarán o número de prazas de estacionamento para uso público, pasando de 40 a 165. José Tomé explicou que a institución provincial licitará nas vindeiras semanas un proxecto cun investimento inicialmente previsto superior aos 300.000 euros, que incluírá a reordenación e acondicionamento dos espazos libres para estacionamento do recinto, ademais do saneamento dos edificios para evitar filtracións de augas pluviais, entre outras actuacións.

Desta forma, cando rematen as obras, o complexo terá acceso ao público para o estacionamento dende a Ronda da Muralla e dende a rúa Chantada e, grazas á decisión do Presidente de acometer un proxecto que reordenará os espazos co acordo da alcaldesa de Lugo, cuadruplicarase o número de prazas dispoñibles.

O proxecto afectará á contorna dos pavillóns 1, 2, 3 e 4 que compoñen o complexo de Santa María, onde a Deputación ten situados seis servizos: Recadación,

Medio Ambiente, Asesoría Xurídica, Vías e Obras, Cooperación cos Concellos e Artesanía e Deseño. As actuacións, unha vez contratadas, terán un prazo de execución de tres meses e consistirán na reordenación dos espazos, no afirmado e pavimentación, axardinamento, sinalización, drenaxe do edificio no que se sitúa Vías e Obras, execución de rede de pluviais e conexión aos sumidoiros, instalación de luminarias públicas, e acondicionamento do acceso peonil existente entre as zonas superior e inferior que circundan os edificios.

Na comisión de seguimento, o presidente e a alcaldesa acordaron ademais, unha vez analizado o escrito da Comisaría da Policía Nacional, propoñer a autorización do uso do estacionamento na zona inferior do complexo de Santa María por parte dos e das axentes en servizo nas diferentes quendas.

Tamén se acordou o uso polo Concello de Lugo do pavillón número 6 e a Deputación pasará a usar o pavillón número 9, logo de que se documenten estes cambios.

## Farán melloras para a recollida pluvial na Domus de Mitreo

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, e o concelleiro de infraestruturas urbanas, Alexandre Penas, visitaron as instalacións da Domus do Mitreo xunto coa Vice-reitora de Coordinación da USC, Montse Valcárcel. Rubén Arroxo anunciou que "desde o Goberno de Lugo traballaremos para solucionar as filtracións da Domus do Mitreo", e engadiu "desde o Concello coordinarémonos para executar as obras en conxunto coa actuación planificada pola Xunta de Galiza".

O tenente alcalde destacou que "deste xeito solucionamos unha solicitude da USC, que nos permitirá mellorar a calidade das instalacións da Domus do Mitreo e dos restos que aí se expoñen". Rubén Arroxo explicou que os traballos que planificará o Concello de Lugo se executarán na zona da Muralla, na parte posterior da Domus, e consistirán na mellora da recollida de augas pluviais da zona.

"A Domus do Mitreo está situada



Rubén Arroxo e Montse Valcárcel

nunha das zonas máis importantes da cidade, onde conflúen os tres patrimonios da humanidade cos que conta Lugo", afirmou Rubén Arroxo, que destacou "a importancia destas instalacións na programación cultural de Lugo, ao acoller unha gran parte da programación do convenio Lugo Cultural, onde a USC, e as áreas de Cultura da Deputación e do Concello se unen para achegar actividades culturais de calidade".



# Marfer

INFORMÁTICA

## INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP

SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

**SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL**



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084  
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

## O PP non entende “o atraso de 14 anos” que arrastra a biblioteca da Piringalla

O Partido Popular queixase da situación que está a vivir a obra da biblioteca da Piringalla afirmando que “é un exemplo de que temos un bigobierno que non sabe xestionar a execución da que foi unha das súas obras públicas máis anunciadas”. Antonio Ameijide lembra que “houbo cambios na delimitación da parcela onde se construíu, modificados de proxectos; mala execución dos traballos con informes que advertían da inseguridade da estrutura metálica e por último a resolución do contrato. Ademais explica que, como sempre houbo negligencia á hora de impulsar este edificio, xa que a xunta de goberno do 21 de xaneiro de 2015 na que se acorda incoar o expediente de resolución tamén decide remitir o expediente ao Consello Consultivo de Galicia para que ditamine se procede ou non esta resolución. O expediente remitiuse fóra de prazo polo que se devolve ao Concello a documentación sen pronunciarse sobre o fondo do asunto por que caducase o prazo e se retrotrae o procedemento.

Para Ameijide resulta incomprendible que tardasen dous anos en tomar a decisión de rescindir os contratos de obra e dirección facultativa a pesar de que existía un informe do 26 de febreiro de 2013 en que de forma concluínte dicía que a estrutura executada non se axustaba ao proxecto aprobado, que se modificou o sistema estrutural de nos, que a dirección facultativa non paralizou a obra a pesar deste desaxuste incluso a obra chegouse a executar fóra de prazo.

## Retrasarase o restablecemento do servizo ferroviario con Monforte

A falta de materiais de construción, principalmente formigóns e aceiro; o encarecemento de materiais; a paralización das cadeas de produción de elementos prefabricados e os paros no sector do transporte por estrada desde o 14 de marzo afectaron ao ritmo de execución das obras de infraestrutura ferroviaria que Adif está a executar entre Monforte de Lemos e Lugo. Estas razóns -alleas á compañía- comprometeron a planificación inicial e determinaron que o restablecemento do tráfico ferroviario, previsto para o 10 de maio, trasladácese á segunda quincena do mes de xuño.

Ata entón, Renfe seguirá mantendo plans alternativos de transporte por estrada para os viaxeiros dos servizos afectados.



Visita aos traballos de reparación do Leirapárking

## O Goberno pide á Xunta a aplicación de suelocemento no Leirapárking do HULA

O Goberno local está a realizar unha nova actuación de mantemento no aparcadoiro municipal do HULA, unha actuación necesaria que planifican para realizar en distintas épocas do ano para garantir o bo funcionamento desta instalación.

O concelleiro afirmou que o Goberno está estudando mudar o material do aparcadoiro, “tratando de optimizar a durabilidade da instalación, estudamos a posibilidade de instalar unha capa de Suelocemento, un material granular que ten unha maior durabilidade que a zorra instalada actualmente”.

A concellería de Infraestruturas solicitou á Xunta de Galiza que auto-

rice o uso de Suelocemento nesta zona, “dado que estes terreos se atopan afectados pola área de protección do conxunto megalítico de San Cibrao, o que impide asfaltar os terreos”. Alexandre Penas explicou que “seguimos a buscar unha solución para o aparcadoiro municipal do HULA”.

O suelocemento é un material que conta cunha boa resistencia aos axentes atmosféricos, o que aumenta a súa durabilidade nas instalacións no exterior e incrementa a vida útil do terreo. Ademais, é posíbel fabricalo utilizando materiais reciclados. As características do material están recollidas no BOE número 3 do 3 de xaneiro de 2015.

## Xa poden solicitarse as axudas para rehabilitación de vivendas

A Xunta de Galicia ten aberto o prazo par solicitar as axudas das vivendas situadas nos cascos históricos ou nos Camiños de Santiago. Hai varias liñas de axuda ás que se poden acoller, entre outras, as casas situadas fronte á Muralla, e en concreto as que están na zona da Mosqueira e que presentan un aspecto de deterioro.

Así, poden acceder ás axudas da Área de Rehabilitación Integral (ARI) dos Camiños de Santiago, ou ás da ARI do Casco Histórico de Lugo. Igualmente, está previsto convocar proximamente as axudas para mellora da eficiencia enerxética con obras en cubertas e fachadas, e xa están publicadas as destinadas a actuacións, como o cambio de carpintarías exteriores, co mesmo obxectivo de aforro enerxético. Ademais, tamén está aberto o prazo de solicitudes para a adquisición de vivendas en cascos históricos, que poden presentarse ata o mes de setembro. O

obxectivo da Consellería é “facilitar recursos cos que afrontar tanto a compra como a reforma de vivendas, de forma que sexan máis confortables e seguras, eficientes dende o punto de vista enerxético e medioambiental e estean ben integradas na paisaxe urbana”.

Con respecto á polémica sobre os farois instalados na zona da Mosqueira, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, quixo deixar claro que “Patrimonio da Xunta non instou ao Concello de Lugo a instalar este tipo de luminarias, senón que o que fixo foi emitir unha resolución favorable ao proxecto presentado polo Concello, pero non decidir o tipo de farois”.

Pese a isto, o delegado territorial explicou que “estas luminarias cumpren coa normativa e coas directrices recomendadas, aínda que é certo que pode haber máis tipos de farois que tamén se adecúen ás normas”.

## Lugo recuperará e porá en valor a cloaca romana



Restos da cloaca romana atopados

O Concello de Lugo iniciou o proceso de contratación das obras para a recuperación e posta en valor da cloaca romana situada no semisoto da Sala de Exposicións Porta Miñá (a principal da cidade), no barrio do Carme, unha infraestrutura con preto de 1.700 anos de antigüidade. “Na Xunta de Goberno que celebraremos mañá aprobaremos a licitación destes traballos, para os que destinaremos un orzamento de 436.145 euros”, avanzou a rexedora. Por unha banda, a parte de obra civil e arquitectónica, de adecuación do

espazo para que poida ser visitable e accesible. Isto conlevará reestruturar o espazo actualmente destinado a servizos e almacén que hai por detrás da Sala de Exposicións, dotándoo dunhas escaleiras, un elevador e uns novos aseos. O soto tamén se adecuará, con impermeabilizacións, revestimentos, solados e todas as instalacións precisas para o seu uso. Doutra banda, a parte de escavación, estudo dos achados arqueolóxicos, restauración e consolidación da cloaca romana. Isto irá acompañado da parte museográfica.

## Adeus ás máquinas da Ora

As máquinas do sistema Ora teñen os días contados. A alcaldesa, Lara Méndez, vén de dar orde para proceder á súa retirada. Cando só resta unha peza separada, de tipo penal, para concluír definitivamente todo o proceso legal que afectou á licitación deste servizo, a rexedora iniciou o procedemento para sacar das rúas estes parquímetros, hoxe en desuso. Unha decisión que obedece á necesidade de seguir avanzando na eliminación de barreiras que dificulten a mobilidade peonil e de mellorar a estética do conxunto da cidade ao tempo que se evita un foco de confusión para visitantes que descoñecen que, actualmente, estas máquinas

non se atopan operativas.

A este respecto, a actuación concorda cos cambios da mobilidade urbana que está a experimentar Lugo, baixo parámetros de sostibilidade. Onde ao tempo que se incrementan os espazos restrinxidos ao tráfico rodado e proxectan zonas de baixas emisións, se procura disuadir máis do uso do vehículo particular fronte ao transporte colectivo fomentando a utilización doutros medios como a bicicleta, a través da recente senda ciclista de máis de 14 quilómetros de lonxitude e habilitando máis estacionamentos nos barrios.

Quitaranse ao redor de 60 postes ao abeiro dun contrato de tipo menor.



**CALMADO DO TRÁFICO.** Comezou unha nova fase do plan de calmado de tráfico, con novas actuacións en 5 zonas da cidade. Inclúe a execución de pasos de peóns elevados e lombos que calmarán o tráfico na Rolda de Fingoi, en Pintor Corredoira, Estrada da Granxa, Río Sil e na Avenida de Madrid.



# Comezan os traballos de peonalización na rúa Rafael de Vega e rematan os da praza da Mosqueira

Comezan os traballos de peonalización da rúa Rafael de Vega en Lugo. O tenente alcalde Rubén Arroxo afirmou “trátase dunha zona da cidade que conta con moita poboación e que ata o de agora non tiña zonas adicadas ao uso e desfrute da veciñanza”, que engadiu “desde o Goberno de Lugo seguimos traballando en crear zonas para a veciñanza, como as xa feitas no Sagrado Corazón e en Río Sil, ou as que se están a planificar nos distintos barrios”.

O tenente alcalde afirmou que “o obxectivo é ter un Lugo humanizado que permita á veciñanza desfrutar do espazo público”, e engadiu “con esta humanización conseguiremos un espazo de lecer necesario para a veciñanza ao mesmo tempo que se continuará a traballar na redución de tráfico rodado en toda a cidade”.

O proxecto da nova zona peonil foi elaborado pola área de Mobilidade e Infraestruturas mantendo xuntanzas coas veciñas e veciños da zona, contando co seu apoio e tendo en conta as súas necesidades para transformar esta rúa.

O Goberno de Lugo adjudicou os traballos a Construcciones Sanle Lugo, que presentou unha oferta por valor de 221.427€ e un prazo de execución de 6 meses.



**A MOSQUEIRA.** O tenente alcalde, Rubén Arroxo, anunciou que a praza da Mosqueira vén de abrir ao tránsito peonil en todo o seu percorrido. Arroxo explicou que “os traballos continúan a executarse, pero mais coa practica totalidade do novo pavimento completamente instalado, abrimos o paso peonil en todo o percorrido da nova praza”.

A Mosqueira, na zona máis próxima á porta de San Pedro, conta cunha pavimentación novidosa en Lugo, que alterna céspede e baldosas. Arroxo explicou que “isto mellorará a percepción do monumento e permitirá abrir á veciñanza

za un dos espazos máis simbólicos da cidade”.

A nova praza peonil resultante será un espazo multiusos, con zonas verdes e espazo para a realización de actividades culturais e de ocio, na que se respectará a visión dos arcos da Mosqueira e do edificio racionalista do arquitecto Eloy Maquieira. O novo alumado terá unha dobre función, garantir a boa visibilidade na parte pública e “avanzar na mellora da percepción visual da Muralla, reducindo a contaminación lumínica producida polos antigos proxectores instalados no céspede”, explicou o Tenente Alcalde.



## Sanxillao terá unha plataforma única con preferencia peonil

O tenente alcalde e responsable da área de mobilidade, Rubén Arroxo, xunto co edil de infraestruturas urbanas, Alexandre Penas visitaron a rúa Sanxillao onde se está a levar a cabo a renovación da pavimentación da zona. Arroxo explicou que “no treito máis ancho da rúa estase a renovar o pavimento, que se atopaba moi desgastado e na zona máis estreita continuamos avanzando coa instalación dunha zona con plataforma única, aumentando a seguridade peonil

nesta zona”.

Esta zona contará cunha plataforma única cuxo acabado resaltará o carácter de preferencia peonil da rúa, e contará con cores diferenciadas para a zona peonil e a zona de paso de vehículos. O treito de plataforma única estará limitado a 20 Km/h e contará con elementos que permitirán o calmado do tráfico. Ademais da rúa Sanxillao, o Goberno de Lugo está a executar as obras para habilitar unha plataforma única en Fingoi de Abaixo.

## Comeza a campaña Por Lugo, vai en Bus, co que se fomenta o uso do transporte público

O tenente alcalde e concelleiro de mobilidade, Rubén Arroxo, presentou a campaña Por Lugo, vai en Bus, coa que o Goberno de Lugo pretende fomentar o uso do bus urbano entre a veciñanza.

O bus urbano permite reducir as emisións contaminantes, ademais de aumentar a seguridade viaria ao ter menos vehículos circulando polas rúas, e permite chegar antes ao destino ao non termos que buscar aparcamento. A campaña Por Lugo, vai en Bus, comezará coa colocación de imaxes promocionais da campaña nos buses e nas paradas. Rubén Arroxo destacou as distintas facilidades postas en marcha para que a veciñanza teña información sobre a situación da rede de transporte público. O portal de información en tempo real do servizo de bus urbano, urbanoslugo.com permite saber en directo canto falta para que o bus chegue á súa parada. O Servizo conta coa

información en tempo real de 275 paradas, “a totalidade das da zona urbana, as máis concurridas”, explicou o tenente alcalde.

A través desta web, as veciñas e veciños poden obter toda a información relativa ao bus urbano, como o mapa de liñas, información sobre as tarifas ou sobre a tarxeta cidadá. Rubén Arroxo destacou que “continuamos a mellorar o bus urbano de Lugo, que co novo modelo permite que practicamente toda a veciñanza de Lugo teña conexión directa co HULA ou coas áreas industriais”. A web únese ás 23 pantallas colocadas nas principais paradas.

Co novo modelo, 80.000 veciñas e veciños de Lugo contan con conexión directa co HULA, o dobre que os 40.000 do modelo anterior. O CEAO aumenta as conexións coa veciñanza do mesmo xeito, pasando de 40.000 persoas que tiñan bus para a zona industrial co antigo modelo a 70.000 co actual.

## Aprobadas novas intervencións de renovación de alumado público

O goberno de Lugo vén de aprobar tres novas intervencións que permitirán avanzar na renovación da rede de alumado público da cidade.

As tres actuacións estarán distribuídas ao longo da cidade, executándose na Avenida das Américas, Pomar e Ameneiro; na rúa Perpetuo socorro, Río Avia, Río Támoga e Río Cabe; e en Monte Faro e Illas Canarias. Cada unha das intervencións permitirá un aforro de aproximadamente o 40% do consumo eléctrico en cada zona, e investiranse en total preto de 500.000 euros.

Na avenida das Américas, e nas rúas Pomar e Ameneiro, reducirase o consumo eléctrico en 2.932W ao ano, o que suporá deixar de emitir 4.7Tn de CO<sub>2</sub> á atmosfera. A actuación ten un prazo de execución de 14 semanas e un orzamento de 221.602 euros.

A actuación de Perpetuo Socorro, Río Avia, Río Támoga e Río Cabe consistirá en eliminar luminarias de vapor de sodio de 150W por luminarias LED, cun investimento de 69.438

que suporá un aforro de 850W no consumo xeral da instalación. Ademais, soterraranse as liñas eléctricas correspondentes á instalación do alumado público.

A última actuación, que se executará nas rúas Monte Faro e Illas Canarias, suporá unha redución anual no consumo eléctrico de 3835W, o que supón unha redución de 6.5Tn nas emisións. En total instalaranse 55 luminarias de 85W, cun orzamento de 182.785 euros.

**GÁNDARAS.** Alexandre Penas, informou da última actuación que está a executar o Goberno de Lugo avanzando na renovación da rede de alumado público. Alexandre Penas explicou que “con esta actuación avanzamos na mellora da rede de alumado público da cidade e melloramos do mesmo xeito a imaxe desta zona”, e engadiu “avanzamos na instalación de alumado LED de baixo consumo, que permite unha boa capacidade lumínica

reducindo o consumo enerxético e as emisións de substancias contaminantes emitidas á atmosfera pola rede de alumado público da cidade”.

A concellería de Infraestruturas renovou o alumado público das rúas Virxe da Soidade, San Xosé, Tres Marías e Camiño de Romai. En total, instaláronse 15 luminarias de 30W e 7 de 15, o que mellorará a visibilidade da zona permitindo reducir o consumo eléctrico.

Continúase a investir na renovación da rede de alumado, con distintos proxectos postos en funcionamento por toda a cidade, que se executarán durante o 2022. Nos últimos dous anos a área de Infraestruturas renovou o alumado en múltiples zonas da cidade, instalando novas luminarias en rúas que non contaba con alumado público, e reducindo a cantidade de luminarias con elementos contaminantes, como o vapor de sodio ou de mercurio instaladas na cidade.

# Cambio histórico en San Roque

**Comezou a demolición da esquina da intersección coa ronda da Muralla e as obras da pasarela de acceso ao centro de saúde están case rematadas**

San Roque está a experimentar un importante e histórico cambio na súa infraestrutura.

Por unha banda, comezaron xa os traballos de demolición da esquina da rúa coa ronda da muralla. Este proxecto pretende poñer en valor un enclave no que conflúen dous Bens Mundiais, como son o Camiño Primitivo e a Muralla, e tamén dignificar unha das principais entradas ao recinto histórico da cidade.

Logo de ser autorizado inicialmente o pasado mes maio, recibía en outubro o visto bo definitivo da Xunta de Goberno, co informe favorable da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, dando por concluído o procedemento burocrático. Os traballos contemplan tarefas de demolición e reposición de pavimentos na calzada, apertura de gabias para redes de servizos, derruba de muros e de dúas edificacións en San Roque (números 5 e 7), así como a construción da infraestrutura para a nova beirarrúa. Obras que afectan ao subsolo nunha zona de ámbito PEPRI polo cal será a obriga-

toría a realización das escavacións arqueolóxicas o que esixe, á súa vez, un proxecto de control permanente sobre as mesmas.

Os labores, que comezaron onte, están cuantificados en 123.757 euros e terán un prazo de execución de 6 meses.

Completaranse, alén, coas medidas necesarias para o establecemento da prioridade peonil do devandito Carril das Flores, incorporando elementos de sinalización e regulación viaria e, en canto ao deseño do firme, procurarase a continuidade do trazado do Camiño sobre a rúa de San Roque e a Rolda da Muralla, sen perder de vista a futura perspectiva dunha recuperación total dos usos peonís en todo o ámbito, dentro dos futuros plans de mobilidade e circulación que poida deseñar o Concello.

Así, a actuación prevista implicará a erradicación daqueles espazos que, pola súa configuración actual, resultan insalubres ou entrañan situacións de risco para a veciñanza como pode ser a pasarela de acceso

aos establecementos comerciais. Isto reverterá, igualmente, noutros aspectos da seguridade cidadá, de forma especial en horario nocturno, porque a reforma pretende minimizar as consecuencias para a poboación por cuestións de xénero.

**PASARELA.** Tamén está a piques de finalizar a construción da pasarela de do centro de saúde de San Roque. A obra, que foi seguida de preto polo tenente de alcalde Rubén arroso, “permitirá á veciñanza un mellor acceso ao Centro de Saúde de San Roque, cun percorrido practicamente plano que evitará a pronunciada pendente que se atopaban actualmente”.

Ata o de agora, avanzaouse na construción da cimentación da pasarela, o que fixo preciso reorganizar certos servizos xa instalados na rúa. Unha vez se completen estes traballos, instalaranse os piares e despois a propia estrutura da pasarela. En total, o Goberno de Lugo inviste 220.013,95 euros na execución desta obra.

“Desde a nosa chegada ao Goberno



Arriba, a esquina de San Roque e, abaixo, a pasarela do centro de saúde

Municipal tratamos de dar a mellor solución posíbel a esta solicitude que a veciñanza da zona levaba moito tempo realizando”, explicou Rubén Arroso, que engadiu “desde a área de Mobilidade estudamos as distintas alternativas para darlle solución a este obstáculo, espe-

cialmente importante na unión do Centro de Saúde coa rúa Primavera e coa rúa Peña Anda”. A pasarela unha vez rematada terá un gálibo de máis de 4 metros, o que permitirá a circulación de vehículos pola súa parte inferior. A lonxitude total será de 34,68 metros.

## Renovarán a canalización de fibrocemento en dez rúas da cidade

O Concello de Lugo continúa avanzando na eliminación das canalizacións da traída municipal que conteñen fibrocemento. A Xunta de Goberno Local adxudicou á empresa Proyecon Galicia S.A os traballos cos que se pretende renovar a rede de abastecemento e modernizar o saneamento da zona. Con esta actuación tratan de mellorar os servizos públicos, apostando por infraestruturas máis eficientes e incrementando a calidade da prestación.

De maneira que, coa eliminación do fibrocemento acadaranse varios propósitos, ter unha rede de abastecemento máis sostible, e tamén máis resistente fronte aos cambios de presión, de temperatura e fronte ás vibracións, diminuíndo o número de incidencias e aumentando a durabilidade das dotacións.

En total, actuarase sobre 187 acometidas, 62 delas pluviais, concentrando, fundamentalmente, os esforzos en dez rúas: Camelia, Acibro, Alecrín, Estrelamar, Padre Sarmiento, Santo Domingo de la Calzada, Carpaza, Ligustro, Pardo de Cella e Estralote.

Esta intervención, na que se inviste máis de medio millón de euros (514.110 euros) ten por obxecto

poñerlle fin a aquelas avarías que teñen a súa orixe en seren as condicións de fibrocemento, xa que esta substancia é moito máis sensible aos contrastes climatolóxicos e presenta, á súa vez, unha maior predisposición ás roturas e menor tolerancia ás variacións de fluxo da traída.

A obra pasará a engadirse ás xa realizadas ao respecto noutros puntos da capital como é o caso das rúas Batañeira e Figueira, en Aviación Española, Armórica, Escultor Asorei, Rei don García, na marxe dereita da avenida Marqués de Ombreiro e en boa parte do barrio da Cheda que inclúe as rúas Río Landro, Eume, Pousadela, Masma, Sar, Pambre e Azúmara.

A substitución das tubaxes actuais se fará por outras de función dúctil ao tempo que tamén se levará a cabo a renovación dos colectores de saneamento que verten á rúa Armórica e á Rolda de Fingoi que, pola súa antigüidade e polos materiais cos que foron construídos (formigón), presentan deficiencias no seu funcionamento. Ademais, previamente á posta en marcha das novas canalizacións, realizaráselles un lavado e desinfección para que poidan operar en condicións óptimas.

## Lugo contará con 12.610 m<sup>2</sup> de novas zonas verdes na Garaballa

Lugo contará proximamente con máis de 12.610 m<sup>2</sup> de novas zonas verdes que, repartidos en tres parcelas ofrecerán un innovador espazo axardinado, nas inmediacións do Barrio Multicolóxico que se proxecta na Garaballa. Unha intervención que se executa ao abeiro do programa Life Lugo + Biodinámico.

A Xunta de Goberno Local adxudicou os traballos á UTE formada polas empresas Citánias Obras y Servizos e Mantemento Forestal que disporán dun prazo de cinco meses para materializalo.

A actuación inclúe a creación de 1'2 hectáreas de terreo destinadas a zonas verdes dentro das que terán un especial protagonismo uns novidosos hortos ecolóxicos comunitarios artellados en prol dun obxectivo fundamental: propiciar a dinamización social e aproveitar a súa capacidade terapéutica e didáctica.

Desta maneira conciliase a convivencia veciñal e produción de alimentos para o que se propoñen hortos axardinados para a agricultura en chan e, para a agricultura en altura, hortos de cultivos verticais en diferentes formatos, que deixa-



Visita de expertos de seis países

rán unha pegada positiva a nivel ecolóxico e unha mellora na estrutura urbanística da capital mentres desenvolven un papel de concienciación das futuras xeracións neste tipo de prácticas.

O proxecto creará un espazo cun valor engadido, que sexa esteticamente pracenteiro e apto para o uso de diversos perfís.

Foi deseñado, en colaboración coa Universidade Politécnica de Madrid, con criterios de harmonía e beleza para que conte con áreas de cultivo que permitan a conexión coa natureza e fomentar o respecto e o coidado polo medio ambiente,

áreas axardinadas que potencien a biodiversidade e estimulen os sentidos e áreas estanciais onde sexa agradable socializar e incluso pasar longas xornadas.

**ENCANTO.** O edificio acolleu a visita de expertos de seis países dunha das iniciativas europeas máis importantes polo clima, o Climate Smart Forest Economy Program. Tamén recibiu unha nova visita por parte do equipo técnico e de dirección do LIFE Wood for Future, así como de profesionais e científicos vinculados a este proxecto, que se desenvolve en Andalucía.

## Deputación e Concello asinan o acordo de cesión de Fermín Rivera

A LU-P-2911, denominada Fermín Rivera, pasa a ser propiedade do Concello despois de que o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López, asinaran a cesión da vía provincial, unha medida aprobada no Pleno provincial coa que a institución dá resposta a unha solicitude do Goberno local ao tratarse dun treito urbano con servizos urbanísticos de titularidade municipal. Esta estrada ten 730 metros de lonxitude e parte da intersección coa estrada vella de Santiago, da Ponte Vella, rematando nas proximidades da igrexa de San Lázaro.

José Tomé e Lara Méndez visitaron esta vía acompañados da Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o Deputado de Promoción Económi-



Reponsables da Deputación e do Concello, visitando a zona

ca e Social, Pablo Rivera Capón, e o Concelleiro de Medio Rural e Medio Ambiente, Miguel Fernández.

O presidente enmarcou a cesión de Fermín Rivera no compromiso da Deputación de cooperar cos concellos. A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez,

agradeceu a transferencia desta rúa, de 703 metros de lonxitude “xa que posibilitará unha actuación máis áxil dos servizos municipais sobre o mantemento das dotacións públicas e a ordenación do tráfico na contorna”.

## As empresas poden presentar ofertas para a obra do cubo VI da Muralla

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de licitar as obras de posta en valor da cloaca e outros elementos arqueolóxicos situados na contorna do cubo VI da Muralla de Lugo, ás que destina un orzamento de 72.300 euros.

As estruturas máis visibles son o pasadizo ou galería de forma rectangular que discorre perpendicular ao adarve atravesando o lenzo, e unha balsa rectangular ou piscina construída en paralelo ao monumento e unida a este por dous muros laterais, un deles con acceso de escaleiras.

A hipótese máis probable é que

formaran parte dunhas instalacións máis amplas dedicadas á produción de curtidos. O túnel foi atopado durante as obras de rehabilitación do Cubo VI no ano 2016, e traballouse dende entón ampliando as escavacións arqueolóxicas e estudando o achado con miras a esta musealización. Tamén foi preciso recabar a colaboración do concello para modificar a rede de saneamento e liberar o acceso á embocadura do pasadizo. Nesta nova fase vaise proceder á escavación dunha gabia en paralelo ao muro que acomete á Muralla ao norte da piscina e chega hasta os se-

tos, e á escavación da parte superior do muro que flanquea a escaleira para determinar a configuración da mesma.

No que respecta ás actuacións para a posta en valor, para a galería interior colocaranse luminarias idénticas ás do peto do adarve e colocadas á mesma altura, e para iluminar a piscina utilizaranse as mesma luminarias que se colocaron como bañadores de parede nas escaleiras orixinais. Haberá escaleiras para o acceso ás partes inferiores da piscina, e a galería poderá verse a través dun acristalamento con vidro laminar.

## Ciudadanos lamenta a xestión co servizo de recollida de lixo

O concelleiro de Ciudadanos Juan Vidal-Pardo censurou a xestión do Goberno co servizo de recollida de lixo. “Este novo recurso, que por previsiblemente non é menos problemático, dáunos de novo a razón e constata unha vez máis que todo o Goberno estiveron enganado descaradamente aos lucenses. A pesar de toda a propaganda que dedican a vender unha xestión verde, sostible e respectuosa co medio ambiente a crúa realidade é que vivimos nunha cidade que non ten capacidade para reciclar, carecemos de puntos de recollida de aceites, baterías e non dispoñemos do quinto contedor para a materia orgánica”, asegurou.

## Comezan os traballos de renovación de Lamas de Prado

Veñen de comezar os traballos de renovación integral rúa Lamas de Prado proxectados pola área de infraestruturas.

O Goberno de Lugo inviste 533.933 euros nesta actuación, que foi adxudicada a Construcións RÁFER S.L. Rubén Arroxó destacou a importancia desta obra, dado que “Lamas de Prado é a conexión central dunha zona que conta con máis de 15.000 habitantes”, e afirmou que “actuaremos tanto na renovación da parte visible da rúa, como a estrada e as beirarrúas, e nos servizos que están soterrados”.

A seguridade vial da zona mellorará con esta renovación. A renovación

das beirarrúas permitirá aumentar a accesibilidade ao eliminarse as barreiras arquitectónicas presentes na actualidade. “Ao mesmo tempo, continuarase avanzando no calmado do tráfico, ao instalarse na zona novos pasos de peóns elevados, ademais de mellorarse a disposición da sinalización vial”, explicou o concelleiro. O treito fronte á praza do Castiñeiro converterase nunha nova plataforma única, gañando espazo peonil.

Renovarase, ademais, o mobiliario urbano e as zonas verdes da zona e instalarse unha nova marquesiña para a parada do bus urbano, e habilitaranse novos aparcabios.

## O PP reclama un novo centro de saúde no Sagrado Corazón



O voceiro do Partido Popular Ramón Carballo reclama que o Concello de Lugo busque con urxencia unha parcela ou un inmovible que cumpra os requerimentos necesarios para a construción do novo centro de saúde do Sagrado Corazón. Esta proposición dos populares “é preventiva” xa que desconfían que “pola falta de interese do goberno local chegue a bo porto a cesión do edificio do antigo colexio do Sagrado Corazón por parte da entidade bancaria”.

Dende o PP “levabamos anos reclamando que o goberno local fixese as xestións oportunas con ABANCA para co que “en canto o novo colexio abrise os equipamentos de uso educativo, os vellos pasasen a ser titularidade municipal e polo tanto se lle puidese dar un uso público”.

Ramón Carballo afirma que con esta infraestrutura o goberno de Lara Méndez repite unha estratexia de

vitimismo “cando queda constatada que houbo, polo súa parte, dende hai anos unha inacción de libro, sempre a expensas de que outras administracións lle solucionen os problemas”

“Un bo xestor, a estas alturas, xa tería en propiedade estas dotacións para que os veciños puidesen desfrutar dunha pista polideportiva aberta, unha gran praza pública, locais para asociacións de tipo social, veciñal ou xuvenil e a maiores xa se podería contar cun informe no que se analizase se os edificios do antigo colexio se adaptan para un uso sanitario. Deste xeito se avanzaría na busca de terreos no barrio para poñer a disposición da Xunta e tramitar a construción dun novo centro de saúde”. “En vez de todo isto, o que temos no barrio son uns edificios pechados e infraestruturas que poderían utilizarse para o ocio e o deporte valladas”.

## Rematadas as obras na igrexa de San Pedro de Lugo



Rematadas as obras na igrexa do mosteiro de San Francisco de Lugo, actual igrexa de San Pedro.

A meirande parte da intervención centrouse na eliminación das patoloxías existentes no ben e vencelladas coa filtración de auga na zona da cuberta, nos muros exteriores ou na cabeceira do templo. Ademais, o proxecto completouse coa restauración dos elementos decorativos máis singulares que caracterizan á igrexa como a portada histórica, o rosetón sur, a cornixa de molduras pétreas, o artesoadado, os vanos góticos e contrafortes das capelas da cabeceira ou en elementos escultóricos como a cruz

floreznada ou o Agnus Dei. Para conseguilo, os técnicos implicados nesta intervención fixeron un estudo previo no que comprobaron o estado do templo para, posteriormente, iniciar un proceso minucioso de restauración e consolidación no que se solucionaron problemas estruturais e de acceso de pluviais ao tempo que se mellorou a capacidade higrótérmica e se fixeron recuperación puntuais de policromía. A igrexa de San Pedro está protexida polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben de interese cultural (BIC), coa categoría de monumento desde xuño de 1931.

## Europastry aplicou un ERTE a 277 traballadores



Europastry aplicou un ERTE sobre 277 traballadores debido á folga de transporte. As plantas de produción de Lugo estiveron paradas unha semana debido á falta de materias primas. A isto sumouse que os produtos xa elaborados permanecen almacenados ao non ser posible o seu traslado e distribución.

O grupo catalán Europastry, aplicou un Expediente de Regulación Temporal de Empleo dende o mércores 23 á maior parte dos traballadores da planta de Ingapan do Ceao, Kentes de Outeiro de Rei e Hornos San Fiz de Begonte. Nelas producíanse diferentes clases de pan, empanadillas, pasteis e pizzas.

A imposibilidade de manter a produción é debido á falta de materias primas para a elabo-

ración dos alimentos ademais, tampouco podían realizar favorablemente a súa distribución.

Polo de agora, o ERTE tan só afecta ás plantas lucenses isto non supón un desabastecemento dos seus produtos xa que ao longo de todo o territorio español, a empresa conta cunha gran capacidade de almacenaxe que impide a rotura na cadea de distribución aos clientes.

Esta é a primeira empresa de Lugo que se ve obrigada a realizar un ERTE sobre os seus traballadores como consecuencia do paro do transporte. A duración do ERTE non está determinada xa que nun primeiro momento prevese que se estenda ata finais de mes, podendo revisarse segundo o que aconteza co paro de transporte.

## O Goberno anuncia rebaixas no combustible e outras medidas

O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, presentou o Plan de Resposta ao impacto da guerra en Ucraína e que inclúe o veto aos despedimentos e a bonificación cun mínimo de 20 céntimos o litro de combustible a todos os cidadáns, non só a transportistas. Este plan está valorado en 16.000 millóns de euros.

Estas medidas foron publicadas tras dúas semanas de folga no transporte con importantes repercusións en todos os sectores, en especial na provincia de Lugo, onde a plataforma convocante ten moito peso social e que participou activamente nas protestas a través de manifestacións, cortes de tráfico, etc...

Este plan conta con cinco eixos que abarcan axudas a familias, traballadores, desprazados e ao tecido empresarial, así como medidas en materia de transportes, ciberseguridade e enerxía.

Entre as medidas para axudar ás familias, traballadores e persoas desprazadas destaca a bonificación cun mínimo de 20 céntimos o litro de combustible a todos os cidadáns, non só aos transportistas.

O Goberno aplicará unha rebaixa de 15 céntimos e as petroleiras un mínimo de 5 céntimos, aínda que



Os transportistas cortaron a A-6 á altura de Guitiriz

algunhas compañías xa anunciaron rebaixas superiores.

Este eixo dirixido a cidadáns tamén incorporará a limitación das revisións das subidas dos prezos dos contratos de alugueiro de vivenda ao 2% no próximos tres meses, así como o aumento do 15% na contía do Ingreso Mínimo Vital (IMV) para chegar a máis familias vulnerables. Ademais, estenderase a 600.000 familias máis o bono social eléctrico, ata chegar aos 1,9 millóns de fogares, se prórroga ata o 30 de xuño a rebaixa impositiva na luz e permitírase que as empresas acudan a medidas de flexibilidade, como os ERTE, á vez que se prohiben os despedimentos, como xa sucedeu durante a pandemia.

No que respecta á parte enerxé-

tica, Sánchez anunciou que presentará a Bruxelas unha medida "excepcional e temporal" para fixar un prezo de referencia do gas; ademais actualizará o réxime retributivo específico da produción de enerxía eléctrica a partir das fontes de enerxías renovables, coxeración e residuos, o que supoñerá unha rebaixa dos cargos do sistema eléctrico ata o 55% en 2022.

En canto ás medidas para apoiar ao tecido económico e empresarial, o presidente anunciou unha nova liña de avais de créditos ICO por 10.000 millóns de euros para cubrir necesidades de liquidez provocadas polo aumento temporal do custo da enerxía e os combustibles. Tamén haberá axudas directas ás empresas de transporte.

## O BNG solicita medidas para paliar as consecuencias da inflación

O BNG defendeu no Pleno provincial a intervención no mercado eléctrico para dar unha solución estrutural á escalada de prezos que ven lastrando aos sectores produtivos e ás familias galegas.

O voceiro nacionalista Efrén Castro fixo fincapé nesta cuestión no debate dunha moción que reclama aos gobernos do Estado e da Xunta de Galicia medidas urxentes para paliar as consecuencias da crise inflacionista histórica que afecta á economía galega que, incidiu, se "agravou coa invasión de Ucraína pero que arrasamos desde antes".

O deputado do BNG argumentou que a "illa enerxética" que recoñeceu a Unión Europea para a Península Ibérica dá a razón á demanda dunha tarifa eléctrica galega, que teña en conta que Galicia é un país produtor e exportador de electricidade. Ademais da intervención inmediata no sector enerxético para controlar

os prezos da electricidade e do gas, a moción propón a baixada selectiva do IVE de produtos e subministrados básicos ou a protección do sector primario evitando a venda a perdas e impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración.

A proposta tamén reclama a necesidade dunha revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.

O deputado nacionalista defendeu esta batería de medidas para que a crise xerada pola escalada de prezos non a paguen as maiorías sociais. "Evidentemente traemos medidas para que o Estado exerza un control sobre o mercado", reafirmou fronte ao PPdeG, que votou en contra cri-

ticando "o intervencionismo" das medidas, e do PSdeG que se cinguiu "ás medidas que se aprobaron no Consello de Ministros".

No Pleno ratificouse unha declaración institucional de condena á invasión de Ucraína consensuada polos tres grupos da corporación provincial o pasado 8 de marzo. O voceiro do BNG lamentou que o PSdeG, secundado polo PPdeG, buscasse romper esa unidade cunha moción que subordinaba a condena á invasión rusa ao "firme compromiso" coa OTAN.

Tras non se aceptar por parte do grupo socialista unha emenda de substitución do BNG referenciada na Unión Europea, Efrén Castro lamentou que "nunha moción que quere falar da paz se faga unha defensa a ultranza dun mecanismo de guerra como é a OTAN" e reiterou "a condena clara e inequívoca da invasión da Ucraína por parte do exército ruso".

## Panadeiros piden garantías para manter o abastecemento de materias primas

A Asociación Provincial de Fabricantes de Pan de Lugo (Afapan), xunto coa Federación Galega de Fabricantes de Pan (Fegapan), reclaman a inmediata posta en marcha de medidas de emerxencia para garantir o abastecemento de materias primas ás panadarías.

Estas asociacións empresariais do pan sinalan "xa hai un forte desabastecemento de carnes de todo tipo, o que dificulta a elaboración de empanadas, ou de aceite de xirasol, pero a cada vez máis perentoria falta de provisión de fariña pode determinar o desabastecemento dun produto básico, o pan, á poboación".

O colectivo é moi pesimista: "de continuar así a situación dos almacéns" -subliñan- "a maioría das panadarías terán que pechar nos próximos días".

"Urxe que se garanta a entrada

de fluxos de fariña e reclaman medidas para que cheguen aos almacéns camións coa necesaria materia prima". Destacan que nestes intres moitos establecementos están a sobrevivir "con movementos para o microabastecemento", pero que esta estratexia "non é sustentable nin viable no tempo". Fabricación de pan é un sector que xa estaba a sufrir unha forte redución de marxes e unha situación de crise progresiva a raíz do incremento de custos, fundamentalmente pola subida da enerxía eléctrica e os cereais, que se viu agravada, primeiro, coa guerra en Ucraína e, agora, co paro do transporte.

Os panadeiros subliñan que as perdas económicas para os seus establecementos van ser xa irrecuperables e piden responsabilidade a todas as partes.

# Feijóo anuncia investimentos na cidade por valor de 9 millóns

O titular do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, anunciou o impulso de 2 sendas metropolitanas, 3 aparcadoiros e a mellora de 96 paradas de autobús na cidade de Lugo e a súa área, cun investimento de preto de 9 millóns de euros. Cunha achega total de 4,7 millóns de euros, Feijóo explicou que a primeira senda conectará a intermodal co Lucus Augusti e terá 3,4 quilómetros de lonxitude; e a segunda conectará o Parque de Rosalía, a Ponte Vella e a Estrada de Santiago.

Por outra banda, os tres aparcadoiros disuasorios contarán cun investimento de 1,1M€: un deles terá 150 prazas nas proximidades do enlace da N-VI coa N-540; e os outros dous aparcadoiros estarán nos accesos á vía de altas prestacións Nadela-Sarria-Monforte -un con 30 prazas na contorna de Nadela e outro con 30 nas proximidades de Monforte-.

No tocante á mellora das paradas de autobús, o presidente galego destacou actuacións por un importe de 2,8 millóns de euros nun total de 96, situadas en estradas autonómicas con acceso á cidade de Lugo.

**SANIDADE.** Alberto Núñez Feijóo, anunciou tamén un investimento de máis de 3 millóns de euros para a reforma do Servizo de Medicina Nuclear do Hospital Público Lucus Augusti e constatou os avances da mellora do Centro de Saúde da Milagrosa, que conta cun orzamento de 2,5 millóns de euros.

Feijóo precisou que o servizo de



medicina nuclear trasladarase á planta 0 do hospital e dotarase de novo equipamento, coa instalación dun PET-TC -clave para a diagnose de tumores ou enfermidades neurodegenerativas-, e a renovación da gammacámara existente. Así mesmo, incorporáranse cinco TAC, un novo equipo de branquiterapia e outro de anxiografía neurorradiolóxica, financiados con cargo á partida orzamentaria de 2022 destinada á adquisición de tecnoloxía e equipamento sanitario.

No tocante á reforma do Centro de Saúde da Milagrosa, precisou que se levará a cabo unha renovación da estrutura física, así como a reorganización da asistencia, co obxectivo de dotar ao centro de: 6 consultas de medicina xeral e 6 de enfermería; 2 consultas de docencia; 1 despacho de traballo social; 2 salas polivalentes; 1 sala de técni-

cas; 1 sala de urxencias; 1 de toma de mostras e espazos de admisión, sala de xuntas, salas de estar e vestiarios. Ademais dun espazo para a entrada de ambulancias baixo teito e un espazo no interior para cadeiras de rodas ou padiolas.

Así mesmo, salientou que, no marco do Plan de Infraestruturas, na provincia construíranse 6 novos centros de saúde en Antas de Ulla, Pantón, Ribadeo, Becerreá, Guntín e Sagrado Corazón (na cidade); e reformáranse media ducia -o de Foz, Meira, Outeiro de Rei, Ribas de Sil e, na cidade, os de Praza de Ferrol e o mencionado da Milagrosa-.

**POLÍGONOS INDUSTRIAIS.** Subliñou que a urbanización da terceira fase do parque empresarial das Gándaras adxudicárase este mes e permitirá habilitar 25 novas parcelas.

## O Concello acata a sentenza do 010 e o mesmo día despide ás traballadoras

O Concello de Lugo decidiu executar a sentenza, xa firme, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia este mes e que recoñece o dereito das traballadoras do 010 a ser admitidas como persoal laboral indefinido da Administración local.

Deste xeito, o Executivo acordou a súa incorporación, acatando así o ditame mais, a continuación, procedeu a aprobar o seu posterior despido, "segundo as pautas recomendadas por diferentes informes técnicos, en prol de garantir que o servizo de atención telefónica poida prestarse axeitadamente á cidadanía".

A tenente de alcaldesa e responsable de Recursos Humanos, Paula Alvarellos, sostivo que, "na decisión entre o que se quere facer, a continuidade destas traballadoras, e o que podemos facer como Administración debe imperar sempre a garantía xurídica, os valores da función pública e o interese xeral".

A edil explicou a argumentación na que foi sustentada a decisión, en tanto "incorporar nestes

momentos a estas catro persoas, sen praza contemplada na Relación de Postos de Trballo, as mantería sen funcións, xa que non é posible adscribilas a postos vacantes porque non existen postos de teleoperadoras semellantes que estean baleiros".

"Habería que artellar, por tanto, unha modificación da RPT e asignar os seus postos a outros departamentos, mantendo a súa función como teleoperadoras, e mentres habería que descontar a partida de 85.000 euros á que ascenden conxuntamente os seus salarios da consignada para prestar o servizo de atención telefónica, cuxo orzamento anual é de 93.000 €, o que minguaría, e case impediría, a funcionalidade do 010", referiu a concelleira.

Alvarellos Fondo asegurou, así mesmo, que o Concello está a avanzar na preparación dos pregos dun novo procedemento para sacar a licitación o 010 despois de analizar os custos que suporía asumilo con recursos propios.

## Os populares lamentan a parálise das licenzas

O vicevoceiro do Grupo Popular lamenta que "pola falta de xestión deste bigoberno se bloqueen 46.7 millóns de euros en investimentos privados en obras maiores". Esta cifra estimativa corresponde ás 206 licenzas que o goberno local informou que están "en diferentes fases de tramitación, pendentes de resolver (correspondéndose 2 ao ano 2019, 35 ao ano 2020, 116 ao 2021 e 53 ao 2022)".

Os populares fixeron este cálculo tomando como base a media de gasto das intervencións autorizadas en 2021 e que foi de 226.573 euros. Esta cantidade multiplicada polas 206 licenzas pendentes suma os 46.7M euros.

Os populares ofreceron esta cifra na xornada na que se reunen coa Asociación de Constructores manifestando que non hai excusas que xustifiquen a situación que se vive en Lugo coa tramitación de licenzas. Ameijide manifestou que "o concello como administración máis próxima debería ofrecer solucións e non xerar un problema a este sector que, nas últimas semanas, sufriu outro mazazo coa folga do transporte que motivou o

peche de varias obras".

O vicevoceiro popular lembrou como "o primeiro lastre do bloqueo das licenzas en Lugo é que se frean as contratacións directas relacionadas con gremios vinculados ao sector da construción (electricistas, pintores, escaiolistas); en segundo lugar, afecta ás empresas e negocios vinculados coa equipación (tiendas electrónica, mobiliario ...)". O terceiro lastre é o que repercute sobre o emprego indirecto xa que dentro dos expedientes pendentes de resolución hai casos de ampliación de empresas, novos negocios, ampliacións de naves ..." concluíu Ameijide.

Por último, dende o Grupo Popular cren que para desatascar o cuello de botella das licenzas de obra se debería contratar unha asistencia técnica "que actualice e revise todo o que está pendente para que o departamento de urbanismo colla o ritmo e sexa capaz de funcionar dacordo cos prazos que marca a lei". "Se hai concellos que son capaces de resolver as licenzas en tres meses nós non podemos ser menos", resumiu.

### zona rural

## O Concello actúa contra a proliferación da vespa velutina

O Concello de Lugo, a través da Área de Medio Rural, lanzará unha campaña para loitar contra a proliferación da vespa velutina no municipio a través dunha campaña de trampeo profesional de raíñas durante esta primavera.

Colocaranse 1.000 trampas en todo o municipio e preto dos núcleos das 54 parroquias que configuran a zona rural de Lugo e nos lugares que sexan máis propensos á realización de niños. Os traballos, que xa comezaron, seguirán durante esta primavera, e para os mesmos contan coa colaboración do Servizo Municipal de Protección Civil.

## O PP quiere incentivar de novo a feira de Nadela

O Grupo Popular quiere que as feiras de Nadela, que se celebran o 15 e o penúltimo día de cada mes, sexan unha referencia para os lucenses. O concelleiro popular Rafael Pérez enumera unha serie de accións para que o bigoberno estude "co ánimo de conseguir unha maior animación e revitalizar estas feiras".

O primeiro sería deseñar unha campaña de difusión e promoción deste evento "Se ben somos conscientes que nesta Carballeira xa está consolidada a carpa coas polbeiras falta a presenza dos tradicionais postos de venda de produtos de proximidade". Nese senso, o PP propón que

"nos locais que hai na zona lateral se habilite a infraestrutura necesaria para montar un mercado no que os produtores poidan ofrecer alimentos de temporada, artesanía, etc. Para atraer vendedores a este mercado se lles podería, a cambio, ofrecer incentivos como, por exemplo bonos para que coman de balde o polbo o día que acudan á feira cos seus produtos. Rafael Pérez manifestou como "neste momento, trala pandemia, a veciñanza valora cada vez máis a calidade do produto e o consumo de proximidade. O sector agroalimentario é hoxe por hoxe un pilar estratéxico para a nosa economía".

# DEPUTACIÓN

## Deputación e EOI ofrecen axudas para incorporar mozos en prácticas remuneradas

A Escola de Organización Industrial (EOI) xunto coa Deputación convocaron unha liña de axudas por un importe total de 210.000€ para empresas e asociacións da provincia interesadas en contar con mozos e mozas en réxime de prácticas non laborais remuneradas. O prazo de solicitude abriuse este mércores tras a publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) da convocatoria, enmarcada no programa Reinicia-te: Enfoca o teu futuro que teñen en marcha a institución provincial e a EOI, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e que ten como obxectivo favorecer a inserción laboral da mocidade en profesións con alta demanda, como son as vinculadas coas novas tecnoloxías e a dixitalización, a través de formación gratuíta e prácticas remuneradas.

Estas axudas servirán para sufragar

as becas que percibirán os rapaces e rapazas por un período de prácticas non laborais de tres meses. A remuneración total que como máximo recibirá o alumno ou alumna é de 2.084,47€, o que supón 1,2 veces o IPREM mensual. No caso de persoas cunha discapacidade superior ao 33%, a contía total a percibir será como máximo de 2.431,88€ por alumno, 1,4 veces o IPREM mensual. Cada entidade ou empresa beneficiaria das axudas poderá contar con varios alumnos ou alumnas.

Poden optar a esta convocatoria todas aquelas empresas de calquera sector, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que queiran incorporar no seu equipo a mozos para prácticas non laborais e que firmen un convenio co Servizo Público de Emprego con esta finalidade.



Presentación do programa Coñece a túa provincia

## Estrea da nova tempada de Coñece a túa provincia

A Deputación estreou a segunda edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán máis de 3.000 persoas de 136 asociacións e colectivos lucenses. Nesta segunda edición os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia en primavera, dende hoxe e ata o 30 de xuño, e en outono, de setembro a novembro.

A primeira entidade beneficiaria, a Asociación Provincial de Amas de Casa e de Consumidores de Lugo Lucus, visitou o Pozo da Ferida e o concello de Ferreira do Valadouro para despois seguir a ruta no castelo de Castrodouro e a Finca Galea, ambos en Alfoz. A ruta comezou cun percor-

rrido polo Pazo de San Marcos onde puideron coñecer a súa historia.

80 asociacións e colectivos da provincia participarán ata o mes de xuño nas visitas coas que percorreren o patrimonio natural, histórico, gastronómico e cultural dos concellos lucenses", explicou García Porto. A primeira parada de cada viaxe realizarase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Producción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

A institución provincial recibiu 170 solicitudes durante o período de inscrición, das que foron admitidas 135.



## A Deputación reclama á Xunta un plan para a rede de telefonía móbil

A Deputación reclama á Xunta de Galicia que elabore un plan para que os concellos poidan afrontar os gastos que traerá consigo a instalación da rede de telefonía móbil que o Goberno autonómico proxecta para 290 entidades de poboación galegas. Piden que asuma directamente estes gastos ou que elabore un plan de axudas específicas para evitar que os municipios teñan que facer fronte coas arcas locais a estes investimentos. Así o acordou o Pleno provincial deste mes de marzo a proposta do PSdeG, cos votos a favor de socialistas e nacionalistas, e a abstención do PP.

O Deputado de Cooperación e Asistencia aos concellos, Xosé María Arias, explicou que o Goberno autonómico ten proxectado a mellora do servizo de telefonía móbil para mellorar a cobertura duns 7.000 habitantes galegos, pero deixando da man dos concellos os custos de levar a acometida eléctrica ás torres de telefonía móbil. "O plan de dixitalización do rural galego e lucense dista moito da realidade. A Xunta agocha que a parte máis gravosa dos traballos vai recaer nos concellos, xa que

serán eles os encargados de atopar as parcelas para instalar as torres de telefonía, tamén terán que poñer estas parcelas a disposición da Xunta, así como sufragar todos os gastos que xurdan do proceso, tendo en conta que maioría das parcelas estarán situadas en mans privadas", especificou.

Na súa intervención, Xosé María Arias explicou que "a Xunta saca peito de investir 3,7 millóns de euros de fondos públicos para este plan, o que supón 12.700€ para cada núcleo de poboación", pero incide en que pola súa banda, "a Xunta reclámalle uns gastos aos concellos que poderán supoñer un cargo nas arcas municipais de entre 60.000€ e 200.000€, dependendo do concello".

"É lamentable que case dous anos despois a Xunta non teña un plan integrado de dixitalización que estea financiado por fondos europeos, nun rural inmerso nesta enorme fenda dixital", subliñou. "Esta é unha chapuza máis, un remendo do Goberno galego que non soluciona nada, e unha vez máis vemos como a Xunta encarga que paguen outros". Así mesmo, afirmou que "entende-

mos que un goberno que deixa sen executar o 51% dos fondos europeos que percibe da Unión Europea, 1.400M€, non está lexitimado para reclamarlle aos concellos que asuman o custo dunhas infraestruturas básicas para o desenvolvemento de Galicia".

Arias recordou, ademais, os anuncios de Feijóo en decembro de 2020 sobre a Estratexia Galicia Dixital 2030 que pretendía mobilizar 4.000 millóns de euros para aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible co impulso de solucións intelixentes no plano social, económico e ambiental, cunha estratexia que recollía fondos para o período 2021-2022. "O investimento para o período 2022/2023 é de 3,7M€ de fondos públicos, polo que custa crer que a ese ritmo se teñan investido os 2.400 millóns que prometera Feijóo antes de decidir que Galicia lle aburría e que era mellor marchar a Madrid".

O Pleno aprobou unha Declaración Institucional para condenar a agresión que está cometendo Rusia contra Ucraína. Foi acordada de xeito unánime por PSdeG, BNG e PPdeG.

## Aprobadas as obras do Plan Único

O Pleno extraordinario da Deputación aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2022, que nesta anualidade conta con 21,5M€ de fondos da institución provincial.

As entidades locais danlle prioridade aos investimentos -aos que dedicarán 14,6M€, preto do 70% do total dos fondos, para acometer máis de 560 obras e subministracións-seguido da creación de emprego, á que destinan 3,5M€, cos que crearán 300 postos de traballo; e do Ser-

vizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3,2M€ para atender a máis de 3.000 persoas. Dedicarán tamén 200.000€ para medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da pandemia.

Para o Plan, a Deputación achega 21,5M€, unha cantidade importante coa que o Goberno provincial reforza o seu compromiso de cooperación cos concellos para que poidan manter e mellorar a prestación de servizos á cidadanía. Este programa de investimentos inxecta en total máis de 25M€ de fondos públicos na sociedade e na econo-

mía sumando os 21,5M€ que dedica institución provincial e as achegas dos concellos.

Os concellos presentaron as súas propostas para investir estas importantes partidas económicas da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); fomento do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; protección civil; e emerxencia sanitaria.

# AO NOSO CARÓN

portomarín

## O delegado do Goberno supervisa o investimento na vila e o Camiño

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, exemplificou en Portomarín o apoio do Goberno ao Xacobeo e ao Camiño de Santiago, con dúas actuacións cun investimento de medio millón de euros que combinan a necesaria conservación do patrimonio coa utilidade pública e ordenada do mesmo.

No Castro de Castromaior, visitou o novo centro de visitantes, que xa está rematado, e a parte do Camiño recuperada, que era a traza orixinal. O centro de visitantes configúrase como porta e invitación ao coñecemento e visita do Castro de Castromaior, un dos máis grandes e espectaculares de Galicia, pero tamén como alto no camiño para o descanso do peregrino. As obras foron fi-

nanciadas integramente polo Ministerio de Transportes e supuxeron un investimento total de 313.000 euros. Con esta actuación tamén se recupera a traza orixinal do Camiño, que cruzaba o castro. Esta recuperación permite que os peregrinos gañen en seguridade ao non ter que percorrer o camiño que ata agora discorria paralelo á estrada nacional cun evidente risco para os camiñantes.

No que respecta ao edificio de recepción e información, este consta dun espazo de vestíbulo para a recepción de visitantes e peregrinos, dúas salas de exposición e unha área de arqueoloxía, con acceso restrinxido aos arqueólogos que realizan escavacións no castro. As obras executadas permiten o estacionamento na

parcela de automóviles e autobuses. Xa na vila de Portomarín, o delegado achegouse ata o Pazo do Xeneral Paredes, no que o Ministerio de Transportes está a investir 156.500 euros na súa rehabilitación interior. Esta actuación, que xa está moi avanzada, permitirá habilitar o inmovible como centro sociocultural, no que a veciñanza poida realizar diversas actividades e recibir servizos deste tipo nunhas instalacións modernas e adaptadas á normativa vixente. As actuacións inclúen traballos de redistribución do interior, renovación de chans, teitos, muros e carpintería, a instalación dun ascensor e rampas, a creación de vestiarios e aseos adaptados, así como a renovación das instalacións.

## Os socialistas instan ao Concello a mellorar os servizos públicos

Os socialistas de Portomarín instaron ao Concello na sesión plenaria, a través dunha moción, a "solicitar axudas co fin de mellorar as nosas dotacións e servizos públicos, pero unha vez máis atopámonos coa negativa do PP", sinalan.

A Voceira Socialista, Silvia Rodríguez explica que "primeiro solicitei ao Concello que dentro da convocatoria pública do Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos, solicite axudas para rehabilitar a Casa de Cultura, co fin solventar os

problemas de accesibilidade do edificio e a deficiente conservación que presenta". Por todo isto, "lamentamos que unha vez máis perdemos unha oportunidade extraordinaria para mellorar as nosas infraestruturas públicas, a custe cero". E insisten nas súas críticas "estaremos expectantes para coñecer os grandes proxectos aos que non se presenta o concello para mellorar este edificio nas vindeiras datas", advirten.

Dende o PsdeG tamén defenderon outra proposta, que foi aprobada

por unanimidade, co fin de elaborar un Plan de Medidas Antifraude, "un requisito esixible para poder concorrer a estas axudas públicas do Plan de Recuperación".

Por último, Silvia Rodríguez, defendeu outra moción polo tramite da urxencia, que tamén foi aprobada por unanimidade, tras coñecer as denuncias das nais e pais de Portomarín e da Comarca sobre o peche do servizo de pediatría de Monterroso, dando citas para dentro dun mes.

## Convocado o Beerfest en maio

Portomarín acollerá os días 14 e 15 de maio unha celebración que homenaxea a cervexa artesá. O Portomarín Beerfest 2022 é un festival moi interesante e afamado na provincia lucense.

A súa data de celebración entre a ponte de San Isidro e o Día das Letras Galegas garante que os veciños e camiñantes amantes da cervexa farán unha parada obrigatoria na vila para pasar un bo rato e desfrutar deste produto artesán.

Esta celebración contará con actividades complementarias como



catas e maridaxes con produto local gastronómico. Haberá unha cata de whisky impartido por

Agus Blanco, un curso de Cervexa Caseira a cargo de Lager e Ale. Este festival terá lugar na Praza Condes de Fenosa, garantindo ás máximas medidas de seguridade para que a celebración non sexa un risco para os cidadáns. Os postos de comida estarán na devandita praza á beira das casetas de cervexa artesanal. Debido á situación climática desas datas, por precaución, montarase unha carpa con mesas e cadeiras para adecuar un espazo seguro ante precipitacións. A xornada será amenizada con música.

castroverde

## A Deputación licita os servizos básicos na residencia de maiores



A Xunta de Goberno aprobou a licitación do contrato para a prestación de servizos básicos nos centros de atención a maiores de Castroverde e de Pedrafita do Cebreiro por un importe conxunto de preto de 1,4 millóns de euros. En ámbolos dous casos, o contrato terá unha duración dun ano, dende xuño deste ano 2022 a xuño de 2023, coa opción de tres prórrogas anuais. A residencia de Castroverde leva funcionando dende finais do ano 2020. A Deputación promove esta licitación porque este ano conclúe a vixencia do contrato

que está en vigor. A institución aprobou a licitación deste mesmo contrato, que inclúe cociña, limpeza e asistencia, para as residencias de Pol e da Fonsagrada, por un importe de 1,4 millóns de euros, e hai 15 días, para as de Trabada e Ribadeo, por un importe de 1,5 millóns de euros. Outro acordo adoptado nesta Xunta de Goberno sobre as residencias foi a adjudicación dos dous últimos lotes que faltaban do contrato para o equipamento do centro de atención a maiores de Navia de Suarna.

## Riladores 4x4 organiza unha ruta no mes de abril

O Riladores de Castroverde organizan a III Ruta 4x4 no mes de abril. A data da celebración será os días 22 e 23 dese mes e xa quedan poucas prazas para poder participar.

O día 22 de abril terá lugar a presentación da Ruta no Café Bar roma e ás 00.00 horas e haberá un pequeno paseo TT polos arredores da vila.

Ao día seguinte será o gran encontro. Dará comezo ás 8.00 horas coa recollida de dorsais, ás 8.30 horas saída o 1º participante da II Ruta os Riladores Castroverde. Sobre as 20.00 horas rematará a ruta e ás 22.30 os participantes reuniranse unha cea no pavillón municipal A Ferreira.



Para obter máis información pódese chamar ao teléfono 636 705 473 ou 678 430 532.

## Éxito na Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá



A celebración da XVIII Feira do Queixo e Pan de Ousá, no concello de Friol, foi un novo éxito, tras dous anos sen celebrarse por mor da covid.

No encontro deste ano participaron centos de persoas que puideron degustar algunha das mostras gratuítas ofertadas por preto de 59 queixerías e cinco panaderías da zona. En total vendéronse arredor de 14.000 queixos e máis de 4.000 panes. A feira foi inaugurada pola panadeira María José Varela Simón, que estivo xunto ao alcalde friolés no corte da cinta inaugural dunha feira que xa

está camiño de ser Festa de Interese Turístico Galego.

O eixo principal da feira volveu situarse como en anos anteriores na praza Andón Cebreiro para a exposición de produtos. Ao redor da carpa situáronse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio e tamén produtos artesanais e do téxtil. A programación da xornada completouse con concertos e actividades para todas as idades malia que a compra do queixo e o pan e a súa promoción foi o eixo principal da xornada.

## Aberta a inscrición para o vindeiro curso no servizo de Madrugadores

O Concello de Friol continúa co seu programa de conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes do seu pobo, e para iso levará a cabo o próximo curso unha nova edición do servizo de Madrugadores, do que se poderán aproveitar as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo estará en funcionamento durante todo o curso 2022-2023, dende as 7:45 ata as 9:45, que é cando xa come-

za a xornada escolar. Levarase a cabo dentro do recinto escolar, e haberá persoal suficiente encargado de atender as necesidades dos usuarios, polo que as familias poden deixas os nenos ou nenas cando o necesiten e xa irían para a clase correspondente cando comece o horario lectivo do centro, ás 9:45.

Con este programa, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir vivir ao pobo e ma-

## O Concello compra un vehículo para o servizo de medio ambiente

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o Concello lucense, co que a Xunta colaborou o ano pasado cunha axuda de máis de 30.000 euros para a adquisición dun vehículo para o servizo de medio ambiente e extinción de incendios do concello.

A Xunta apoiou ao concello de Friol na compra dun vehículo todoterreo para o servizo de medio ambiente e extinción de incendios. E tal e como indicou a directora xeral o concello carecía de vehículo co que prestar os servizos e medioambiente e extinción de incendios, xa que a brigada ambiental do Concello de Friol contaba cun único vehículo para as tarefas de xestión da biomasa vexetal, limpeza de camiños, das faixas auxiliares e control de residuos, o cal tivo importantes avarías, deixan-



O novo vehículo do Concello de Friol

do ao municipio sen o único vehículo do que dispoñía este servizo.

No caso do concello de Friol, recibiu nos últimos anos máis de 1M€, para saneamento e mellora de accesos e comunicacións, renovación de servizos e pavimentación de beirarrúas, melloras na rede de luz pública e da eficiencia enerxética de

instalacións de luz pública, así como varios parques infantís e recintos verdes. Tamén para a adquisición dun tractor destinado a labores de roza en zonas forestais, estradas e camiños municipais e de dúas desbrozadoras para labores de desbrozado e limpeza das estradas e camiños municipais.

## A Xunta reforza o equipamento no GES

A Xunta reforzará o equipamento de emerxencias dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) coa entrega a 10 destes grupos ao longo deste mes de distintos vehículos – 3 furgonetas 4x4, 2 vehículos tipo autobomba rural lixeira (BUL) e 4 camiños Bomba Rural Pesada (BRP) para mellorar a eficacia nas súas intervencións e que suporán un investimento de máis de 1,3 millóns de euros.

Por unha banda, o GES de Santiago-Noia-A Barcala con sede no concello coruñés de Brión; o de O Ribeiro que atende a subzona de Avión; e

o de Folgoso do Courel, que dá cobertura a área de Quiroga e Terra de Lemos recibirán cadansúa furgoneta 4x4 dotada con 500 litros de auga e completamente equipadas. O investimento nestes tres vehículos acada os 270.000 euros.

Pola súa banda, os GES da Terra Chá-Lugo con sede en Friol e o de Ulla-Umia con base en Moraña contarán cun vehículo tipo autobomba rural lixeira (BUL) en cada caso cunha capacidade de 1.350 litros de auga. A Xunta destinou 300.000 euros á adquisición destes 2 vehículos adecuados para primeira interven-

ción en caso de incendio ou noutras actuacións de salvamento e, adaptados polas súas características e tamaño, a aqueles núcleos con vías máis estreitas e de difícil acceso.

Por último, nas próximas semanas a Xunta tamén fará entrega de 4 camiños tipo Bomba Rural Pesada (BRP) nos que investiu 792.000 euros. Os destinatarios destes vehículos serán o GES de Muros, o de Ortigueira que cubre a área de Ortegaleira e Ferrol, xunto co grupo que atende a Mancomunidade do Val Miñor e o servizo municipal de emerxencias de Pontearreas.



**BREOGÁN.** Os xogadores Dzanan Musa e Marko Lukovic, e os adestradores Vejko Mrsic e Javier Muñoz do CB Breogán visitaron aos maiores no Centro de Día de Friol, xestionado por Afalu. Así, compartiron e charlaron cos usuarios e persoal que atende no centro.



## GDR4 dirixe un proxecto europeo para o desenvolvemento rural

Esta semana o GDR 4 – ADR Comarca de Lugo acolleu na súa sede en Friol aos participantes do proxecto Erasmus+ KA220 Rural Plus os cales son: Nouseva Rannikoseutu (Finlandia), IPN INCUBADORA – Asociación para o Desenvolvemento de Actividades de Incubación de Ideas e Empresas (Portugal), University of Cyprus (Chipre), Associazione Culturale Enjoy Sicily (Italia) e a Asociación Cultural Inglicia (España) para o seu primeiro encontro presencial deste proxecto, do que é coordinador o GDR 4. O proxecto Rural Plus é un proxecto de cooperación cunha duración

de 2 anos que ten como obxectivo crear itinerarios de formación innovadores, baseados en experiencias de éxito, así como no desenvolvemento de metodoloxías que fomenten a participación, para que os mozos poidan desenvolver habilidades e destrezas acordes aos tempos, tendo acceso a unha serie de oportunidades como o sector TIC, que lles permitirá incrementar as súas oportunidades laborais así como poñer en marcha o seu propio negocio rural. Por este motivo, en primeiro lugar realizarán un estudo de investigación a nivel europeo para pes-

quisar cales son as principais necesidades das persoas que viven en áreas rurais, e logo deseñar a capacitación de itinerarios a partir das respostas ofrecidas polos propios mozos.

Grazas aos resultados deste estudo, poderán ofrecer unha resposta adecuada ás necesidades das persoas que viven nas zonas rurais, en forma de ferramentas e metodoloxías efectivas que estimulen e fomenten a participación, á vez que potencien e melloren as competencias profesionais. O proxecto irá dirixido a varios colectivos, principalmente a mozos



Presentación do proxecto en Friol

e adultos (tamén mentores e formadores), pero tamén persoas con menos oportunidades, mulleres e mozos desempregados e traballadores con baixa cualificación. O presidente da Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca

de Lugo e alcalde de Friol, José Ángel Santos, visitou estes días aos socios do proxecto para coñecelos en primeira persoa e darlles a benvida ao municipio así como ánimos e apoialos para que o proxecto sexa todo un éxito.

## As Mulleres Rurais inclúen a costura

A Asociación Mulleres Rurais de Pol continúa neste 2022 con varias das súas actividades e amplía o catálogo con un de costura.

Os luns teñen lugar as clases de ioga de 16.00 a 17.00 horas, dirixidas por Donvina e o martes (de 23.00 a 24.00 horas) e xoves (de 21.30 a 22.30 horas) é a vez das de pilates, con Rocío. Nos tres casos teñen lugar no local da Carballeira. Ademais, o mércores contan con piscina e agyagym, de 21.30 a 22.15 horas, a cargo de Miguel na piscina da Pastoriza. Engaden agora clases de costura e bolillos os xoves de 16.00 a 18.00 horas na biblioteca de Mosteiro, que serán impartidas por Marisa.

Para inscribirse hai que poñerse en contacto coa asociación a través dos teléfonos 633 378 590, 666 230 570 e 616 129 825.

## A ruta Trotamontes será o 16

Os club Trotamontes de Pol recupera a súa cita anual coa celebración da XIII ruta o 16 de abril arrancando desde Mosteiro, unha cita que anteriormente reunía arredor de 150 participantes.

A chegada de participantes está prevista ás 8.00 e as 9.00 horas dará saída diante do Concello de Pol, en Mosteiro. A partir de ahí, realizarase a ruta que discorrerá por camiños e pistas forestais deste Concello de outros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan so para facer cruces ou como enlace entre tramos.



## 233 vivendas teñen Internet ultrarrápido con Adamo

Adamo xa ten fibra óptica en 233 fogares de Pol. En concreto, en inmobles situados en San Martiño de Ferreiros, Santa María de Valonga, San Martín de Lúa, Santiago de Milleiros e Santo André de Ferreiros. Alcanzada esa cifra, o operador cumpriu co compromiso adquirido co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Con todo, a instalación pode ir máis aló neste concello lucense, dado que é intención dos responsables da compañía levar Internet ultrarrápido ao resto de parroquias de Pol mediante investimentos propios. Sempre, iso si, que se rexistre demanda para iso entre os veciños. Así, aquelas persoas interesadas en beneficiarse do sinal e o servizo de Adamo en Pol poden apuntarse no seguinte grupo da web de Adamo: <https://adamo.es/é/fiberhood/fibra-pol> Adamo proporciona a fibra

óptica máis veloz dispoñible no mercado (1.000 Mb), que ningunha outra empresa supera. Esa potencia permite estar máis preto dos seres queridos que se atopan lonxe, teletraballar con garantías, pasar citas médicas en remoto, acceder a educación en liña, comprar por Internet ou gozar de videoxogos, películas e series a través da Rede.

**APOIO MUNICIPAL.** O despregamento, que conta co respaldo do seu alcalde, Lino Rodríguez Ónega, enmárcase no exhaustivo plan de expansión que Adamo está a desenvolver na provincia de Lugo, que incluíu a instalación de fibra óptica en máis de 65.000 domicilios no últimos catro anos, entre 2018 e 2021. A eles sumaranse outros 14.000 ao longo de 2021 para redondear un total próximo aos 80.000 fogares na rede de Adamo.

## Mosteiro acollerá en xullo a II Edición do Campus KingTela

Do 2 ao 9 de xullo de 2022, a localidade de Mosteiro, no concello de Pol, acollerá a II Edición de Campus KingTela. Unha semana repleta de moito baloncesto, un equipo técnico de primeiro nivel, xogadores profesionais, actividades, noites temáticas, competicións, piscina... e dos irmáns Erik e Sergi Quintela, así como de Fernán Varela, Adrián Chapela, Roi Vega, Will Pereiro, Nacoho Silva e Nacary Rojas, entre outros.

Ademais haberá fisioterapia, seguro e enfermería, e por suposto un servizo de bus entre Lugo e Mosteiro e viceversa.

O campus conta con dúas modalidades, interno e externo. A interna ten aloxamento, 5 comidas,

veladas nocturnas, adestramentos nocturnos e activación matinal e todo por un prezo de 430 euros; e o réxime externo son 3 comidas, a chegada é ás 10.00 horas e a saída ás 19.45 horas por 260 euros.

O campus terá descontos para os que se inscriban antes do 24 de abril, de 50 euros para internos e de 30 para externos.

Haberá agasallos como a equipación completa (camiseta y pantalón) máis cubre. Marca Wibbo, un diploma de participación, un póster oficial Campus Kingtela e variados sorteos e moitas máis sorpresas.

Xa se poden realizar as inscricións na web [www.kingtela.com](http://www.kingtela.com).



**DÍA DA ÁRBORE.** Uns 41 escolares do CEIP Rosalía de Castro de Pol celebraron o Día da Árbore coa plantación de máis de medio cento de castiñeiros, unha actividade promovida pola Fundación Amigos de Galicia en colaboración co Concello. Esta iniciativa enmárcase dentro do proxecto O futuro nas túas mans.

## Amigos do Miño prepara o río para a tempada de pesca

A sociedade de Amigos do Miño, de Ponte de Outeiro realizou estes días unha serie de traballos co propósito de preparar o lugar para a tempada de pesca.

Así, tanto nos coutos de Terrachá e Castro de Rei, como nos libres do río Miño e río Pequeno, realizaron a reposición de táboas de pasarelas, colocación de tela antideslizamento en 7 pasos e 2 pasarelas, limpeza de lixo no río Pequeno e construción de nova pasarela en Gavín, (couto de Terrachá).

Un total de 15 persoas participaron nestes labores sen ánimo de



Obras nunha das pontes

lucro e que buscan dar seguridade aos pescadores e usuarios do río na tempada de primavera.

## Margarita Ledo recibe o Pedigree no Festival de Cans

A asemblea da Asociación Cultural Arela, que organiza o Festival de Cans, acordou conceder a distinción de Honra, o Premio Pedigree, á cineasta, escritora e investigadora, Margarita Ledo Andión, nada en Castro de Rei no 1951, unha das autoras cunha traxectoria máis transversal no cinema galego abarcando campos tan diversos que van desde a creación e investigación á docencia no ámbito audiovisual.

Arela, quere premiar en Margarita Ledo "por unha obra caracterizada pola defensa da lingua, a visibilidade das mulleres anónimas e a intención de reconstruír a identidade dun país

recatando a memoria borrada".

Margarita Ledo recibirá este ano o Premio Pedigree, a máxima distinción que outorga o Festival de Cans co Can de Pedra, e colocará a súa no Torreiro das Estrelas no marco da XIX edición do Festival, que se celebrará entre o 18 e o 21 de maio.

Ledo foi directora de catro longametraxes pero co seu último filme, Nación (2020), obtivo varios recoñecementos como o premio á mellor dirección de película española no Festival de Cinema Europeo de Sevilla, o Mestre Mateo ao mellor documental, e foi preseleccionada para os Premios Goya.



### VISITAN O CIAR E O PARQUE TECNOLÓXICO DE ROZAS.

Máis dun cento de alumnos e alumnas de 3º e 4º de ESO do CPR A Inmaculada de Lugo (Maristas) coñecerán de preto este mes de marzo o traballo que se realiza no eido dos vehículos non tripulados no Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR) así como nas instalacións das empresas Indra e Babcock no Parque Tecnológico e Industrial de Rozas.

## O polo aeroespacial recibirá 12,3 millóns de euros máis

Galicia amplía a 52,3 millóns de euros os fondos destinados á licitación de Compra Pública Precomercial para a selección de socios estratéxicos e tecnolóxicos cos que desenvolver o novo programa de I+D no Polo Aeroespacial de Galicia. Aos 40M€ de fondos propios xa comprometidos, súmanse os 12,34M€ obtidos do Plan Complementario de I+D+i de Biodiversidade do Ministerio de Ciencia e Innovación -ligado ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE- para o desenvolvemento dun programa destinado á monitorización e observación da biodiversidade no que se utilizarán sistemas aéreos e mariños non tripulados para a captura de datos.

O programa realizarase no marco deste plan complementario aprobado na conferencia sectorial, na que participaron o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde; e a directora da Axencia Galega de Innovación, Patricia Argerey. Galicia é, xunto con Canarias, a co-

munidade autónoma que recibe máis financiamento do Plan Complementario de Biodiversidade. A Comunidade recibirá 12,34M€ e achegará 10,6M€ de fondos propios que xa estaban incluídos pola Xunta dentro do orzamento da Estratexia do Polo Aeroespacial de Galicia 2021-2025. Andalucía, Asturias, Extremadura e Baleares son as outras catro autonomías participantes.

Este novo financiamento vén reforzar a capacidade de investimento do Polo Aeroespacial de Galicia e constitúe unha gran oportunidade de crecemento para as pemes e centros de coñecemento galegos e para continuar creando e mantendo emprego de calidade en torno a este sector. De feito, cómpre lembrar que para o desenvolvemento destes novos programas de I+D, a Xunta contará coa colaboración dos novos socios estratéxicos do Polo Aeroespacial.

**LIÑAS DE ACTUACIÓN.** No marco deste programa de investigación Galicia desenvolverá tres liñas de

actuación. A primeira estará centrada no desenvolvemento e despregue de plataformas tecnolóxicas para misións de observación, captura e procesamento de datos de biodiversidade mediante sistemas aéreos e mariños non tripulados; a segunda abordará o desenvolvemento e integración de sensores en sistemas aéreos e mariños non tripulados para a observación e monitorización da biodiversidade e o desenvolvemento de misións de observación; e a terceira consistirá na creación dunha e-infraestrutura integrada para a observación da biodiversidade, que incluírá un centro de proceso de datos que se porá a disposición dos operadores públicos.

Para o deseño das misións a realizar estanse a manter consultas coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia e, a futuro, teranse en conta as necesidades de observación de outros actores como a comunidade científica desta área de coñecemento.

## O BNG pide a reposición urxente de médicos no centro de saúde

O BING solicita á Xunta de Galiza a reposición urxente do persoal facultativo no centro de saúde en Castro Ribeiras de Lea.

Segundo declarou a concelleira do BNG, Digna Lagarón, desde este martes, o centro saúde non conta con persoal facultativo suficiente para o funcionamento normal do servizo sanitario "temos constancia que esta semana houbo baixas no centro de saúde e moitas pacientes tiveron que volver á casa porque non houbo ningún médico ou médica que lles atendese"

Digna Lagarón destacou que este feito é comprobable "neste momento, se accedemos calquera veciña ou veciña á listaxe de ocios para pedir cita na app do SERGAS, non temos citas até primeiros do mes de abril; isto é inadmisíbel"

Por todo isto, a concelleira do BNG fixo fincapé nos problemas sanitarios que leva padecendo esta localidade da Terra Chá "o centro médico de Castro de Rei continua pechado e o centro de saúde de Castro Ribeiras de Lea baixo mínimos; esta é a



política de servizos para o rural do Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza como tamén da nosa Alcadía"

Digna Lagarón declarou que o BNG en Castro de Rei vai continuar denunciando a situación sanitaria pola que pasa o concello "é unha obriga continuar sinalando este atropelo, por isto o BNG vai continuar organizando accións para que a Xunta de Galiza reactive o centro médico de Castro de Rei e contemos con todos os servizos no centro médico en Castro Ribeiras de Lea"

## Por un puñado de grelos representarase o día 10 en Castro



Na casa da cultura de Castro de Rei, a Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei presenta Por un puñado de Grelos de Guillermo Canelo o domingo 10 de abril ás 21.00 horas. A acción transcorre na Terra Chá tendo como límite xeográfico o Río Torto por unha beira e Xustás Town pola outra. Coméntase en Xustás Town, que nun lugar chamado A Escrita, por onde pasa o Río Azúmara, e que está controlado polo pobo dos Valuros, está aparecendo ouro. A Escrita é a única paraxe natural onde se dá a planta sagrada Os Grelos, e un pobo como os Valuros, respetuoso ca natureza e os seus ancestros, non consentirá unha nova invasión por parte do pobo branco.

## A casa de Manuel María celebrou o tradicional concurso de recitado

A Casa-Museo Manuel María festexou o Día da Poesía coa sexta edición do concurso escolar de recitado poético da obra de Rosalía de Castro e Manuel María con alumnado de distintos lugares de Galicia.

O certame, que leva por título *Rosalía sempre viva*, desenvolveuse en dúas sesións, de mañá e de tarde, e contou cunha importante participación, con números superiores a pasadas edicións celebradas antes da pandemia da covid.

Na primeira categoría (1º, 2º e 3º de primaria) a gañadora foi Lara López Vázquez, do CEIP Menéndez Pelayo de Lugo, polo recitado do poema O carro de Manuel María. Na segunda categoría (4º, 5º e 6º de primaria) foi Carla Sánchez Lamas do CEIP Menéndez Pelayo de Lugo, a vencedora co poema A fala de Manuel María.

En Educación Secundaria, na terceira categoría, venceu Sara Martínez Quindimil do CPI de Xanceda (Mesía), polo recitado do poema Castellanos de Castilla de Rosalía de Castro e en 4ª categoría (Bacharelato e Ciclos Formativos) gañou Noelia Fernández Romero, do IES Félix Muriel de Rianxo, polo recitado do poema Silencio de Rosalía de Castro.

Tamén recibiron unha mención honorífica Iago Gayoso López, na categoría 1ª, do CEIP Menéndez Pelayo



de Lugo, polo recitado do poema Rosas de Manuel María; na categoría 2ª, Manuel Pedreira Syeiro, do CEIP Anexo-A Lomba de Vilagarcía de Arousa, por Canto ao idioma galego de Manuel María; na categoría 3ª, Sara López Ramudo, do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba polo recitado do poema Campana de Bastabales; e na 4ª categoría, Mauro Docampo Gacio, do IES Martaguisela do Barco de Valdeorras, polo poema O cedro da horta da Casa de Hortas, de Manuel María.

**CONCURSO DE MÚSICA.** A primeira edición deste certame ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María.

O concurso está aberto á participación de todas as compositoras e compositores que o desexaren, tendo de prazo até o 15 de xuño.

As composicións deberán ser orixinais, inéditas, sen estrear e cunha duración máxima de cinco minutos e mínima de dous minutos e medio. A canción presentada terá que ser sobre un poema, de libre elección da persoa concursante, de entre todos os escritos por Manuel María e estará clasificada dentro da modalidade de canción galega.

Na presente edición as composicións estarán escritas para voz de barítono con acompañamento de piano, estando previsto que en edicións sucesivas sexan para outras voces como soprano, tenor, contralto, baixo, etc. O certame convocado conta cun único premio en metálico de mil euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das persoas finalistas e a súa distribución gratuita a todos os Conservatorios de Música de Galiza.

## Abre o prazo de solicitude para a Escola Infantil

Xa está aberto o prazo de solicitude de admisión para o curso escolar 2022/2023 na Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei, que poderá facerse ata o 2 de maio.

Durante este período de tempo os pais/nais ou titores dos nenos/as que estean na actualidade matriculados na Escola Infantil deberán presentar a solicitude de reserva de praza, no caso de querer continuar na escola infantil no próximo curso.

Paralelamente, os pais/nais ou titores de nenos que desexen acceder a este servizo no próximo curso escolar deberán presentar solicitude de inscrición.

Para ambos supostos hai modelos normalizados que poden obterse na escola infantil e no Concello de Outeiro de Rei; tamén, a través desta nova accédese aos impresos ou premendo no banner que aparece na web municipal destinado a conciliación familiar, familias accédese á información da Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei.

## Inaugurada a tempada de pesca nun tramo do río Ladra



Javier Arias e o alcalde de Outeiro, o día da apertura da tempada

A nova tempada de pesca en augas continentais comezou onte oficialmente na meirande parte dos ríos da Comunidade para os máis de 41.000 afeccionados galegos que contan este ano con licenza en vigor.

Con motivo da primeira xornada hábil para a pesca da troita, a directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, acompañada polo delegado territorial da Xunta

en Lugo, Javier Arias, o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, o tenente de alcalde de Begonte, Luis Luaña, a entidade colaboradora de pesca Asociación Deportiva Río Ladra e os axentes e vixiantes medioambientais da zona, visitaron un tramo do río Ladra ao seu paso por ambos municipios lucenses, desde onde se referiu aos aspectos máis destacados da campaña 2022.

## A CIG denuncia a Tegestacín de fraude polo desmantelamento das instalacións da láctea

A CIG informa que a empresa Tegestacín na súa factoría de Outeiro de Rei está "consumando a súa fraude" co desmantelamento total das instalacións. "Era unha noticia a voces dentro das industrias do sector e mesmo coñecido pola Xunta de Galiza que esta empresa ofertaba repostos e maquinaria a prezos de chatarra", explican.

Sen embargo afirman que, "nun paso máis adiante e no que supón seguramente o fin de calquera reversibilidade das instalacións para retomar a actividade no sector lácteo", están a desmantelarse os silos principais da factoría, esta operación xerou ademais moita expectación entre o veciñanza posto que

os xigantes silos de almacenamento de leite requiren a actuación de poderosos guindastres e plataformas especiais.

"Dende a CIG denunciámos publicamente esta actuación do entramado de empresas, actualmente a maioría en situación de pre-concurso de acredores, no que claramente é unha actuación deliberadamente fraudulenta e de fuxida e que se poñerá en coñecemento das autoridades competentes, nomeadamente da fiscalía, pois claramente persigue descapitalizar a empresa e deixar sen activos que poidan sufragar os importes dos salarios e indemnización impagadas ó persoal", engaden.

## Esta semana Santa volve o Máster de Fútbolín



Confirmada unha nova edición do Máster Nacional de Fútbolín de Rábade, que neste ano chega a viséximo terceira edición e celebrárase nas datas previstas para o mes de abril, concretamente o 14, 15 e 16, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

No torneo, que reparte uns 10.000 euros en premios, e participarán previsiblemente máis de 300 parellas e as inscricións custarán 25 euros por persoa, e pecharán o día 13 ás 14.00 horas.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase no pavillón do colexio, e nas cafeterías Papyrus e Os Castro.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá un total de 10.000 euros en premios. Os de movemento e en parado estarán dotados cun premio de 1.200 euros e trofeo. O resto de premios, ata un total de 28, oscilarán entre os 700 e os 25 euros.

Ademais os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular, o trofeo Concellería de Deportes para o mellor xogador, o trofeo Concello de Rábade para á mellor xogadora e o trofeo David García, para o mellor porteiro.

O mércores 13 de abril darase o pistoletazo de saída coa presentación do evento ás 12.00 horas e o sorteo de equipos ás 15.00 horas. E as competicións iniciaránse o xoves 14 a partir das 17.30 horas coa modalidade parellas cegas.

O venres 15 será o día adicado ás modalidades en parado e feminina e darán comezo ás 11.00 horas e ás 16.00 respectivamente.

O sábado 16 ás 10.00 horas será a quenda da de movemento e as finais xogaranse a partir das 21.00 horas para poder entregar os trofeos ás 23.00 horas.

# DEPORTES

## Begonte acolleu en marzo o I aberto do Castiñeiro de billarda

A incursión billardeira no Festival 27373 de música en galego, que anualmente se celebra no Club Fluvial de Begonte, foi o xerme que fixo agromar un novo equipo de billarda.

A Asociación cultural Castiñeiro Milenario presentou un equipo mixto que debutou oficialmente na tempada 2019-2020 e agora nunha nova tempada da liga regular, foron os anfitrións do I aberto do Castiñeiro. Xuntáronse en total 71 persoas que deron o mellor de sí nunha fermosa e apacible mañá dominical no campo de fútbol de Pacios que foi o lugar elixido para este primeiro aberto.

Aló vai xa máis de media tempada e semella que non hai un claro dominador. Os que comandan a clasificación están nun sube e baixa continuo. Xornada a xornada os dez ou doce primeiros intercámbianse os postos. Sirva como mostra que foron cinco xogadores

distintos os que nas sete xornadas que van disputadas se turnaron no alto da clasificación e todos teñen opcións de acadar o campionato.

O gañador do aberto foi Daniel (Billardeiros Musicais) con 23 puntos, segundo Regueiro (Troitas Bravas) con 22 puntos e terceiro Basilio con 21 puntos.

A categoría de donas, segue dominada polas tres mosqueteiras do NorLeste. Aroa, Irea e Geni, que se veñen alternando nas vitorias das xornadas. Esta vez tocoulle gañar a Irea por diante das outras dúas.

En infantis, os cativos de Madia Leva, Diego-Mateu, Mateu-Diego, (que tanto monta, monta tanto), xunto con Aroa, son os que arrincan os maiores aplausos dos xea-reiros, día a día nos sorprenden co seu dominio do xogo.

Por equipos dominaron Troitas Bravas, segundos Billardeiros Musicais e terceiros Carabullo, que maila todo siguen como primeiros.

## Volve a Copa Deputación de fútbol

O deputado de Deportes Efrén Castro presentou a XXXVIII Copa Deputación de Fútbol nas categorías sénior, na que participarán 76 equipos de Liga Galega 1ª e 2ª División Feminina, Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina.

A competición, que arrancará o 17 de maio, ofrece aos equipos a posibilidade de participaren nunha competición de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs xa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo concederá premios aos conxuntos participantes, en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 385 e 450 euros por eliminatoria xogada como visitante e 450 e 600 por eliminatoria xogada como local, segundo as categorías).

Efrén Castro sinalou que “o patrocinio desta competición responde ao compromiso da Vicepresidencia da Deputación co tecido deportivo, ao que se ofrece apoio económico con distintas liñas de



axuda e tamén oportunidades para competir e seguir formando aos xogadores e xogadoras” e lembrou que “ao longo do ano se celebran tamén competicións de ámbito provincial noutras disciplinas como o baloncesto, o atletismo ou piraguismo con ese mesmo obxectivo”.

O deputado de Deportes sinalou tamén “que a incidencia social dun deporte como o fútbol, que conta con moitas persoas afeccionadas, converte tamén esta competición nunha oportunidade para a dinamización das localidades que acollen os partidos”.

No acto de presentación, no que

participou o vicepresidente da Federación Galega de Fútbol Carlos Méndez e o delegado en Lugo Manolo Vilachá e que contou coa presenza de persoal directivo de medio cento de clubs, realizouse o sorteo para definir os emparellamentos nas distintas categorías, que se xogarán en seis xornadas.

A organización lembra que non se poderá cobrar entrada polo que o acceso aos encontros será libre.

Os cadros e horarios publicaranse que na web da Federación Galega de Fútbol ([www.futgal.es](http://www.futgal.es)) e poden consultarse os primeiros emparellamentos en [www.lugoxa.com](http://www.lugoxa.com)

## Obxectivo cumprido

Por Adrián Fernández

O Breogán conseguiu superar un mes de marzo moi duro con boa nota, e pese a que comezan a dar algún sintoma de cansazo acadaron o obxectivo de chegar ás 13 vitorias, número que máis ou menos críanse necesarias para a permanencia.

Volvía a competición despois do parón polas seleccións nacionais coa noticia da cesión por parte do Barcelona de Agustín Ubal, agardaba un mes con moitos partidos e moitos deles fora da casa, o primeiro en Badalona fronte o Joventut e dous días despois en Andorra. Tras xogala Copa o seguinte paso era conseguila permanencia o antes posible e así, se se pode, aspirar a algunha cousa máis; e para iso o equipo tiña que mellorar o seu xogo lonxe do Pazo. Os xogadores sabían e foron a por todas, o primeiro perderían na prórroga por 96-87, unha rotación máis longa por parte do Joventut fixo que chegaran con máis enerxía e levasen a vitoria; pero en Andorra foi distinto e cun gran Musa gañarían o partido por 79-86.

Coa moral alta recibíase o Bilbao na casa, pero esta vez saltaba a sorpresa e o Breogán perdía por 86-94, a

baixa de última hora de Kalinoski facía moito dano ao equipo, non só polo que aporta en anotación, se non tamén polas facilidades que lle da aos compañeiros atraendo ás defensas rivais, o que demostra a importancia deste xogador pese a non acaparar tantas miradas por parte do público e os medios.

Marchabamos fora outra vez con mal corpo pola derrota e dispostos a esquecerla pronto, e puidose notar nas ganas coas que saíron en Vitoria, moi enchufados ata o descanso, pero a segunda parte foi outra cousa e non puideron acadala vitoria, o final 89-84 e una sensación de esgotamento un pouco preocupante.

Sensación que quedaba patente tres días despois en Murcia, un encontro con certo aquel polo sucedido no Pazo na ida, no que o Breogán foi superado en todo momento polo físico dos xogadores do UCAM, non houbo moito partido e remataríamos con un contundente 91-72, malas noticias a tres días do gran derbi Galego. Si, chegaba Obradoiro ao Pazo disposto a aproveitala situación, pero na casa as cousas son distintas, a afección tira do equipo sempre e aínda que o partido foi declarado día do clube e os aboados tiveron

que pagar, algo que non sentou moi ben en parte da grada, o pavillón enchuse. Ambientazo coma sempre nestes partidos, moito ruído e expectación nun encontro intenso que puido caer de calquera lado, pero que ao final gañou o Breogán por 80-78, encontro soñado para Musa, 23 puntos coa canasta gañadora e o recibimento do MVP do mes de febreiro diante da afección.

Remataba marzo con mellor sabor de boca pero devolvendonos un pouco os pés a terra, algo que viña ven para afrontar un mes de abril decisivo que comezaba nin máis nin menos que enfrontándonos ante o Burgos de Paco Olmos. Partido de alta tensión, moitas gañas de vinganza na xente pola espantada do adestrador, asubíos e cánticos de todo tipo cando sonou o seu nome e algunha que outra vez chamárono peseteiro ao longo do encontro pero nada máis, o importante era a vitoria e conseguiu por 105-96, moitísimos puntos no que ata catro xogadores do Breogán chegaron a 20 de valoración, Bell-Haynes con 29, posiblemente o mellor partido do base ata o momento, Musa 27, Mahalbasic 21 e Sakho 20, xogador o que hai que recoñecerlle unha

melloría grandísima no seu xogo e rendemento.

Catro partidos máis neste mes, dous fora en Tenerife o 9 e ante o Real Madrid o 17, e dous na casa contra Manresa o 14 e Zaragoza o 23, chaves para ver qué posibilidades reais temos de loitar polo play off, soño polo que podemos loitar máis relaxados agora que temos a permanencia practicamente feita.

Con esta situación cómoda o clube semella estar xa a planear a próxima tempada iniciando os contactos para a renovación de Mrsic como adestrador do equipo.

Por último, e fora do ámbito deportivo, rematar outra vez cunha mala noticia a do falecemento dunha persoa moi importante no mundo do baloncesto como era Javier Imbroda, descanse en paz.

## Campaña Basket na Rúa

Co obxectivo de potenciar un ocio e un estilo de vida máis saudable, clave na prevención contra o consumo de drogas, o Concello de Lugo lanza a campaña Basket na Rúa coa que, en colaboración coa Fundación do Breogán, quere animar a participar á mocidade lucense, especialmente aos nenos e nenas de entre 10 e 18 anos de idade. Búscase potenciar mediante o deporte ao aire libre e dinámicas de xogos, accións que permitan a xente máis nova, e incluso as súas familias, divertirse promovendo afeccións e motivándoas para que

vaian adoptando hábitos sans que mellorarán a súa calidade de vida.

As actividades desenvolverase todos os sábados durante os meses de abril, maio e xuño na Praza da Milagrosa, na pista deportiva fronte ao CEIP Illa Verde no barrio de Fingoi e na pista do Sagrado Corazón.

Para participar, aínda que haberá limitación de prazas, que se irán cubrindo por orde de chegada, non é necesario a inscrición previa. Os sábados de abril estarán na Milagrosa, o de maior en Fingoi e os de xuño no Sagrado Corazón.

# “O triatlón agora mesmo é un deporte en pleno auxe”

Ana Valín López é secretaria e coordinadora do Triatlón Cidade de Lugo Fluvial

O triatlón é un deporte que implica a realización de tres disciplinas deportivas, natación ciclismo e carreira a pe. Realízanse en orde e sen interrupción entre unha proba e a seguinte. Na cidade amurallada o equipo que practica este deporte é Triatlón Cidade de Lugo Fluvial.

## Como naceu o club?

O equipo fundouse no ano 1988, o mesmo ano no que se disputa a primeira proba de triatlón en Galicia e recentemente chegado o triatlón ao panorama nacional. Sendo o primeiro equipo federado de triatlón de Lugo e un dos máis antigos de España.

## Como sobrevive un club destas características?

Con moito esforzo e traballo de todos os membros da directiva e traballadores, así como coa ilusión e dedicación dos nosos deportistas que son os que nos motivan a seguir loitando por eles.

## Que deportes ofrece?

Somos un equipo de triatlón, polo que os nosos tres deportes son a natación, ciclismo e carreira a pé e a súa combinación no triatlón e as súas diferentes modalidades e distancias (dúatlón, acuatlón, longa e media distancia...)

## Para que idades son as actividades?

No noso equipo contamos con nenos e nenas desde os 5 anos ata con adultos de 70 anos. O triatlón é un deporte que polas súas características pódese practicar en todas as idades.

## Como se presenta esta tempada?

Diría que se presenta con bastante incerteza, cando parece que estamos a saír da pandemia e volvendo a unha situación normal atopámonos cunha crise enerxética na que, como todos os sectores, vémonos afectados. A nivel deportivo tentaremos pelexar polas ligas Nacionais outro ano máis, así como polos Campionatos de España. O noso obxectivo é seguirmos mantendo no máis alto do triatlón nacional. Tamén, se a situación económica permítenolo, queremos volver pelexar no Campionato de Europa de clubs, ao que tivemos que renunciar o ano

pasado.

## Cales son os obxectivos a conseguir este ano?

O noso obxectivo principal é seguir manténdonos entre os clubs punteiros e de referencia do triatlón nacional. Desde que existe o equipo, estivemos todos os anos entre os tres primeiros clubs do ranking nacional e levamos gañando a liga Nacional de Clubs de Triatlón (na división máis alta) co equipo feminino seis anos consecutivos e en cinco deses anos fixemos dobrete gañando tamén a masculina. Así como estivemos presentes sempre nos podios dos diversos campionatos de España.

Afrontamos esta tempada como o fixemos con todas as anteriores, con moita ilusión e ganas. Cada vez estes resultados son máis difíciles de conseguir, así que nosa máxima é seguir loitando e pelexando para non ter que espertarnos deste soño

## Cales son os valores fundamentais do club?

O traballo, o esforzo e o compañeirismo. Grazas a estes ingredientes puidemos conseguir todos os logros que levamos ata o momento, e con isto presente seguiremos loitando ano tras ano.

## Que principios move aos deportistas?

Nós considerámonos unha gran familia, un grupo de amigos que nos xuntamos para competir. Iso é o que nos move a todos, o gran ambiente que se respira entre os deportistas, adestradores e membros do equipo.

Cando tes que ir competir facendo 2000 km, e compites sábado pola mañá, pola tarde e domingo, agluti-

nando 7 probas nunha fin de semana, o motor sempre son os propios compañeiros que están a loitar todos de xeito conxunto para lograr un obxectivo. Superar estas fins de semana tan duras só é posible se ademais disfrutas e convértese nunha fin de semana de competición con amigos.

## Cal é o maior logro do club?

Non nos poderíamos quedar cun só logro, pero entre o máis destacable podemos mencionar: seis anos consecutivos gañando a liga Nacional de Triatlón Feminina (desde que existe o formato); cinco dos últimos seis anos equipo masculino campión da liga Nacional de Triatlón; ser o único equipo en facer dobrete na Liga Nacional de Clubs de Triatlón; equipo campión de Europa junior e terceiro elite no 2017; incontables podios a nivel nacional desde que existe o equipo; numerosos podios en categorías menores a nivel nacional e máis de 12 anos consecutivos equipo campión galego de triatlón de categorías menores; entrar na Real Orde do Mérito Deportivo; numerosas medallas a nivel internacional e nacional, onde destaca a medalla de prata acadada por Javier Gómez Noya nos Xogos Olímpicos de Londres.

## Cal é o maior desafío ao que se enfrontou o club?

Ao longo da historia do equipo tivemos que enfrontarnos a varios momentos realmente complicados, pero o que máis, sen dúbida, foi o falecemento do anterior presidente.

## Como está a afrontar a situación que xera a covid 19? En que afectou?

Foi e está sendo unha situación moi



Deportistas do Triatlón Cidade de Lugo Fluvial, no podio

complicada que nos puxo ao límite como sociedade en todos os aspectos. En canto aos equipos deportivos sufrimos moito, por unha banda, atopabámonos coa tempada recentemente iniciada e cortouse a preparación e progresión de todos os deportistas, tanto aos menores, como aos adultos e os deportistas de alto nivel, manterse en forma e motivado foi algo moi difícil. Especialmente cando volveu a actividade deportiva, atopámonos con moitas situacións de incerteza en canto ás competicións, non sabíamos cales se ían a cancelar e cales se mantiñan, cambiaron os formatos... En canto a resultados a tempada 2020 para nós foi moi boa, facendo dobrete e gañando as dúas Ligas de Triatlón masculina e feminina, así como varios títulos de campións nos campionatos de España que puideron disputarse.

Na pasada tempada mellorou algo a situación, pero seguimos movéndonos coa incerteza, os cambios de formato, o medo para contaxiarse... Con todo, uns dos que máis sufriron a nivel deportivo foron as categorías menores, que viron suspendidas todas as súas competicións de 2020 e a penas tiveron probas en 2021. Con todo isto, manter a motivación e implicación dos nenos destas categorías fíxose moi duro.

## Cantos deportistas teñen?

Agora mesmo contamos con 230 deportistas, pero ao longo da tempada este número irá crescendo un pouco máis

## Que actividades realiza a maiores dos adestramentos e competicións?

Nós contamos cunha escola de menores con gran tradición que funciona todo o ano, ademais temos un grupo de adestramento de adultos e o equipo elite. Con todos asistimos a competicións de ámbito local, autonómico, nacional e internacional. Tamén facemos concentracións para preparar certas pro-

bas obxectivo, como a Copa do Rey e Raíña, o Cto de Europa de Clubs... Con obxectivo de promocionar o deporte entre os máis pequenos todos os anos temos unha escola de verán que funciona os meses de xullo e agosto. Seguindo coa idea de promocionar o deporte, previo covid, faciamos varias xornadas de portas abertas, charlas e mesmo actividades en colexios, con todo, son actividades que houbo que suspender e que, aínda que é complicado estamos a desexar recuperar (as xornadas de portas abertas retomámonas xa este ano). Todos os anos realizabamos unha cea fin de tempada para homenaxear a algún dos nosos deportistas, pero sobretudo para pechar unha tempada todos xuntos, coa situación do covid a última foi en 2019 para homenaxear ao noso deportista máis laureado, Javier Gómez Noya.

## Hai moita rivalidade na cidade?

Somos un deporte minoritario con todo o que iso conleva. Con todo, a nosa filosofía sempre é facer o noso traballo ben, o mellor posible dentro das nosas posibilidades, sen fixarnos nin condicionarnos polo que fan os demais.

## Existe demanda deste deporte?

O triatlón agora mesmo é un deporte en auxe, as licenzas e participación están a crecer moito nos últimos anos, especialmente a nivel nacional. É un deporte que se pode practicar desde idade moi temperá ata idade lonxeva. É sinónimo de saúde, xa que engloba tres deportes nun o que supón un adestramento global do corpo e unha mellora notable da condición física.

## Teñen pensado ampliar a oferta nas vindeiras tempadas?

Sempre estamos a pensar formas e maneiras de crecer e de promocionar unha vida saudable ligada ao deporte a cantas máis persoas mellor, así que, se está dentro das nosas posibilidades, seguro que aumentaremos a actividade deportiva.



# COLABORACIÓNS

## O docente, figura insubstituíble

### O PUPITRE



Julio Díaz

**O**s docentes son un pilar insubstituíble na educación por ser ademais de administradores de coñecementos, axentes que xeran profundos cambios nos seus alumnos/as. A función do docente, hoxe máis que nunca, é insubstituíble na aula. O seu labor consiste en motivar aos seus alumnos/as, orientarles, espertar neles unha cultura do esforzo, do traballo. Xuntos, docente e alumnos/as, deseñan, planean, descubren e emprenden co fin de avanzar e innovar. Os estudantes hoxe atópanse cunha gran cantidade de ferramentas, de información, de opcións e ante iso nós debemos ser capaces de motivarles a ser constantes, a aprender a seleccionar e a orientar os seus esforzos á vez que compartimos con eles os nosos coñecementos e as nosas experiencias.

A verdade é que, aínda que o confinamento pillounos a todos por sorpresa, e cando se decretou o peche dos centros educativos, os docentes soubemos adaptarnos e en moi poucos días fomos capaces de trasladar a actividade educativa das nosas aulas ás nosas casas, convertendo as nosas habitacións en espazos que irradiaban coñecementos e os nosos salóns en verdadeiros estudos de televisión, que nos permitiron facer un seguimento e un acompañamento educativo para que ningún dos nosos alumnos/as quedasen descolgados. Perseguímos por terra, mar e aire, todos os días da semana, sen horarios para que as desigualdades sociais non creasen brecha nos máis desprotegidos e desfavorecidos. Tivemos que adaptarnos de maneira exprés á aprendizaxe a distancia e manexar novas ferramentas dixitais, a maioría das veces sen a formación adecuada para iso, co hándicap de carecer das infraestruturas e medios necesarios e con verdadeiras dificultades para conseguilas, dada a situación de confinamento no que



nos atopábase.

Os docentes estivemos na primeira liña para garantir a continuidade dunha aprendizaxe de calidade cando os nosos centros estaban pechados e desempeñamos un papel cruce ao longo de toda a pandemia, aínda que para nós apenas houberse aplausos.

Desempeñamos un labor especialmente difícil nos últimos tempos e se algo positivo deixounos esta pandemia é que puxemos de manifesto o valor do docente nas nosas

aulas educativas e no conxunto da sociedade. Estivemos en primeira liña nos momentos máis difíciles, proporcionando coñecementos e sobre todo apoio socioemocional aos nosos alumnos cunha especial dedicación e agarimo cara aos máis vulnerables e con menos medios.

A pandemia de COVID-19 sacou á luz as debilidades e gretas do sistema e reclámanos certos aspectos que debemos reforzar e potenciar para poder alcanzar un sistema educativo que se adapte aos nosos alumnos/as e a unha sociedade moderna e cambiante, avanzando así cara a unha verdadeira educación do século XXI.


Outra importante lectura que debemos facer destes durísimos dous últimos anos é que a presencialidade na aula é vital para os nosos mozos, pero tamén que as novas tecnoloxías achégannos unha infinidade de vantaxes, oportunidades, recursos e medios. Ña miña opinión, sería temerario esquecer a experiencia vivida e desmontar os mecanismos, as pautas e as prácticas que orixinamos para manter unha edu-

cación de calidade en funcionamento máis aló da presencialidade, pero non esqueamos nunca que non se pode pensar nunha educación que non procura a proximidade, a mirada cómplice, o fortalecemento que produce ao neno e ao adolescente crecer e amarear coñecementos e destrezas, día a día, en compañía dos seus docentes. O valor da profesión docente é insubstituíble e non van a ser a tecnoloxía, as aulas virtuais, o ensino en liña, a realidade virtual, as videoconferencias, Zoom, Teams, Meet.. as que van salvar a educación despois de dous anos de profunda pandemia, senón os docentes que estamos ao pé do canón todos os días.

É moi difícil predicir o futuro, pero desde o meu punto de vista a presencialidade é irrenunciable na profesión docente, aínda que as novas tecnoloxías bríndannos multitude de vantaxes e oportunidades e sería moi positivo complementalos, permitiéndonos así crear un sistema máis completo e máis robusto, aproveitando o presencial e o en liña.

## Por ser un espazo de creatividade

### RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

**C**on anterioridade, xa comentei que para min Lugo, hai máis de 30 anos, era unha cidade escura, sinistra, triste. Tempo despois, descubrín outra realidade moi contraria á que coñecera. E ademais, fun descubríndoa pouco a pouco, coma se dunha caixa de sorpresas se tratase.

En primeiro lugar, descubrín o amor que había polo teatro nesta cidade, cando asistín a un curso do grupo Achádego, impartido na antiga sede do Clavi. Sempre gustoume o teatro, interpretar personaxes que teñen unha traxectoria vital moi diferente á miña. Mais nunca pensei que podería chegar a pisar por enriba dun escenario.

E chegou o momento, non para interpretar un papel dramático, senón para bailar unha especie de bachata con todo un bailarín,



deportista de alto nivel e, por suposto, lucense, Jandro Pallares Ferreiro, profesor da academia de baile Ritmo Lugo. Pero, non ían por aí as miñas "capacidades" máis óptimas, aínda que serviu para romper barreiras e borrar o medo escénico.

Non deixei de cultivar a miña afección ao teatro. Na actualidade estou co Hipócrita Teatro, preparando cousas e, como xa

dixen, abrironme as "portas". E tampouco, deixei de ser espectadora, como cando fun ver a performance feita polos mozos e mozas que fan teatro no campus universitario de Lugo, baixo a dirección de Paloma Lugilde, na que participaba unha amiga con diversidade funcional.

E se estamos a falar de improvisación e contacto directo con público, temos a asociación Curuxán, algunhas noites no ac-

tual Clavicémbalo.

Tamén quero facer unha breve lembranza a un grupo, representativo do teatro amador na nosa cidade, a agrupación teatral do HULA.

Lugo se está a converter nunha vila privilexiada para pasear, non só polos espazos verdes da contorna, senón por diversos murais e graffitis de artistas lucenses que fai recrearnos nunha gran mostra de creatividade. Sobresae un número un como Diego As. Sorprende, gratamente, camiñar pola rúa, sendo espectadora das diferentes mostras de arte urbá.

Pero hai outros pintores que queren reflectir o espírito da cidade, como Macía, quen, utilizando unha ampla gama de cores, transmite a esencia cotiá dun día chuvioso no centro da vila ou botando unha ollada, dende algunha ventá, á nosa Muralla bimilenaria.

Artísticos tamén son algúns escaparates, basta con baixar pola rúa San Pedro e ver como Isabel Somoza, empresaria, pro-

fesora e artista gravadora, fai auténticos deseños artísticos nos históricos almacéns da súa familia.

Se na pintura temos creadores, tamén os hai na narrativa, na aventura de contar contos, só hai que escoitar a Ana Carreira, contadora, escritora e actriz, ela representa un bó exemplo diso. E é que na literatura contamos con autores e autoras destacadas, incluso orixinarias doutra beira do Atlántico, coma Luz Darrriba que sempre quere darlle unha chiscadela á nosa conciencia ante calquera problemática social.

Tamén a escritura converteuse nunha gran afección para a veciñanza de Lugo, aparecendo varios obradoiros creativos. Aquí quero citar ao grupo Emcreativo, da asociación Alucem, baixo a batuta de Alejandro Robledillo, editor dalgunhas obras dos seus alumnos como Pablo Veiga ou Raquel Pardo.

Escribir, pintar, interpretar... darlle ás á nosa creatividade, iso tamén se pode facer en Lugo.

# A soberanía alimentaria. Unha necesidade real

## COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**S**en dúbida, estamos a vivir uns tempos convulsos, moi complexos e que albiscan un futuro inmediato impredecible e moi pouco propicio. A invasión de Ucraína por parte do exército ruso está a provocar morte e destrución, o típico nunha guerra destas características, onde unha potente maquinaria armamentística tenta neutralizar e dobregar a un pobo que non quere desta vez axeonllarse ante os seus atacantes. As imaxes que contemplamos

nos medios de comunicación nas últimas semanas falan por si soas. As consecuencias desta intervención militar a grande escala estámolas a observar desde o primeiro día, visualizadas sobre todo neses centos de miles de refuxiados que cruzaron as fronteiras en dirección á Europa Comunitaria, que esta vez está a respostar de forma inmediata e cun nivel de implicación admirable.

Pero un conflito como este tamén afecta ó conxunto dos países europeos, e non soamente pola marea de persoas que están chegando, senón polo impacto no conxunto da economía. Porque desas terras, tanto de Rusia como de Ucraína, que distan a

máis de tres mil quilómetros de aquí, ven o gas e tamén unha boa parte dos cereais que utilizamos para a elaboración dos panos que alimentan a nosa gandería. Estamos asistindo por unha banda a un auxe desmesurado dos prezos e pola outra certa escaseza –que pode ser incrementada– dalgúns produtos. E aí estamos atrapados, aflorando as nosas deficiencias, en concreto, cubrir as necesidades primarias, as de alimentación. Porque resulta que en Galicia e no conxunto de España non se produce o suficiente millo, cebada, aveia, centeo ou trigo para satisfacer a demanda real. Aquí preséntásenos unha enorme contradición que nos leva a preguntarnos se

acaso nosoutros, os galegos, non somos quen de, nas nosas agras, campos e chairas, producir todos eses cereais; acaso non se cultivaron sempre e con aceptable éxito de colleitas... Son cuestións que se plantexan de maneira retórica, porque semella evidente que a resposta é Si. Entón, chegamos ata o concepto co que titulamos este artigo: Soberanía alimentaria. Non é de recibo que teñamos que importar millo para o gando desde Ucraína ou desde América, cando aquí existen condicións favorables para o seu cultivo. E o mesmo poderíamos dicir do trigo ou centeo para a elaboración do pan, si, pan do País, o de toda a vida. Ata a produción de xirasol tería probabili-

dades de ser rendible. Atesouramos unhas capacidades que non se están aproveitando.

Igual temos que deixar a un lado esa teima obsesiva de encher o monte de eucaliptos, repensar en ordear o Noso Agro e planificar con algo máis de xeito de cara o futuro. O sector primario é quen produce os alimentos indispensables para a supervivencia humana, de aí a súa importancia, polo que non se pode concebir un país sen esta parte esencial da súa economía. Quizais sexa este un punto de inflexión para dar un xiro de cento oitenta graos e sermos quen de modificar certas tendencias que non levan por bo camiño. Pois a ver ...

## Música en palabras

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**O** teatro, que será esa maxia indescribible que o rodea? Esa forza que transcende o escenario? Imaxino que non sempre se produce ese efecto tan especial, ese “non-sei-que” que non se pode explicar, pero que, cando ocorre, é un bálsamo para a alma.

Hai unhas semanas asistín a unha conferencia sobre María Casares no Museo de Belas Artes da Coruña con motivo da celebración do centenario do nacemento da actriz. Durante a conferencia proxectouse un fragmento dunha gravación teatral onde participaba Casares. A obra en cuestión era “Yerma”, do gran Federico García Lorca; peza enmarcada dentro da chamada “triloxía lorquiana” xunto a “Bodas de Sangre” e “La casa de Bernarda Alba”. Dende o primeiro segundo desa gravación, sentín esa maxia estraña... Non podía parar de mirar a figura de María, esa muller dun metro sesenta que cando sae a escena transfórmasse nunha deusa, nunha auténtica forza da natureza que imprime un selo único e persoal a cada palabra, a cada frase. Casares e Lorca, un binomio dramático perfecto.

Pero, quen é esa muller da Coruña? Esa maravillosa actriz que namorou a espectadores de Francia e medio mundo? Triunfou no cinema e no teatro, tivo relacións con Albert Camus, quitou papeis a Marlene Die-

trich e está considerada un “monstro sacro” no país veciño. Con todo, case 25 anos despois da súa morte, a súa figura aínda non é de todo reivindicada en España.

Cando en 1981 María Casares (A Coruña, 1922- Alloué, Francia, 1996) se presentou en España para falar das súas memorias, o público nacional non tiña nin idea de que aquela muller madura de melena desaliñada e trazos de aguia, á que vagamente vinculaban cun político exiliado, era en Francia unha lenda viva do cinema e o teatro. Para empezar, resultaba impensable que unha gran actriz puidera expresarse con aquel fermosísimo acento galego que conservara intacto ao longo de medio século como quen garda un tesouro da súa infancia, que é o que realmente era...

Precisamente naquel libro de memorias, titulado “Residente privilegiada”, dedicaba á súa Galicia natal o espazo que merecía: falaba dunha infancia idílica entre A Coruña e Montrove, onde a familia alugaba o palacete “Villa Galicia” para pasar os veráns. A súa nai, Gloria Pérez Corrales, proviña dunha familia modesta, mentres que o seu pai, Santiago Casares Quiroga, lucía un lustroso “pedigree” político progresista. Coa chegada da Segunda República, Casares Quiroga foi requirido para diversas carteiras no novo goberno e a familia trasladouse a Madrid, o que supuxo o primeiro trauma na vida da nena Vitola (así chamaba o seu pai a María Vitoria Casares). Aínda que grazas á súa estada madrileña, puido coñecer a xente como Azaña, Largo Caballero, Lorca e Valle-Inclán, un legado

que debeu compensala sen lugar a dúbida.

O seu segundo trauma non tardaría en chegar. Cando a facción militar sublevada deu o golpe de estado que desencadeou a Guerra Civil española, o seu pai estaba á fronte do goberno republicano, así que tiveron que exiliarse a Francia. Só Esther, filla natural de Santiago Casares, permaneceu na Coruña, refén dos nacionais. María, seica interesada en facer valer a súa “españolidade”, atribuíu moitos dos seus logros vitais a un “donjuanismo” que compartía co seu pai. Esa pulsión sedutora que lle levaba a conquistar aos seus amigos, aos directores e autores teatrais, ao público do seu novo país, á propia lingua francesa. Cando chegou a París, María Casares tiña xa catorce anos e apenas sabía falala. Antes dos vinte estaba a facer primeiros papeis nos escenarios franceses e pola súa dicción ninguén diría que non nacesse na Touraine! De feito en 1942, convertíase en protagonista absoluta nunha montaxe dirixida por Marcel Herrand de “Deirdre of the Sorrows”, traxedia mitolóxica do irlandés John M. Synge pola que recibiu críticas entusiastas. Herrand quixo entón montar con ela “O Malentendido”, do escritor existencialista e futuro premio Nobel, Albert Camus.

Na pantalla debutou ao grande en 1944. Xunto co seu descubridor nos escenarios, Marcel Herrand, foi recrutada polo director de cinema Marcel Carné para o elenco de “Les enfants du Paradis”, superproducción escrita por Jacques Prévert que pola súa excelencia artística,

importancia histórica, duración desmesurada e tormentosa rodaxe (foi a última cinta nacional realizada baixo a ocupación nazi, e sufriu todas as restricións propias do momento) describiuse como un “Lo que el viento se llevó” francés. Inmediatamente despois traballou noutra película mítica, “Las damas del Bois de Boulogne”, a segunda longametraxe dun dos mellores directores da historia do cinema, Robert Bresson. Ademais, obtería outros dous éxitos cinematográficos: unha adaptación de “La cartuja de Parma” de Stendhal e o “Orfeo”

de Cocteau, onde volveu despregar o seu magnetismo convertida nada menos que na Morte.

A pesar daqueles inicios, e cunhas poucas excepcións, non se prodigou no cinema e a cambio preferiu centrarse no teatro. Alí o público reclamaba con avidez e a crítica adorábala. Interpretou todos os grandes papeis do teatro galo, do grego e do internacional. Gañou o premio Molière por encarnar a Hécuba. Fixo a Genet con Patrice Chéreau e danzou para Maurice Béjart, que dixo dela que facía o amor en escena.

Si, unha ARTISTA con maiúsculas.

## O RECUNCHO DE CANELINA



## DE RUTA EN RUTA

# Baralla: Ruta Baldraga

Ademais de ver fermosas paraxes, poderanse coñecer moitas especies emblemáticas da flora autóctona da provincia

**B**aralla é un municipio que pertence á comarca dos Ancares e abarca 30 parroquias. Ata finais da década de 1970 chamábase Neira de Jusá ou Neira do Rei. Conta cunha ruta de sendeirismo moi sinxela.

A ruta é circular e vai dende a praza do Concello pasando por Baldraga para volver ao punto de inicio conta cunha distancia de 2 quilómetros. Haberá que saír da praza, onde se pode ter aparcado o coche e onde hai sitios para comer e tomar algo antes ou despois de realizar a ruta. Dende a praza haberá que coller á pasando por diante do bar Vilarpunteiro para poder iniciar o paseo. Xa na estrada que leva a Gundían e Vilarpunteiro, seguirase sen abandonar aínda que se bifurque (en caso de dúbida collerase o ramal da dereita). Despois de pasar a última casa que se ve á dereita, aparece o cruce que leva a Constantín (durante este traxecto poderanse ver o pobo á esquerda e a 1 quilómetro está o seu muíño), e a uns 50 metros sen coller este cruce abandonase a estrada para tomar un camiño á dereita en subida. Ao rematar

a mesma hai unha bifurcación á esquerda que non se debe tomar.

O camiño continua atravesando hortas e ofrecendo unha bonita vista de Baralla e de Arroxo así como dos montes que rodean á vila coas súas masas de castiñeiros e carballos. Cando se leva andado sobre 1.100 metros aparecerá outra bifurcación onde se tomará o camiño da dereita que inicia a baixada que acaba xa nas rúas da vila para rematar pouco a pouco na praza do Concello.

Polo municipio móvense, entre outras moitas, especies tan emblemáticas como aguia culebrera, herreiro capuchino, falcón pelegrino, avión roquero, aguilucho cenizo, pito real, garza real, teixugo común, raposo, londra europea, marta, xabaril, gineta ou gato almizclero, desmán dos Pireneos, corzo, lobo, boga do Douro, anguía, lagartixa galega, etc. Polo que poderedes atopar calquera destes animais durante a ruta.



## DATOS



1 hora



2 km.

Dificultade  
baixa

## Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas



**CURSOS GRATUITOS para desempleados y activos en sector turismo**

**AVECUS**  
Río Narla, 48-50 Lugo  
Telf. 982 817 561 info@avecus.es  
www.avecus.es